



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 88

Sesión plenaria
24 de outubro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 38773 (10/POPX-000109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias do persoal sanitario, asociacións de doentes, sindicatos, plataformas sanitarias e colexios médicos referidas á deterioración e privatizacións da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

5.2 38774 (10/POPX-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego do grao de cumprimento das previsións do Plan MOVE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

5.3 38775 (10/POPX-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as medidas comprometidas polo Goberno galego no plan de choque contra os incendios forestais que foron realmente executadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 33384 (10/POP-003846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para atallar a situación de discriminación laboral por razón de sexo que se está a dar no servizo de limpeza da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

6.2 38107 (10/POP-004477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Tui-A Guarda, treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350)»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.3 38162 (10/POP-004488)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Nadela-Sarria. Desdobremento da VAP Nadela-Sarria»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.4 38757 (10/PUP-000195)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dignificar as condicións laborais do sector da elaboración dos produtos do mar, diante da situación actual da negociación do seu convenio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

6.5 35932 (10/POP-004244)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e oito deputados/as máis**

Sobre os trámites que debe seguir a Xunta de Galicia conxuntamente co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o cumprimento dos prazos establecidos para a execución do proxecto de construción do primeiro campus de formación profesional na cidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

6.6 38146 (10/POP-004484)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.7 37864 (10/POP-004439)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso da dotación á provincia de Lugo dun centro integral de referencia para as persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autismo, TEA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.8 33469 (10/POP-003862)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis**

Sobre os programas da Xunta de Galicia destinados a incrementar o consumo de leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

6.9 38724 (10/PUP-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar no sucesivo episodios como a vaga de lumes que asolou Galicia en outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

6.10 38759 (10/PUP-000196)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das modificacións introducidas na política forestal, en materia de prevención e extinción de incendios forestais, un ano despois da vaga de lumes de outubro de 2017 e tras o remate da Comisión especial de estudo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias do persoal sanitario, asociacións de doentes, sindicatos, plataformas sanitarias e colexios médicos referidas á deterioración e privatizacións da sanidade pública. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación que fai o Goberno galego do grao de cumprimento das previsións do Plan MOVE. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as medidas comprometidas polo Goberno galego no plan de choque contra os incendios forestais que foron realmente executadas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 21.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para atallar a situación de discriminación laboral por razón de sexo que se está a dar no servizo de limpeza da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 29.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 30.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 31.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 31.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Tui-A Guarda, treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350)». (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 35.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Estruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 36.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 37.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira Estruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 38.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Nadela-Sarria. Desdobramento da VAP Nadela-Sarria». (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 39.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Estruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 40.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 41.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Estruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 42.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dignificar as condicións laborais do sector da elaboración dos produtos do mar, diante da situación actual da negociación do seu convenio. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 43.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 45.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 47.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os trámites que debe seguir a Xunta de Galicia conxuntamente co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o cumprimento dos prazos establecidos para a execución do proxecto de construción do primeiro campus de formación profesional na cidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 48.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 50.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 51.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 52.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 53.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 54.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 56.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso da dotación da provincia de Lugo cun centro integral de referencia para as persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autismo, TEA. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 58.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 59.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 61.)

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os programas da Xunta de Galicia destinados a incrementar o consumo de leite. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 63.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 65.)

O señor presidente anuncia a acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta. (Páx. 65.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar no sucesivo episodios como a vaga de lumes que asolou Galicia en outubro de 2017. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D. Moisés Blanco Paradelo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das modificacións introducidas na política forestal, en materia de prevención e extinción de incendios forestais, un ano despois da vaga de lumes de outubro de 2017 e tras o remate da comisión especial de estudo ao respecto. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 66.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 69.)

Réplica dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 71.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 72.)

O señor presidente concédelle a palabra á señora Rodríguez Rumbo (S) por alusións. (Páx. 74.)

Declaración institucional

O señor presidente somete á consideración da Cámara unha declaración institucional, formulada polo conxunto dos grupos parlamentarios, en relación coa situación da empresa Alcoa. Logo da súa lectura, a declaración apróbase por asentimento. (Páx. 75.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación de Alcoa e as accións levadas a cabo polo Goberno galego en defensa dos empregos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 76.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 80.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 82.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 85.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 89.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 92.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.95.) Nesta rolda interveñen a Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 95.), o Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 96.), o Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 98.), o Sr Tellado Filgueira (P) (Páx. 100.) e o Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 102.)

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión. (*Murmurios.*)

Bos días outra vez.

Reiniciamos a sesión co punto 5º da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias do persoal sanitario, asociacións de doentes, sindicatos, plataformas sanitarias e colexios médicos referidas á deterioración e privatizacións da sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Case imos permitir que se vaian incorporando os deputados e deputadas.

Ben, pois moi bo día, señor Feijóo.

Se algo lle preocupa á cidadanía é a situación da sanidade pública, e vostede estase convertendo nun perigo para a saúde das persoas. A cuestión que motiva esta pregunta é a grave deterioración que se está producindo na atención primaria e, concretamente, a situación que viven os PAC no noso país.

A crúa realidade dos PAC vímola o pasado mes de agosto cando unha persoa falecía na Galiza de 2018 nun centro de urxencias no que non había ningún médico para atendela. E a súa falta de resposta, a súa fuxida para adiante, fai que hoxe teñamos o persoal dos PAC en folga.

¿Molestouse vostede en ler algunha das cartas abertas que publicaron? Permítame que lle lea: «A falta de persoal provoca que un só médico se teña que facer cargo do traballo para o que dous efectivos xa serían insuficientes. Os PAC están nunha situación de sálvese quen poida e o peor é que non se trata de nada puntual». Pero vostede en vez de recoñecer esta realidade prefere situarse nese cómodo papel de profeta da posverdade e dinos que a sanidade nunca estivo mellor, a pesar de que vostede recortou dous mil millóns de euros en atención primaria e recortou profesionais ao sistema público. Esta é a forma na que vostede entende a defensa da sanidade pública.

Xa o vemos estes días tamén con Povisa, ese exemplo de manual de portas xiratorias. E se non que llo pregunten á señora Rocío Mosquera, salta de Povisa á consellería, da consellería

salta a Galaria, e a persoa que estaba en Galaria salta a Povisa. Toda unha maraña de intereses espúrricos que están pagando profesionais e/ou doentes, señor Feijóo.

Nós o que lle pedimos é luz e taquígrafos con Povisa. Porque vostede é o responsable de que unha empresa privada estea chantaxeando a 149.000 usuarios e a 1.400 profesionais.

Señor Feijóo, outra política sanitaria é posible e basta con que rectifique, porque cando rectifica acerta. Acaba de deixalo claro con esa marcha atrás nesa falcatuada que querían cometer de deixar este país sen pediatras de atención primaria, (*Aplausos.*) poñendo en risco a saúde das persoas. (*Aplausos.*)

Cando rectifican acertan, e pedímoslle que rectifique tamén en todo o que ten que ver cos PAC, porque esa vai ser a mellor política que vostede pode facer en materia sanitaria.

Desde o BNG facémoslle tres propostas: primeiro, que escoite os profesionais dos PAC, que se están deixando a pel para manter a calidade asistencial dunha atención primaria que vostede tritura; en segundo lugar, acabe coa precariedade e dote dos medios humanos e técnicos necesarios todos e cada un dos PAC deste país con criterios obxectivos, con persoal suficiente e con criterios pactados; e, por último, en terceiro lugar, queremos un plan de mellora de atención primaria que se dote, como mínimo, con douscentos millóns de euros máis para o ano que vén.

Rectifique, señor Feijóo, porque rectificar é de sabios e vostede ten moito que rectificar en política sanitaria. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, señora Pontón, que me desculpe de inicio por comezar citando unha frase do debate recente do estado de Autonomía. Dixen: «facer que a xente crea que vive no peor dos mundos é o alimento da frustración, e a frustración é o alimento do populismo». Señora Pontón, lamento que vostede volva outra vez aquí cunha visión apocalíptica da sanidade de Galicia. Iso si, parece que a vostede lle gusta a frustración, porque así alimenta o seu propio populismo.

Non vou negar que en todos os sistemas sanitarios públicos de cobertura universal en Europa existen problemas, por suposto. Pero o que si someto á consideración de vostede é unha dobre comparación: dígame en que momento a sanidade pública en Galicia foi mellor e dígame en que lugar de España a sanidade pública é mellor. Esa dobre comparación é a que lle propoño.

Tamén nese debate do estado da Autonomía preguntei: «¿en que momento da historia de Galicia a sanidade pública foi mellor?» Ningún portavoz contestou, non porque a pregunta

fora difícil de contestar, senón, simplemente, porque a resposta é nunca. Nunca a sanidade pública foi mellor en Galicia do que é actualmente, *(Aplausos.)* a pesar de todos os inconvenientes. *(Aplausos.)*

Señoría, nunca antes sete de cada dez galegos viviamos nunha área sanitaria cun hospital novo ou renovado. Nunca antes en Galicia houbo menos espera para cirurxías xerais. Nunca antes en Galicia se fixo máis cirurxía maior ambulatoria. Nunca antes en Galicia se fixeron máis consultas externas. Nunca antes en Galicia se fixeron máis probas diagnósticas nos hospitais. Nunca antes en Galicia houbo unha Lei de garantía de prazos, trinta e tres mil seiscientos doentes se acolleron a esta lei —por certo, todos operados no ámbito do sector público—. Nunca antes, señoría, houbo vías rápidas para determinados cancros, dezasete mil beneficiarios no ano 2017. Señoría, nunca antes houbo tantos postos en hospitais de día, un 67 % máis, máis de mil cen postos en hospitais de día. Señoría, nunca antes se fixera tanto esforzo en investimento tecnolóxico, setenta e sete millóns de euros. Señoría, nunca antes en Galicia había consultas telefónicas para que unha persoa poida facer unha consulta ao seu médico de cabeceira, dous millóns e medio de consultas no ano 2017. Nunca antes en Galicia houbo un seguimento dende a intervención cirúrxica e a alta dun hospital ao centro de atención primaria, duascentas mil consultas no ano 2017. Por certo, nunca antes o 061 estivera mellor valorado.

Señoría, é certo que nunca antes o sistema sanitario público do noso país fora mellor; tamén é certo, señoría, que nunca houbo tantas mentiras como hai agora. Por exemplo, vostede participou —xunto co Partido Socialista, por suposto— na mentira masiva de que o hospital de Vigo era un hospital privado. Aínda non pediu desculpas nin o PSOE nin o BNG por enganar a todo Vigo.

Nunca antes, señoría, vostedes dixeron que faciamos o decreto de listas de espera para promover a privada. Resumo, trinta e dous mil seiscentas intervencións, todas nos hospitais públicos.

Señoría, nunca antes se contaran tantas mentiras no Parlamento. E o que é sorprendente é que vostede volva outra vez con outra, co tema de Povisa. É curioso, señoría, ¿vostede que ten algún problema co Bipartito anterior? ¡Pero se vostede xa formaba parte deste Parlamento! ¿É que vostede non sabe que os altos cargos do Bipartito viñan todos de Povisa? *(Murmurios.)* ¡Xa llo dixen no debate do estado de Autonomía! Dous directores xerais da Consellería de Sanidade eran directivos de Povisa. *(Murmurios.)* E agora resulta, señoría, que eses dous directores xerais están xestionando hospitais privados en Galicia. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, señora Pontón, deixe de contar mentiras e falemos da sanidade pública do noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, escoitándoo a vostede chegamos á conclusión de que os dous mil millóns de euros que lle recortou vostede á atención primaria lle sentaron de marabilla, que os recortes de profesionais son a mellor proposta para que as cousas melloren na sanidade pública, e que aquí non hai absolutamente ningún problema. De feito, a privatización do hospital de Vigo tampouco existe. É, desde logo, vostede o presidente profeta da posverdade e está claramente instalado en creerse as súas propias mentiras. *(Aplausos.)*

Mire, señor Feijóo, hoxe hai máis lista de espera que cando vostede chegou á Xunta de Galiza; e non llo digo eu, é que o din os datos do Instituto Galego de Estatística. O último barómetro do CIS o que nos di é que os galegos e galegas son dos que peor valoran o sistema sanitario, o terceiro pola cola á hora de valorar o sistema sanitario. E o último informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade di que a valoración da sanidade galega en canto á calidade cae, caemos do posto número oito ao posto número once.

E, claro, vén vostede tamén aquí dicir que os profesionais da sanidade menten; e, en concreto, que os profesionais dos PAC, que están hoxe aquí seguindo este debate, tamén menten nos seus comunicados e no que nos están trasladando a todos os grupos. Permítame que lle lea unha parte do último comunicado que enviaron, un comunicado no que están denunciando que vostedes están incumprindo os servizos mínimos indispensables que marcan nos PAC, que non son capaces nin tan sequera de cubrilos. Na semana pasada quedaron sen cubrir en Moaña, en Cangas, na Guarda, na Parda, na Coruña e en Cambados. Establecen uns servizos mínimos e non son, nin tan sequera, capaces de cubrilos.

¿Sabe o que lle din a vostede os traballadores e traballadoras do Sergas?: «O Sergas non pon solucións reais ante esta falta de coberturas. O que fai é limitar a solicitude de vacacións, denegar permisos, obrigar a golpe de burofax, chamar dun momento a outro para as ausencias imprevistas ou inventarse novas formas de contrato máis precarias obrigando a estar á disposición do Sergas, sobrecargando máis o persoal e limitando as posibilidades de conciliación laboral e familiar.»

Na atención primaria o persoal reduciuse de forma moi significativa, atendendo o mesmo número de poboación con moito menos persoal, e, ao mesmo tempo, ese persoal ve día a día aumentadas as súas funcións. É necesario que a Administración escoite as demandas do colectivo dos PAC, unhas demandas moi básicas —din—, piden «unha equiparación nas condicións ao resto do persoal sanitario do Sergas e crear plans de continxencias que aseguren a cobertura nunhas condicións dignas do persoal».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señor presidente. Só medio minuto.

Vostede ten sobre a mesa unha folga do persoal dos PAC e vén aquí única e exclusivamente para facer de oposición da oposición. Están aquí os traballadores, ¿vai vostede reunirse ao saír deste hemiciclo e realmente escoitar o que están plantexando?

E por último, señor Feijóo, o problema con Povisa terao vostede, que é o seu goberno quen utiliza as portas xiratorias. E é o seu goberno quen nos dirá por que razón planificou a área sanitaria de Vigo para seguir mantendo un concerto co que unha empresa fai grandes beneficios. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Polo tanto, seriedade e rigor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: E responda por unha vez ás preguntas, respecte a este Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e non veña aquí...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...facer de oposición da oposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Equivócase de goberno, señora Pontón. Foi o seu goberno o que non fixo nada na área sanitaria de Vigo durante catro anos. *(Aplausos.)* Nin sequera un proxecto construtivo. *(Aplausos.)* Nin sequera un metro cadrado de expropiación. *(Aplausos.)* Vostedes en catro anos non fixeron nada na área sanitaria de Vigo. E nós en plena crise económica fixemos o mellor hospital público que se fixo en España. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza entre vostedes e nós. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, eu xa sei... Coñecemos en Galicia a todo o mundo —como vostede se pode imaxinar—, as asociacións que vostede me refire, os comunicados aos que vostede se refire. Pero, claro, cando miramos quen está detrás das federacións, das asociacións e das portavocías de cada un deles, pois encontrámonos o de sempre: cargos asistenciais do Goberno bipartito. *(Murmurios.)* Si, si; si, si. A portavoz dun deles é nada máis e nada menos o membro da coordinadora xeral de En Marea en Pontevedra. E outro dos que fala, o director asistencial dun hospital nun momento do Bipartito. *(Murmurios.)*

Pero, señora Pontón, ¿a quen quere vostede enganar? Se estaba chea de altos cargos do Bipartito cando xestionaban a sanidade, e os traballadores deben de saber que cando o Bipartito xestionaba a sanidade os concertados, o diñeiro que pagabamos os galegos en concertados,

incrementara un 44 %, (*Murmurios.*) e agora o diñeiro que pagamos en concertados baixou un 4 %. (*Murmurios.*) Señora Pontón, ¿por que engana os traballadores de forma continuada?

Señora Pontón, fixemos en plena crise económica máis de seis mil prazas en ofertas públicas de emprego, máis de seis mil na sanidade. Agora temos cinco mil prazas asinadas coas organizacións sindicais. O conselleiro acaba de dicir que neste ano 2018 volveremos sacar outra oferta pública de emprego.

Acabamos de asinar con todos os sindicatos, salvo un, a carreira profesional, e iso significa que todo o mundo, incluídos os dos PAC, incrementarán as súas retribucións —ademais do 9 % do conxunto dos empregados públicos— un 6 % máis, un 15 % máis nas retribucións. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, estamos falando con todos os traballadores, por suposto, con todos os traballadores estean ou non estean de acordo con determinados principios organizativos, e cos dos PAC estamos falando e seguiremos falando, señora Pontón, non teña vostede ningunha dúbida. Vostede intente non manipular os traballadores dos PAC e non vir aquí como un enlace sindical, senón como unha representante de todos os galegos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora Pontón, si, dedíquese vostede a defender a sanidade pública de Galicia e non a denigrar a sanidade pública de Galicia, dedíquese a iso. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, cando nós chegamos á Xunta non había un só cribado do cancro de colon. A min interésame iso. Cando chegamos á Xunta non había ningún cribado do cancro de cérvix uterino. A nós interésanos iso. Cando chegamos á Xunta as resonancias nucleares magnéticas e os mamógrafos estaban obsoletos. Había algún acelerador que non cumpría as súas funcións, e vostedes xestionaron Galicia con máis diñeiro que nunca e deixaron aceleradores lineais que non cumprían a función de radiación dos tecidos dos enfermos de cancro. E o que tivemos que facer é repoñer eses aceleradores lineais.

Señora Pontón, mire, a verdade é que non importa o que vostede diga, nin sequera o que diga eu, a verdade escríbese nos orzamentos: 3.985 millóns de euros o orzamento da sanidade pública de 2019; catro mil millóns de euros, señoría. Pero ademais séguese escribindo. Mire, señoría, dez millóns de euros para o hospital de Ferrol, doce millóns de euros para o novo hospital en Pontevedra, doce millóns de euros para centros de saúde, e levamos construídos cincuenta e imos facer vinte máis. Un millón e medio para a facultade de Medicina en Santiago, un millón e medio para seguir traballando no Hospital da Barbanza. Seguiremos ampliando o Hospital da Mariña. Seguiremos e finalizamos a obra do Hospital do Salnés. Seguiremos construíndo un novo hospital en Ourense. Seguiremos facendo no barrio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...da Residencia en Lugo un centro sanitario.

Señora Pontón, con todos os respectos, o que diga vostede sobre a sanidade pública terá todo o respecto do mundo, o que me interesa é o que opinan os galegos. Unha vez máis volve ma-

nipular a enquisa do CIS; a enquisa do CIS di que nunca dende que hai enquisas, dende o ano 2002, se valorara a sanidade pública como se valora agora. Nunca os galegos valoraron mellor a sanidade pública.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso non o di vostede nin o digo eu, iso dino os galegos, aos que me debo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación que fai o Goberno galego do grao de cumprimento das previsións do Plan MOVE

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

Galicia, todos o sabemos, é un país pequeno, tamén en poboación, ten un hábitat desconcentrado, disperso, por tanto a mobilidade é unha necesidade colectiva para pesar máis, para gañar escala, pero tamén é unha necesidade de moitas familias, de moitos cidadáns, para mellorar o seu benestar e de moitas empresas para gañar competitividade.

Vostede promoveu o Plan MOVE aprobado en novembro do ano 2010, a data eu creo que ten importancia, porque aínda hoxe está colgado na páxina *web* da consellería correspondente.

Voulle dar un dato. A licitación de infraestruturas, de estradas entre 2011 e 2017 foi de catrocentos vinte e cinco millóns de euros pola súa administración. O Plan MOVE prevía para o período 2011-2015 dous mil seiscientos millóns en licitación de estradas, despois tiña outras categorías.

Con moita xenerosidade podemos dicir que foi executado, tendo en conta que había algunhas obras xa iniciadas naquel momento, entre o 25 % e o 30 % do plan, podemos ser xenerosos e dicir que foi aproximadamente isto.

Vostedes que levan presumindo dunha situación financeira única no conxunto das comunidades autónomas españolas, ¿non ven o que queda por facer en proxectos con rendibilidade social suficiente como para avanzar un pouco máis e de forma máis decidida do que o están facendo? Porque se así fose, ¿por que non facelo desa maneira?, ¿por que non acometelo con rapidez?

O Plan MOVE tiña varios criterios que a nós nos parecen correctos. Un dos criterios era que máis do 80 % da poboación se situase a menos de dez minutos dunha vía de altas prestacións. ¿Cal é a porcentaxe que cumpren estas condicións hoxe?

Tamén tiña outro criterio que a nós nos parece fundamental, que é destinar un 3 % do custo das infraestruturas a mantemento, en sentido amplo. E prevía arredor de noventa millóns

de euros por ano. As últimas cifras que coñecemos, do ano 2017 falan de trinta e tantos millóns, un pouco máis dun terzo do que estaba previsto. Non sei se isto a vostede lle parece que garante o mantemento adecuado das infraestruturas.

E tiña un terceiro criterio, que era flexibilizar o sistema de peaxes para que deixe de ser a peaxe unha barreira que dificulte a mobilidade das persoas en Galicia. E prevía destinar un pouco máis de catro millóns de euros cada ano. E vostedes o ano 2017 destinaron medio millón de euros nas autopistas galegas para esta cuestión.

Ten que explicarlles aos cidadáns por que prometeu que no ano 2015 —está aí, no Plan MOVE— se podería ir por unha vía de altas prestacións da Coruña a Cee, da Estrada a Santiago de Compostela, de Tui á Garda, de Ferrol ao Barqueiro ou de Nabela a Sarria nunha vía dobre e aínda hoxe estamos moi lonxe diso. Ou por que no ano 2017, que xa pasou, poderíamos ir de Ferrol a San Cibrán ou de Chantada a Lalín por unha autovía e hoxe estamos moi lonxe diso. E así, sucesivamente, podemos ir incorporando outras infraestruturas que faltan e non hai trazas.

Vostede o que nos propón para o ano que vén nos orzamentos que están xa rexistrados neste Parlamento é reducir a cantidade que se vai destinar á construción de novas infraestruturas de estradas. E nós o que lle propoñemos, polo contrario, é mobilizar todos os recursos posibles, todos os posibles, para adiantar un ano a consecución das previsións do Plan MOVE que hoxe están moi atrasadas e gañar en mobilidade, en calidade de vida, por tanto, e en competitividade para as empresas no conxunto de Galicia. Nós cremos que é posible e cremos que debería comprometerse a isto, señor presidente.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, celebrou que lle guste o Plan MOVE, imos falar da súa execución, se lle parece.

Efectivamente, ao pouco de chegar ao goberno en setembro do ano 2009 —por certo, daquela recordarán vostedes que dicíamos que estabamos nunha España na que non había ningún tipo de crise económica, senón unha pequena desaceleración— presentamos un plan de mobilidade que era unha visión estratéxica do que queríamos facer no país. Certamente era un plan ambicioso.

Primeira conclusión: non podemos cumprilo, hai que recoñecelo. ¿E por que non o cumprimos? Señoría, vostede sabe moi ben por que non o cumprimos. En primeiro lugar, porque os presupostos da Xunta estaban absolutamente pintado; en segundo lugar, porque estabamos na maior crise económica que recordamos nas últimas décadas; e, en terceiro lugar, se lle parece, porque vostedes deixaron sementada de débedas a Xunta de Galicia, e moi especialmente no ámbito das infraestruturas. Deixaron todo sen pagar. Todas as autovías as fi-

xeron vostedes sen pagar e deixaron a deber máis de mil millóns de euros en concesión que estamos pagando ano a ano, tras ano e tras ano e tras ano.

¿Por que non me fala vostede diso, señor Leiceaga? Imaxínese o que podíamos facer con mil millóns de euros que deixaron a deber de todas as autovías que vostedes desdobraron. Deixáronnos, ademais, novecentos millóns a deber nas xestures. Imaxínese que podíamos facer entre os mil millóns de débeda que deixaron nas concesións máis os novecentos millóns que deixaron nas xestures. Ademais, deixáronnos 2.175 millóns de euros das liquidacións negativas que estamos pagando á Administración do Estado ano a ano.

¿Señoría, sabe o que vostedes deixaron no ámbito das infraestruturas e as liquidacións negativas sen pagar? Cinco mil millóns de euros. ¿Sabe canto levamos pagado durante estes anos? Dous mil setecentos millóns de euros. ¿Sabe o que suporía ter dous mil setecentos millóns de euros en infraestruturas? Que nos daría tempo de facer o Plan MOVE na súa totalidade e a estar agora co segundo Plan MOVE de infraestruturas de Galicia.

Señor Leiceaga, creo que os galegos teñen dereito a saber todo isto. Si, señoría. En todo caso, voulle dar unha boa noticia. O 80 % dos galegos a día de hoxe, o 80 %, vivimos a menos de quince minutos dunha autovía ou dunha vía de alta capacidade. Creo que é unha boa noticia. E creo, ademais, señoría, que vostede omite unha cuestión: nós modificamos o Plan MOVE inmediatamente que nos demos conta do burato do ano 2008, xa deixaron burato no ano 2008. Cando o Ministerio de Facenda socialista nos comunica o burato do ano 2008, sumámoslle o do ano 2009 e presentamos inmediatamente a modificación do Plan MOVE.

Vostede le a prensa igual que eu. Voulle ler un titular de *El Faro de Vigo*, de data 11 de setembro do ano 2010: «*La Xunta reprograma su planificación de obras públicas por las restricciones presupuestarias*».

Señor Leiceaga, voulle dar outro dato que a vostede seguro que lle interesa. A pesar de todo isto incrementamos un 67 % o número de quilómetros en vías de alta capacidade. Se o 80 % dos galegos vivimos a menos de quince minutos dunha autovía ou vía de alta capacidade, e durante os anos da crise económica incrementamos un 67 % o número de quilómetros de autovías e vías de alta capacidade, e aínda así pagamos dous mil setecentos millóns de euros das débedas que vostedes nos deixaron basicamente en materia de infraestruturas, ¿non lle parece que os galegos fixemos un gran esforzo en materia de infraestruturas? Eu creo que si, señor Leiceaga. (*Aplausos.*)

Pero debería vostede, señoría, falarnos das infraestruturas que temos en marcha, pero seguro que non lle deu tempo a vostede e a min tampouco...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pero creo que non é un mal plantexamento finalizar o corredor do Morrazo, iniciar o desdoblamento da autovía entre Nadela e Sarria, seguir nas expropiacións entre Brion e Noia... Por certo, vostede que é de

Noia, corenta e cinco millóns de euros foi a conexión para por primeira vez ter unha ponte que comunica as dúas beiras do mar. ¿Por que vostedes non fixeron nin un só quilómetro ao respecto?

Señor Leiceaga, con todos os respectos, estou de acordo con vostede, non fomos capaces de executar o Plan MOVE, por iso o modificamos, e a pesar diso hoxe temos o 80 % da poboación galega a menos de quince minutos dunha autovía.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, á parte desas contas —digamos de Antoñita la Fantástica—, digamos que escudarse na crise como vostede fai para dicir que non cumpriron o Plan MOVE é contar unha falsidade. O Plan MOVE inicial efectivamente foi axustado, pero estou falando do que foi aprobado en novembro do ano 2010, *(Aplausos.)* levaban vostedes ano e medio gobernando, xa coñecían todo isto. É máis, no Plan MOVE sublíñase no seu inicio: «É necesaria unha nova planificación para adaptalo ás disponibilidades orzamentarias para os vindeiros anos e optimizar os recursos económicos que se destinen a este tipo de infraestruturas». Iso dicíao o conselleiro que presentaba o Plan MOVE no propio plan nese momento. Vostede coñecía todo e, sen embargo, prometeu, en dez minutos, o 80 % da poboación para o ano 2015. E vostede hoxe mesmo recoñece que non cumpriu isto no ano dous mil —case— dezanove.

Por tanto, algo hai que fixeron mal; ou ben era pura propaganda —seguramente é así— ou ben o conselleiro foi moito máis alá do que estaba previsto e ao mellor por iso hoxe está noutras tarefas.

Pero permítame outra reflexión. Falamos das peaxes. Temos todos bastante traballado que hai que reducir peaxes en zonas metropolitanas. O Plan MOVE dicía isto mesmo. Había que reducir as peaxes nas autovías que xestionaba a Xunta de Galicia entre A Coruña e Carballo e entre Vigo e Baiona. ¿Sabe canto pagan hoxe por mes os galegos que utilizan eses traxectos? Exactamente o mesmo do que no momento en que se aprobou o Plan MOVE dicía nese plan que era excesivo, que era disuasorio e comprometía as familias. Exactamente o mesmo hoxe.

Por iso eu o que lle propono é que despois desa xestión que, dando a volta completamente en dez anos, nos leve ao mesmo sitio de onde se partía en termos de peaxes, que vostede e nós cheguemos a un acordo e, de forma rápida, no orzamento do ano que vén, que hai recursos —se quere dígolle de onde podemos sacalos—, reduza un 20 % esas peaxes de forma lineal para cumprir o que estaba previsto no Plan MOVE no ano 2010 e a continuación fagamos un estudo para homoxeneizar as peaxes, porque, por exemplo, os veciños de Nigrán pagan moito máis por ir de Nigrán a Baiona do que é razoable de acordo co conxunto das peaxes das autovías. Homoxeneicemos as peaxes e traballemos para liberar nas áreas metropolitanas esa carga.

Adiantemos as infraestruturas un ano e liberemos as peaxes progresivamente, empezando por esa rebaixa do 20 %. Iso é o que lle proponho, señor Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Di o señor Leiceaga que lle molesta falar das contas, di que Antoñita la Fantástica. Non, non, Antoñita la Fantástica non, é que tivemos que pagar mil setenta millóns de euros, máis outros sesenta que metemos neste presuposto, é dicir, mil cen millóns de euros do burato das contas do ano 2008 e do ano 2009. ¿Parécelle que iso é unha Antoñita la Fantástica? ¿Parécelle a vostede que é unha Antoñita la Fantástica que todas as autovías do Bipartito se deixaran en peaxe na sombra? Máis de mil millóns de euros, e que levamos pagados case catrocentos millóns de euros cada ano das autovías que vostedes fixeron e non pagaron. ¿Parécelle Antoñita La Fantástica deixar un burato de novecentos millóns de euros nas xestures?

Por certo, falando de peaxes, ¿por que non di vostede que as autoestradas de titularidade da Xunta teñen a peaxe máis barata de España? E agora que resulta que falamos da peaxe, vostedes que agora xestionan a Autoestrada do Atlántico, ¿de que peaxe me está falando, señor Leiceaga?, ¿da autoestrada competencia do Goberno central?, sexa o que sexa o goberno que estea en cada momento. Eu sempre falei diso, vostede agora xa non.

Falando da peaxe da Autoestrada do Atlántico, ¿sabe canto diñeiro deixaron vostedes?, sete millóns de euros de pago por parte dos galegos ata o ano 2048, subvencións da peaxe dunha autoestrada do Estado. ¿Sabe o que conseguimos nós? A condonación de catrocentos millóns de euros *(Aplausos.)* de presuposto da Xunta de Galicia.

Señor Leiceaga, ¿de que se nos acusa? Acúsasenos de que cando chegamos ao goberno había un 54 % de galegos con cobertura a Internet e en consecuencia máis do corenta e pico por cento sen cobertura. ¿Sabe como se chama iso? Infraestruturas tecnolóxicas. ¿Sabe o que conseguimos? Que o 98 % dos galegos teñan cobertura de Internet, máis de catrocentos millóns de euros investidos. ¿Sabe o que significa facer hospitais públicos, amplialos, renovalos? Setecentos millóns de euros en infraestruturas sanitarias.

Señor Leiceaga, claro que priorizamos os servizos públicos, os servizos públicos sanitarios, os servizos públicos educativos, os servizos públicos sociais, as tecnoloxías e as infraestruturas tecnolóxicas e, por suposto, as infraestruturas viarias.

O corredor do Morrazo imos finalizalo nos próximos meses, antes da metade do ano 2019. Como lle dicía, licitamos as obras no segundo semestre do 2019 de Nadela a Sarria, pero é que tivemos que pagar entre Sarria e Monforte.

Señoría, entre Brión e Noia pagamos todas as infraestruturas conectadas, incluso coa ponte. E estamos na primeira fase do desdoblamento redactando o proxecto.

Autovía da Costa da Morte, ¿por que non me fala diso, señor Leiceaga? Cero quilómetros cando chegamos. Fixemos unha autovía da Costa da Morte, temos que seguir esa autovía. Nós fixemos vinte e sete quilómetros, vostedes cero. Claro que hai unha gran diferenza, entre vinte e sete e cero hai unha diferenza fundamental, señor Leiceaga. Pero déixolle aquí a listaxe de estradas que fixemos dende que chegamos á Xunta. En autovías e vías de alta capacidade, douscentos oito quilómetros, isto é un 67 % máis do que había en Galicia cando chegamos ao goberno. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, na vía do norte investimos máis de noventa millóns de euros. Xa sei que case non se ven, pero tanto a circunvalación de Ortigueira como o tramo na provincia de Lugo nos custaron noventa e oito millóns de euros. Por certo, o dobre do que custou...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o desdoblamento do corredor do Morrazo. Pero imos seguir axeitando estradas en Ferrol.

E, por certo, propoñémoslle ao Partido Socialista en Viveiro —supoño que vostede a apoiará— facer unha ponte para traspasar a ría, son máis de cen millóns de euros. ¿Están votedes de acordo, por fin? Presentamos cinco proxectos para a circunvalación. Agora é unha ponte. ¿Vannos deixar facer a ponte ou non?

Señor Leiceaga, con todos os respectos, queremos facer a vía Ártabra na Coruña, ¿vannos deixar conectar coa autoestrada ou non nos van deixar conectar coa autoestrada?

Señor Leiceaga, pagamos o que vostedes deixaron a deber e hoxe hai un 66 % máis de...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de quilómetros de vías de alta capacidade do que había cando chegamos ao goberno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as medidas comprometidas polo Goberno galego no plan de choque contra os incendios forestais que foron realmente executadas

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, coincidindo co debate sobre o estado da nación cumpríuse un ano da vaga de lumes que asolou Galicia o mes de outubro de 2017. Vostede aproveitando esa data dixo —despois de que os seus conselleiros fixesen en días anteriores unha serie de anuncios de que vinte e dúas das trinta medidas que vostede anunciaba no Parlamento en novembro do 2017 xa estaban cumpridas— explicitamente que antes de finalizar o ano se cumprirían

vinte e oito das trinta medidas que vostede propuxo nesta cámara. Por iso lle queríamos preguntar por esas medidas que están cumpridas e aquelas que aínda non se cumpriron.

Hai un ano, con ocasión dese domingo negro desa vaga de lumes, quedou ao descuberto unha realidade, a realidade de que o Goberno da Xunta de Galicia estivese en folga, nunha folga de brazos caídos durante nove anos onde se despreocuparon completamente non soamente pola política forestal, senón —en xeral— pola política territorial, o cal deu lugar a facer de Galicia un gran eucaliptal, perigoso para a poboación, e para a poboación non soamente do medio rural, senón do conxunto do territorio, por iso chegou a arder o centro da cidade de Vigo.

Foron vostedes tamén responsables, a consecuencia desta folga de brazos caídos, da falta de coordinación dos medios dispoñibles, dos servizos de emerxencias, dos servizos de extinción de incendios forestais. E por non facer, non tiveron nin a capacidade —debido a esa folga de brazos caídos, coa que continuaron durante todo este ano— de coordinar os labores de restauración ambiental e as axudas aos concellos para que chegasen en tempo real, non soamente para a recuperación do medio, senón tamén para a recuperación socioeconómica das zonas máis danadas.

Con este monte queimouse para sempre, tamén, a súa imaxe de bo xestor dos intereses de Galicia realizada e construída artificialmente con cartos públicos. E, desde logo, o que quedou de manifesto aquela noite, e nas xornadas posteriores, é que fronte á súa incapacidade de responder ante unha emerxencia si que a xente, coas súas propias mans, foi quen de saír a defender o ben común.

Un recoñecemento explícito deste fracaso foi que vostede tivo que vir a esta cámara a anunciar trinta medidas para atallar esa situación; trinta medidas que xa naquel momento nós denunciabamos, dende En Marea, que moitas delas eran simple enunciado de lei vixente, o cal era un pouco estraño. Anunciar como novidade algo que era unha simple lei, pois deixaba moito que pensar do que estivese facendo o Goberno ata ese momento.

Estoume referindo, a título enunciativo, a que trece desas trinta medidas eran repetición de leis vixentes: a actuación en parcelas de titular descoñecido, a incorporación ao Banco de Terras, ou no mesmo sentido pois montes en estado de abandono, as faixas de protección arredor de estacións eléctricas, a xestión de biomasa e de vivendas illadas, os requisitos para facer plantacións a menos de cincuenta metros dos núcleos, as campañas de difusión da prevención e sensibilización escolar, o impulso aos plans de ordenación de dezanove distritos forestais, as axudas para que todos os montes dispoñan de instrumentos de ordenación, a participación dos grupos parlamentarios na redacción do plan forestal ou continuar coa reestruturación parcelaria.

Todo isto é lei vixente. Vostede se aquí atopa calquera novidade, fáganola saber na quenda de réplica e podereille explicar en que lei e en que artigo estaban xa enunciadas antes de que para vostede fose unha novidade. Polo tanto, o primeiro que habería que celebrar daquela que era, ¿que vostede anunciou que por fin a Xunta de Galicia ía cumprir a lei? E logo, ¿que estaban facendo ata ese momento? Folga de brazos caídos incumprindo a norma.

Anunciou vostede un segundo grupo de medidas que si que eran novidasas, cítoas someramente: a plataforma tecnolóxica para coñecer o grao de protección de cada monte. Mire, ¿onde está esa plataforma? Os ouvintes que nos están escoitando agora, ¿onde poden consultala?

Mire, anunciou vostede a creación de equipos forestais de investigación para apoiar a Policía, a Garda Civil nas pescudas sobre a orixe dos lumes, ¿creáronse? Non, non se crearon. Pero o peor de todo isto foi que con ocasión dos orzamentos do ano pasado En Marea presentou unha emenda para dotar orzamentariamente esta creación e o PP votou en contra.

Tamén anunciaron a medida vinte e sete: os equipos de vixilancia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...de incumprimento para supervisar que se leven a cabo as medidas de prevención. ¿Creáronas ? Non.

Medida vinte e oito: rexistro de investigación de incendios con información á disposición dos equipos, ¿creáronos? Non.

Medida vinte e nove: rede de vixilancia forestal a través de cámaras de vídeo instaladas en lugares estratéxicos, despois de pechar decenas de casetas forestais, ¿creáronas? Non.

Mire, desta volta a pregunta é moi clara e moi concreta para que non poida escapar dela. Enumere cales desas medidas, das trinta medidas que anunciou o ano pasado, non se cumpriron aínda. Enuméreas. E enumere que dúas medidas desas trinta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...vai deixar vostede sen cumprir antes de final deste ano. Non se líe e non faga escapismo, a pregunta é clara, só enumere as medidas.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por fin, señor Villares, faime vostede unha pregunta que coincide co enunciado, é a primeira vez. Iso está ben, imos avanzando. Como vostede sempre me pregunta cousas que non teñen nada que ver co que di.

O que si sería importante é que a En Marea lle interesara máis o medio rural galego, porque é evidente que non lle interesa nada. Se quere cítolle o que determinados líderes de En Marea opinan do medio rural.

E o que si sería importante é que, polo menos, soubera cal é a superficie que se lle dedica ao eucalipto en Galicia, porque vostede acredita que disto non sabe nada. ¿Sabe vostede que

superficie forestal se dedica ao eucalipto neste momento en Galicia? Seguro que na réplica mo vai contestar.

Señor Villares, mire, efectivamente, hai un ano Galicia estaba estremecida polos lumes daquel fin de semana do 15 de outubro. Eu non vou esquecer que morreron catro persoas. Tampouco vou esquecer, señoría, os importantes danos en negocios, en rendas familiares..., e o importantísimo dano medioambiental que tivemos hai un ano, aproximadamente. Non vou esquecer o esforzo solidario que tivemos todos os galegos, nin como traballaron os veciños, e tampouco vou esquecer que houbo unha conciencia colectiva importante.

Non vou esquecer, tampouco, que demos a cara no Parlamento, a conselleira comparece de forma inmediata, eu comparecín unha vez que temos as hectáreas sinaladas e o ámbito dos lumes daquel fin de semana. Comparecín e presentei trinta medidas, unha delas foi, a proposta dos grupos, crear unha comisión. Esa comisión está creada e está concluída, e dous terzos deste parlamento están de acordo, vostedes non. Pero xa o entendo, señor Villares, vostede non está de acordo con nada. Pero o importante é que vostede aínda se pode poñer de acordo con algo, e por iso sería bo que siga traballando, polo menos a partir de agora, no ámbito forestal.

Señor Villares, dime vostede que enumere as medidas que non están cumpridas. É moito máis fácil, porque son oito, porque as vinte e dúas restantes xa están cumpridas. Polo tanto, vinte e dúas cumpridas e oito sen cumprir, porcentaxe de cumprimento 73 %. Das que non están cumpridas, cinco están iniciadas e finalizarémolas a finais deste ano 2018 ou a principios do ano 2019, e tres están comprometidas entre o ano 2019 e o 2020. Se vostede estivese de acordo coa comisión e asinara as súas conclusións, non me faría esta pregunta. Pero como vostede non está de acordo con nada, ¡que lle vou plantexar!

Convenios de loita contra os incendios, claro que hai que facer convenios, o que pasa é que aí hai concellos que queren e outros que non. Por exemplo, o Concello de Mondariz non quixo, e agora houbo un gran incendio en Mondariz, pero este concello de En Marea non quixo a brigada e non a tivo, e agora vénnos dar leccións de compromiso forestal. Señor Villares, un pouco de humildade ao respecto.

Aprol rural, nunca se dedicaron obradoiros, sete millóns de euros para Aprol rural, ¿para que? Para contratar catro centos trinta desempregados. Financiamento da compra de setenta tractores, nunca se compraron tantos tractores desbrozadores. Di vostede que non hai cámaras; ten vostede razón, só hai oitenta e oito cámaras que cobren o 67 % de todas as parroquias con alto risco incendiario. Ve, señor Villares, como vostede non vive aquí. Vostede vive noutros campus; dende logo, no medio rural non. Non coñece ese asunto.

Agora ben, vostede dime as que non cumprimos, efectivamente, son oito; son oito, efectivamente. Non cumprimos aínda a incorporación cautelar ao Banco Terras dos montes veciñais comúns abandonados. Efectivamente, estamos examinando un por un para concretar o que incorporamos.

A mobilización das terras abandonadas. Señorías, necesitamos unha lei, a lei de fomento de mobilización de terra produtiva de Galicia, e ímola ter neste parlamento, pero de momento xa temos incorporadas mil cincocentas hectáreas de mil oitenta propietarios.

Impulsar os plans de ordenación dos distritos forestais. Temos feito o diagnóstico coa universidade e temos máis de setecentos mil euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...neste presuposto para finalizalo.

Seguir avanzando na reestruturación parcelaria. Señoría, se vostede fora a comisión e pactara sabe que o compromiso das cento dezanove mil hectáreas concentradas é a finais do ano 2020.

A quinta medida, elaborar un regulamento das Sofor. Efectivamente, señoría, témolo en consulta pública.

E as últimas tres que nos faltan, equipos de investigación, vixilancia de incumprimento e rexistro administrativo, isto ten que facerse no ano 2019.

Ten vostede a razón, vinte e dúas medidas cumpridas, 73 % de cumprimento, oito medidas en execución.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Ten vostede a razón, señor Villares, ¿por que agora vostede non se pon a traballar nisto por primeira vez?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Núñez, na sesión de control ao Goberno os que fan as preguntas son os membros da oposición, por iso vostede se quere si que pode contestar cantas hectáreas de eucalipto hai plantadas neste momento en Galicia, que para iso gobernan.

Mire, das outras vinte e dúas medidas, esas que din que xa cumpriron, ¿cumpríronas con que?, ¿con que cartos? Porque mire, na Conta xeral de Galicia de 2017 aparecían orzados en materia de prevención corenta e un millóns de euros dos que foron executados menos de trinta e cinco millóns de euros. Falamos de todas as partidas, xa descontados os cambios que houbo na Axencia Galega de Industria Forestal e todo. Unha diferenza de seis millóns de euros que parece que a vostedes non lles fan falta para cumprir con estes recados.

Mire, como xa está presentado o Proxecto de orzamentos para o ano 2019, tamén podemos comprobar en relación con 2018 que é o que se deixa de facer tamén nos orzamentos en relación co ano pasado. Polo tanto, non sabemos con que medios van cumprir esas vinte e dúas que din que teñen feitas. Dígoo porque baixaron as partidas, concretamente, en alugamento de medios de extinción, en vixilancia, prevención e extinción de incendios, en equipamento e dotación de cuadrillas, en estudos de prevención, vixilancia e disuasión en investigación, en silvicultura de prevención de incendios, en desbroces, podas e releos.

¿Con que diñeiro van facer o que din que están cumprindo das outras vinte e dúas medidas? ¿Pódenos explicar como?

Di que non cumpriron aínda con todo o relativo ao Banco de Terras. Non, home, claro, e ademais destinando no proxecto de orzamentos só mil euros máis que o ano pasado para a dotación de persoal vai ser difícil, tamén, que poidan cumprir con iso.

En relación coa concentración parcelaria, vostede comprometeuse a rematar no 2020 a lexislatura coas cento trinta concentracións activas, as cento trinta. Pois mire, o paso de cacacol non sabemos se lle vai dar para facelo, porque en 2016 entregaron os títulos de sete zonas, en 2017 os de dúas zonas; polo tanto, se lles quedan 130, vostedes dirán canto farán en 2019 e 2020.

Tampouco o escoitamos falar nada do mando único operativo, que non existe a día de hoxe, a pesar de que está previsto nos catro plans de emerxencias que existen no noso país en activo.

Tamén vostede falou dos plans de impulso forestal, dos cales ata agora non hai ningún en activo, tamén xa recoñeceu, polo menos, que non o faría.

Despois, das Sofor tiveron oportunidade de negociar co Goberno do Estado un cambio na fiscalizade, e non o fixeron durante todo este ano. ¿Vano facer agora? As Sofor, que, por certo, hai once creadas en practicamente nove anos de vixencia desa institución, ¡un absoluto éxito, polo que se pode ver!

As facilidades para actuar nas parcelas de titular descoñecido é o mesmo, e tamén a participación dos grupos parlamentarios na redacción do Plan forestal. Non se deu a participación que se comprometera no ano 2015. E a nós isto parécenos absolutamente inaceptable.

En canto aos convenios de colaboración, non todos os concellos poden asumilo. Falaba vostede do Concello de Mondariz, hai concellos que teñen que elixir entre...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...conveniar a extinción e prevención de incendios, ou facelo en relación cos servizos sociais, e teñen que tomar decisións e non poden facelo polos propios requisitos que lles pon a Xunta de Galicia. Por iso non se acada nin o cen por cento no caso dos concellos en materia de bombeiros ou brigadas, nin tampouco se produce nese con-

venio coa Fegamp, que por certo para a limpeza de montes supón para vostedes tamén eximirse das súas propias responsabilidades e, por suposto, tamén das súas propias competencias.

Por certo, cando volve haber un incendio no ano 2018, un ano despois do ano anterior, como non se activou o mando único operativo prodúcese a descoordinación dos medios dispoñibles, non existe un teléfono para que as autoridades municipais se poidan coordinar cos servizos de emerxencia e, polo tanto, os medios acaban chegando tarde ao lugar de extinción dos lumes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Estou absolutamente de acordo en que eu estou aquí para responder ás preguntas. Vostede dixo que Galicia era un eucaliptal, e eu pregunteille se sabe que porcentaxe de bosques se adica ao eucalipto, e di que vostede non o sabe. Entón, ¿por que o di? (*Risos.*) (*Aplausos.*) Señor Villares, ¿por que di o que non sabe?

Mire, o actual Plan forestal, porcentaxe de hectáreas dedicadas ao eucalipto, o 15,17 %, e queremos que sexa ao final, dentro de vinte anos, o 16,4 %. É dicir, o total de frondosas, castaños e pinos máis do 50 % e eucaliptos o 16 %, e vostede vén aquí e di que é un eucaliptal Galicia. ¿Que lle ocorre? Mire: «A Galicia rural é unha idea distorsionada que se vende con fins electorais, a Galicia é eminentemente urbana, a maioría da poboación vive no eixe Atlántico, e a riqueza do país prodúcese ao redor das áreas urbanas». Alcalde de En Marea, *dixit*.

¿E vostede vén aquí falar do medio rural despois disto, señor Villares? ¿Vostede desautoriza esta falta de respecto ao medio rural galego ou non? ¡Ah, vostede disto non sabe!, porque o problema que ten é que a isto vostedes non se adican, salvo para facer algunha pregunta de vez en cando.

Vostede di que isto está absolutamente descoordinado. Estará absolutamente descoordinado, pero temos, salvo ese fin de semana de outubro, corenta e oito horas —si, con furacán polo medio, con furacán polo medio—, pois temos dos mellores anos dos lumes forestais. E isto non é grazas á Xunta de Galicia, en primeiro lugar é grazas aos veciños que cada vez teñen máis conciencia, grazas ás brigadas, grazas á Policía e á Garda Civil. (*Aplausos.*) Por iso no ano 2018, señor Villares, levamos de momento o mellor ano dende que hai rexistros despois do ano 2014. Algunha conciencia colectiva espertamos.

Por certo, hoxe imos asignar un acordo con cincuenta entidades pertencentes a toda a cadea da madeira, para que vexa que as entidades si que están de acordo, e nós estamos de acordo coas entidades. Imos asinar un plan de recuperación dos montes de coníferas e a promoción

do consumo da madeira, cincuenta entidades en Galicia. Algo se está movendo, señor Villares. Eu celebro que se estea movendo todo este asunto.

Pero vostede fálame das concentracións parcelarias, e vostede non sabe distinguir entre a toma de posesión e a entrega de títulos. ¿Non sabe a diferenza que hai entre as dúas? Señoría, hai miles de hectáreas que se entregaron á posesión e despois veñen á entrega de títulos. Polo tanto, teñen posesión e están traballando dende o momento da posesión, e a entrega de títulos é unha cuestión posterior e que non ten nada que ver coa anterior. Cento dezanove mil hectáreas concentradas imos entregar nesta lexislatura.

Señoría, non é só que non executemos a totalidade do diñeiro dos lumes, é que nos desviamos sempre, porque executamos máis.

Di vostede que hai concellos que non poden executar, ou non poden ter diñeiro para as brigadas. ¿Que lle parece se eu lle contesto o mesmo? Que os nosos son os servizos sociais e a sanidade, e que no ámbito do concello os responsables —non porque o digamos nós, senón porque o di a lei, por certo unha lei do Bipartito— son os concellos. Pero o 90 % dos concellos firmaron un convenio, e varios dos das Mareas non. Polo tanto, antes de pedirilles aos demais que cumpran, vostedes deberían de cumprir algo. *(Aplausos.)* Pero estamos acostumbrados, señor Villares, estamos acostumbrados.

Mire, vostedes critican, por exemplo, o tren de alta velocidade. É un tren para ricos, e despois dinnos que levamos atrasos no tren de alta velocidade. Vostedes critican o incremento da débeda pública, e agora propoñennos cada vez incrementar a débeda pública. Agora critican as medidas aprobadas por dous terzos deste parlamento, e vostedes están en contra da comisión e das medidas acordadas.

Señor Villares, dá a sensación de que vostedes fan oposición botando unha moeda ao aire a ver o que cae.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero vostedes teñen unha posibilidade, señor Villares.

Mire, a Xunta, a maioría dos veciños, o Grupo Parlamentario Socialista, máis do 90 % dos concellos, moitísimos galegos propietarios e o sector da madeira estamos de acordo. ¿Por que vostedes non participan dun acordo que beneficia o país, señor Villares? É unha proposta formal.

Agora di que non aprobamos o Plan forestal, ¿pero non recorda que o Plan forestal quedamos de aprobalo nunha comisión? Dinos que hai que concretar un mando único, ¿pero vostede non sabe que esa comisión decidiu concretar dentro dos grupos que forman a comisión que mando único debemos de formalizar?

Pero, señor Villares, ¿vostede en contra de quen está? De todos. ¿Sabe con quen estamos nós? Cos galegos, e vostede en contra de todos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos co punto 6º da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para atallar a situación de discriminación laboral por razón de sexo que se está a dar no servizo de limpeza da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Señor Rueda, hoxe traemos a esta cámara a gravísima discriminación que se está a producir por razón de sexo no servizo de limpeza da Xunta de Galiza en Santiago de Compostela. Unhas mulleres que levan meses mobilizándose, e xa antes do verán fixeron chegar documentos de denuncia, tanto a Presidencia como a Igualdade; fixeron numerosas mobilizacións, reuníronse coa Xunta, co seu grupo parlamentario, e mesmo se manifestaron tanto diante da Xunta de Galicia como diante deste Parlamento en numerosas ocasións, a máis recente durante o pasado debate do estado da nación. Un debate, por certo, no que é unha pena que marchara agora o señor Núñez Feijóo, porque non lle contestou daquela á señora Pontón que lle parecía que se limpa o seu despacho unha muller cobre menos que se o fai un home, e no que tamén vostedes votaron en contra de poñer fin a esta discriminación.

Eu non sei, señor Rueda, se vostedes non se enteran ou fan que non se enteran, pero, desde logo, desde o BNG non imos permitir que esta cuestión continúe mentres vostedes miran a outro lado. Eu non sei se vostede comparte aquilo de «*a igual traballo, igual salario*». Pregúntome, entón, por que permite que nunha contrata que depende directamente de vostede estea habendo esta grave discriminación.

Sabe vostede que están pasando dúas cuestións moi graves: primeiro, só os homes poden ascender á categoría de peón-especialistas, o que implica que cobran máis que as mulleres polo mesmo traballo; en segundo lugar, tamén só os homes poden atender diferentes pluses, como, por exemplo, o de toxicidade, e isto tamén fai que o seu salario se incremente en detrimento das mulleres.

Eu non sei, señor Rueda, se vostede pensa que as mulleres temos superpoderes. Eu sei que ás veces o parece, pero, desde logo, eu dígolle que andar con produtos tóxicos ten para nós os mesmos riscos que para calquera home, e, polo tanto, merecemos a mesma compensación. *(Aplausos.)*

O único que explica que as mulleres do servizo de limpeza da Xunta de Galiza cobren menos que os homes é o machismo; o machismo e a discriminación que vostedes están a permitir.

Dixeron vostedes despois do 8M que ían tomar nota, pero, con sinceridade, parece que máis ben puxeron un anteface, porque levan meses con este tema enriba da súa mesa.

Estamos falando dunha plantilla, na que, aproximadamente, o 80 % son mulleres, e sofren unha fenda salarial inaceptable. Hai unha diferenza entre unha limpadora e un peón-especialista —insisto que é unha categoría á que só pode chegar un home, polo mero feito de selo— de ata mil seiscentos euros anuais. ¡mil seiscentos euros!

Arriba, nesta sala, acompañanos, señor Rueda, un comité de empresa unido nesta cuestión, unido nesta cuestión, e o que precisa é dun goberno que deixe de mirar para outro lado.

Este non é un conflito empresa-traballadoras, isto non é algo para o que haxa que esperar a inspección, require dunha resposta política inmediata, porque, ¿como vai convencer vostede, señor Rueda, á privada de que pague igual a homes e mulleres se a Xunta de Galicia non o fai? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. Terminou o seu tempo.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, efectivamente, está presente o comité de empresa, que aproveito para saudalo, e tamén aproveito para dicirlle que estou seguro de que vostede fai a pregunta como representante de todos os galegos e de todas as galegas, e, polo tanto, espera unha resposta do Goberno obxectiva, e non como representante, que non o é, nin membro dun comité de empresa que ten unha postura claramente manifestada tamén; é, polo tanto, parte nesta discusión que está habendo, ou neste conflito, ou como lle queira chamar.

Supoño, tamén, que vostede non estará poñendo en dúbida —aínda que xa sei que si, escoitándoa, e non debería—, sinceramente, pero está poñendo en dúbida, máis ben negando completamente, a vontade total deste goberno, e tamén de todos os anteriores, especialmente no que se refire ao sector da limpeza nas contratadas que fai a Xunta por manter a igualdade e as condicións dignas de traballo, e todo o que ten que ver cun desenvolvemento digno de calquera traballo que se contrate coa Xunta de Galicia, pero especialmente deste.

Sabe que dende hai moitos anos a Xunta de Galicia, non este goberno, senón xa os anteriores — e foise mantendo—, fixo un especial esforzo por equiparar as condicións salariais e condicións de traballo do sector da limpeza que contrata coa Xunta —por certo que é un emprego maioritariamente feminino—, e iso implicou unha serie de melloras que non só se foron mantendo, senón incluso consolidando durante o tempo.

Dígoo porque escoitándoa a vostede parece que a Xunta pretende todo o contrario, e non é así. Ademais sabe vostede, perfectamente, que no ano 2015 aprobamos unha serie de medidas e cláusulas para garantir unha contratación socialmente responsable, incidindo e introducindo moitas novidades que non están aínda na contratación doutras administracións, e que se refiren directamente a garantir que non exista, por suposto, ningún trato discriminatorio por razón de sexo; é dicir, a garantir a igualdade, a garantir a inclusión social nestas

contratas que fai a Xunta de Galicia: traballo digno e todo o que ten que garantirse e que está garantido a través da inclusión destas condicións nos pregos de prescricións técnicas.

Polo tanto, iso ten que cumprilo calquera empresa que contrate coa Xunta de Galicia, e ten que cumprilo, por suposto, a empresa coa que a Xunta de Galicia contratou a limpeza das súas instalacións, e que, polo tanto, é a concesionaria.

Efectivamente, digo todo isto para deixar claro que non é para nada todo o que vostede dixo na súa introdución, nin no texto da pregunta que presentou por escrito. Non é así, vostede vai dicir o contrario, pero xa lle digo que vostede aquí debería de falar, na miña opinión, como representante de todos os galegos e galegas, e non facendo unha intervención que lle dá totalmente a razón a unha parte nun conflito no que están enfrontadas dúas posturas.

Iso é o que lle vou dicir dende a Xunta de Galicia. Sabe vostede perfectamente, primeiro, que este asunto non está pechado aínda, están falando entre o comité de empresa e a propia empresa. Sabe tamén que isto afecta a un dos lotes contratados. Hai tres e afecta a un ámbito concreto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...non afecta a todas as...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Ten outro turno. Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Bueno, seguiremos falando na segunda parte para dicirle que isto é unha cousa de dúas partes e non se lle pode dar a razón a unha.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Efectivamente, señor Rueda, falo como representante dos galegos e galegas. Está ben que por fin desde as bancadas do Partido Popular se entenda que somos igual de representantes dos galegos e galegas que quen ten máis deputados e deputadas ca nós. *(Aplausos.)*

Pero, tamén lle digo, a min quen me votou escolleume non para medir vontades, senón para medir e fiscalizar o cumprimento do Goberno galego. *(Aplausos.)* E penso eu que desde que vostedes coñecen este problema, xa na primavera, estando ás portas do inverno tiveron tempo máis que suficiente. Esta contrata que foi adxudicada por vostedes xa foi advertida

no seu día por parte das forzas sindicais de que esta cuestión estaba sen resolver. Polo tanto, teremos outras ocasións de falar desa contrata máis polo miúdo, pero eu hoxe o que lle veño pedir aquí é que se posicione, pero non que se posicione dun polo ou doutro polo, senón que se posicione do lado do dereito da igualdade retributiva das mulleres. Porque —eu insísto— se non fan o posible, vía negociación coa empresa, neste caso, ¿como vai convencer a empresa privada de que nos remunere por igual a homes e mulleres?

Eu pídlle tres cousas moi concretas, señor Rueda. Primeiro, que recoñezan a realidade do que está pasando e que se poña do lado dos traballadores e traballadoras. Tamén dos traballadores deste servizo, que están totalmente de acordo en que as súas compañeiras merecen un trato igual. En segundo lugar, que se sumen a dialogar coa empresa. Isto non é algo alleo no que vostedes non teñan nada que ver e que sexa só entre empresa e traballadoras. A Xunta de Galiza ten aí un capital negociador indubidable e vostede sábeo perfectamente. E, en terceiro lugar, se non hai unha resposta nun prazo de tempo razoable por parte da empresa, vostedes teñen que actuar, teñen que iniciar os procesos necesarios para rescindir ese contrato se o Grupo Norte non acepta que as mulleres deste país merecen exactamente as mesmas posibilidades para ascender en categoría e para cobrar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que calquera muller.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: É tan sinxelo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...como unha cuestión de dereitos, señor Rueda.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E se están dispostos, estaremos ao seu lado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou. Grazas.

Peche da pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Noa, vostedes recoñecen que son moitos menos, porque ás veces parece que non se dan conta. Que sexan menos non quere dicir que non lles recoñezamos dende o principio que, por suposto, teñen exactamente os mesmos dereitos e obrigas que calquera deputado ou deputada desta Cámara, e un deles é intentar ser obxectivo, que é o xeito de resolver con-

flitos, e non pensar que alguén ten a verdade absoluta dun lado e que, por suposto, se non se lle dá, o que hai que facer é botar a outra parte á rúa. Así non se solucionan os conflitos. Eu creo que así nin sequera os que ven solucionar os propios traballadores neste caso concreto. Ou sexa, que vostede sempre... En fin, parece que se acaba de incorporar a este asunto.

Por certo, eu dediquei a miña primeira parte da intervención a explicarlle cal é a postura da Xunta de Galicia, pero vostede xa me posicionou e pide que me posicione. Xa me posicionou, e comigo a todo o Goberno galego, na outra parte, dicindo que non estamos a prol da igualdade, que somos case inimigos e que o que queremos é, sempre que poida haber unha discriminación, favorecerla. Como é todo o contrario, por iso adiquei toda a primeira parte da miña intervención a deixalo ben claro, por se fixera falta —que eu creo que non—; por se acaso, que quede ben claro.

E, mire, teño que dicirlle que coñecemos este asunto dende o principio. Outra cousa é que vostede, pasados uns meses, traía este asunto á Cámara, pero isto xa vén de moitos meses antes. É a primeira vez que eu veño responder —como é a miña obriga e con toda a tranquilidade— a esta cuestión, pero, dende logo, non é nova. Polo tanto, se vostede cre que ata o de agora non foi necesario, vostede verá a gravidade e a urxencia que ten este tema, ¡que a ten, por suposto! Por iso lle dicía que están falando o comité de empresa e os traballadores dende o principio.

Claro, vostede non contou todo. Non contou, primeiro, que a empresa ten as súas razóns, e alegounas. Eu non lle digo que teña a razón a empresa, nin moito menos, pero tampouco lle podo dicir que a teñen os traballadores, por suposto e porque si, e se non llela dan, hai que botar a empresa e rescindir o contrato. Isto non se fai así. Así non funcionan as cousas. E —insisto— non creo que o queiran así os traballadores nun conflito que —como lle dixen antes— afecta, se facemos o cómputo global, a menos do 3 % dos homes e mulleres —principalmente mulleres, como lle dixen ao principio e como vostede sabe— que están ao amparo desta contrata.

Non hai ningunha demanda xudicial, sábeo vostede perfectamente. Estamos falando, ademais, dunha empresa... Non teño que vir aquí defender a empresa, pero sabe vostede tamén que é unha empresa que se caracteriza por ter contratadas a moitas mulleres vítimas de violencia de xénero e por ter medidas de conciliación. Todo isto para dicir que hai que falar das dúas partes nas razóns que teñen.

E, por suposto, os traballadores teñen que plantexar se cren que hai unha discriminación. O comité de empresa, non todos os traballadores. O comité de empresa, que son os seus representantes, se cren que hai unha discriminación, teñen que plantexala. E a Xunta de Galicia, primeiro, escoitalos, como así fixemos —sabe vostede que houbo reunións—, e despois facer o que ten que facer unha Administración responsable, que é darlle traslado á Inspección de Traballo —como así o fixemos— para que constate obxectivamente esa administración competente se se están dando ou non se están dando esas condicións obxectivas e, se non, polo tanto, hai unha discriminación.

Mire, isto non o ten que resolver nin, por suposto, o BNG nunha pregunta, nin, por suposto, o comité de empresa coa súa postura, nin, por suposto, a empresa, que ten dereito a defen-

derse nada máis, nin a Xunta de Galicia, que o que fai é adxudicar un contrato de libre concorrencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...exixindo, si —remato agora, presidente—, que se cumpran unhas condicións.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): A Inspección de Traballo dirá se se está dando ou non se está dando esa discriminación. E, dende logo, se se está dando...

O señor PRESIDENTE: Por favor...

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...poden ter a absoluta garantía de que a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Terminou xa, señor conselleiro...

Por favor, non...

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...actuará en consecuencia. Agora...

O señor PRESIDENTE: Acompañen os servizos da Cámara...

O señor CONSELLEIRO DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...xulgar antes, como fan vostedes, iso non leva a ningunha parte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Acompañen os servizos da Cámara os nosos invitados.

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Tui-A Guarda, treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350)»

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Abel Fermín Losada Álvarez, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora conselleira e señor presidente.

Despois de escoitar o presidente da Xunta hai un momento, quedoume clara unha cousa que eu —que son un pouco perspicaz— sospeitaba, que na reprogramación do Plan MOVE do ano 2010, cando vostedes xa sabían os enormes pufos que o anterior Goberno lles deixara, ou ben era mentira o dos pufos, ou ben vostedes enganaron dunha maneira absolutamente indecente o conxunto de Galicia. (*Aplausos.*) Esas son as dúas posibilidades que temos. (*Aplausos.*)

Porque, señora conselleira, nese Plan do ano 2010 no que xa sabían dos pufos, xa sabían da baixada da recadación fiscal, xa sabían todo o que tiñan que pagar polas autoestradas licitadas polo Goberno galego... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Aínda non o sabían? ¿En ano e medio non lles deu tempo de estudalo? Señora conselleira, ¡teñen que moverse máis vostedes!

Mire, o caso da vía Tui-A Guarda é un caso lamentable de incapacidade absoluta. Eu recoméndolle que entre en Google Earth e vexa a explicación feita nos 3 quilómetros e medio dende o enlace de Areas —que está sen construír— e o final dese tramo. Teñan coidado, dréneo, porque como se encharque como a Plisan, segue habendo aves migratorias, vólvese un lugar de interese comunitario e non poden facer a obra.

Se se dan conta, fixeron os accesos á Plisan, que non hai Plisan. E aí fixeron un tramo de explicación de 3 quilómetros que enlaza «*la nada con la nada*» literalmente, como vostede ben sabe. Salvo que Google Earth tamén minta e estea ao servizo do marxismo-leninismo internacional, que eu penso que non. (*Risos.*) Iso no tramo 1.

No tramo 2 temos 14 quilómetros cunha densidade de tráfico de 14.453 vehículos/día. Insisto —repito, señora conselleira—, 14.453. ¡Non poña cara de sorpresa, son os datos do mapa da Xunta! Se están mal, pois cambie a máquina de conteo. Son 14.453 vehículos/día, ¿que vai facer nese tramo, señora conselleira? Porque se o plan que vai desenvolver é o que plantexou facer, aproveitar o trazado actual con rotondas, a min gustaríame saber —é verdade que eu non son enxeñeiro— como se xestiona con rotondas un tráfico de 14.453 vehículos ao día. Polo tanto, ¿que vai facer? ¡Nada! Vai seguir exactamente como leva oito anos.

Hai un tramo, efectivamente, construído. Por certo, iniciou a construción, iniciou o deseño e o proxecto o Goberno aquel dos pufos, pero vostede rematouno —iso é certo e eu voulo recoñecer—. E hai un cuarto tramo, que é a circunvalación da Guarda, que nin está nin se lle espera. Polo tanto, hai charcos, broza e maleza, un tramo que non se sabe que vai pasar con el. E, por outro lado, outro tramo que a verdade é que na Guarda xa perderon toda esperanza.

Vostede coñece a densidade de poboación da zona, 45.000 habitantes, por riba de 250 habitantes/quilómetro cadrado, e poboación dispersa. ¿Que van facer? A min gustaríame que só nos dixera aquí que van facer. E, por certo, que nos dean calendarios verosímiles...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...porque, realmente, os datos orzamentarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que vostedes presentan son pura e simplemente unha vergonza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Está formulada a pregunta. Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, hai Plisan a pesar de vostedes, do pufo que deixaron na Plisan. Polo tanto, hai Plisan e está en pleno desenvolvemento, con 30 millóns en obras adxudicadas para iniciar agora e para iniciar a comercialización, a pesar da desfeita que fixeron vostedes na Plisan. *(Aplausos.)*

Pero reitérolle, eu entendo que puido atender o presidente, puido atender a miña intervención de onte, o Plan MOVE é moito máis que un plan de execución de obras, é moito máis que iso. É un plan vivo, no que hai que facer seguimento continuo, que se deseñou no ano 2009. E por suposto que as circunstancias no ano 2009 e tamén no ano 2010 foron moi diferentes aos anos seguintes pola crise económica, unha profunda crise económica. Vostedes porque non xestionaron en plena crise económica, pero os que tivemos que xestionar en crise económica sabemos o que é. E por suposto que buratos e pufos que coñecemos, e despois incluso —volvo repetir— a quebra das xestures.

Iso obrigou a unha nova reflexión, a unha planificación viable, realista, e a unha planificación de estradas no contexto actual. Porque, miren, vostedes están acostumados a gastar a diestro y siniestro. Vostedes tiñan deseñada unha vía de altas prestacións en Tui-A Guarda no tramo 1 e 2 que non quería ninguén, co rexeitamento de todo o mundo e cun investimento, para 14,3 quilómetros, de 177 millóns de euros, 12,4 millóns de euros/quilómetro. ¿Que lle parece a vostede? ¿O faraónico ten que ser o mellor? Pois non, hai moitas maneiras de facer obras viables, útiles e eficientes, non gastar a diestro y siniestro como facían vostedes, deixando pufos, buratos e hipotecas, a pesar de ter moitísimos máis cartos. E coa metade do orzamento fixemos moitas cousas.

En concreto, e volvendo á VAP Tui-A Guarda, dende logo que demos pasos e é unha prioridade para nós. E digo que é unha prioridade con feitos concretos, sábeo vostede. En momentos moi difíciles —volvo insistir, moi difíciles, hai que estar aí, para xestionar e ver os problemas que temos e que atopamos— fixemos os 10 primeiros quilómetros entre Goián e A Guarda. O actual Goberno da Xunta en 2014 investiu 60 millóns de euros. Volvo insistir, en plena crise económica 10 quilómetros; pagando as expropiacións —porque vostedes, claro, as expropiacións que as pague o que veña despois— e pagando toda a obra.

Polo tanto, gustaríanos ter moito máis feito, pero seguiremos avanzando. Houbo un encontro de traballo —sábeo— cos alcaldes o ano pasado onde tomamos decisións dende o punto de vista dunha fonda análise técnica e funcional. Retomaremos o principal e o máis prioritario, que é o enlace de Areas, que non estaba deseñado por vostedes. E, dende logo, temos avanzado co levantamento de actas previas, porque —insisto— hai que pagar as expropiacións cando se fan as obras, non deixar que as expropiacións as pague o que veña despois.

Polo tanto, pola miña parte nada máis. Na seguinte intervención darei máis datos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Bueno, se hai Plisan, señora conselleira, eu de verdade que creo que xa non temos nada máis que dicir. ¡Hai Plisan! Perfecto. E este é un plan vivo.

¡Que non hai Plisan, señora conselleira! Non nos chame imbéciles, ¿onde está a Plisan? ¿Que é a Plisan? Plataforma loxística... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, alérome o que considere oportuno... *(Aplausos.)* que para monxas xa fun ao colexio, *(Risos.) (Aplausos.)* ¿vale? ¡Para monxas xa fun ao colexio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Está ben.

Non hai Plisan, señora conselleira..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...como vostede ben sabe. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non hai depuradora de augas residuais, non hai depuradora de augas de subministración, non hai conexión coa rede fluvial. Non hai Plisan, hai un boquete de 1 quilómetro cadrado e 20 metros de profundidade. Tamén había fábrica de Mitsubishi, ¿recorda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tamén a había.

Din vostedes gastar a diestro y siniestro. ¡Oia! —repítollo—, no seu plan do ano 2010 manteñen as dotacións orzamentarias, ¿non coñecían aí a situación de crise?, ¿non coñecían aí os pufos e a caída da recadación fiscal? ¡Si que o coñecían! O que pasa é que isto era moi útil para percorrer o país dicindo o que a miña compañeira di habitualmente, que fan que fan, *(Aplausos.)* que fan que fan, e logo, lamentablemente, non o fan. *(Aplausos.)*

Tería que explicar, señora conselleira, os 3,6 millóns de euros que desviou deste proxecto a outro proxecto. Podería explicar por que o fixo. Seguro que hai unha razón técnica, pero o certo é que o fixo. Eu creo recordar que hai unha modificación orzamentaria... non 3,6...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si, ao Morrazo, exactamente. Pero desviounos, ¿ou non? Entón, o mellor que poden facer é orzamentar ben. Eu recoméndolle que vexa a ficha de investimentos reais desta obra do orzamento de 2019: 3.088.758 euros. Felicítoa pola precisión. Agora cóntolle: medida autoestradas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está aquí, ¡eh! Non o estou inventando, salvo que vostede teña unha versión en negro.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Estar, está aquí.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

Terminou o seu tempo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Quilometraxe total...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e grao de execución...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Terminou o seu tempo. Xa está a pregunta formulada e entendida. *(Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleira de Infraestrutura e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

¡O que ten non xestionar! Dende logo, eu pediríalle aquí que o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil emita informe canto antes para 30 millóns de euros. *(Murmurios.)*

¿Agora quen está na Presidencia da Confederación? Estamos pendentes do informe da Confederación para 30 millóns de euros contratados, adxudicados, que sabe que leva o seu tempo, para facer as obras da EDAR da Plisan. Polo tanto, en canto teñamos o informe da Confederación que estamos agardando, actuaremos nesas obras de auga e de saneamento.

Dende logo, en calquera caso teño que volvelo dicir, creo que reconece os pufos e as hipotecas que deixaron vostedes con esa visión política curtopracista de vender algunhas obras e deixarlles o pufo aos demais, que veñan pagar os demais. Iso é o máis fácil. O fácil é facer cando se deixa de ver. O fácil é facer cando se deixa de ver. Sobre todo, non sei como cualificalo, cando se teñen moitos cartos para poder ir vía orzamentaria.

En calquera caso, a nosa aposta con realidades concretas, 60 millóns de euros en plena crise económica, 10 quilómetros realizados, pagando as expropiacións e non deixándoas a deber. Con avances na conexión do Polígono de Areas porque é o que demanda a sociedade alí e o

que demandan os traballadores alí. Temos redactado ese proxecto para licitar este primeiro treito no ano 2019, cun orzamento no vindeiro ano, como sabe, de 3 millóns de euros.

Temos, polo tanto, unha estratexia de desenvolvemento viable para que se poida realizar, para facer por fases vía orzamentaria, non vía concesión como cando hai moitísimos cartos de sobra, senón por fases, para facelo de verdade e apostando por unha adaptación mellor ao territorio e facer obras non faraónicas, senón útiles e eficientes.

Eu volvo dicir que a VAP Tui-A Guarda I e II, o treito I e II, que deseñaron vostedes, era unha autovía inviable que non quería ninguén; 177 millóns de euros, 14,3 quilómetros, 12,4 millóns de euros/quilómetro, faga vostede a conta a ver se lle parece razoable, dende logo, esa visión de facer autovías.

Temos un novo deseño, unha autovía urbana. Na súa parte final, dende logo, será moito mellor: desdobrando a recta de Figueiró, minimizando o impacto, aumentando a accesibilidade. Con calidade e con seguridade viaria, dende logo apostamos por ela, e, polo tanto, útil, eficiente e máis vantaxosa. Coa máxima participación e máximo consenso. Sabe que tivemos unha xuntanza o ano pasado con todos os alcaldes da zona porque queremos facelo e facelo viable, porque presentar obras inviables, dende logo eu iso non o comparto, e con compromisos de gasto no orzamento. Teño a oportunidade de dicilo hoxe, que seguramente o venres pasará desapercibido, con compromisos de gasto: 3 millóns de euros este ano, 56 millóns de euros en futuro, para avanzar o ano que vén na vía de altas prestacións Tui-A Guarda. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Nadela-Sarria. Desdobramento da VAP Nadela-Sarria»

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señora conselleira. Imos seguir, polo tanto, disfrutando do Plan MOVE, que xa empezamos onte pola tarde e dixó vostede que era un tema que lle agradaba particularmente.

Voulle preguntar sobre o desdobramento da vía de altas prestacións entre Nadela e Sarria. Como vostede sabe perfectamente, nese Plan MOVE inicial, que cada vez temos máis constancia de que non servía absolutamente para nada máis alá dun instrumento propagandístico, nin tan sequera de planificación e execución de estradas, contemplábase o desdobramento de 26,8 quilómetros, cun orzamento de 34 millóns de euros —34.800.000—, que debería estar rematada no ano 2015.

Estamos a falar dun corredor —como vostede sabe perfectamente— que entra no que poderíamos chamar na fase de execución temporal: este ano máis 4, máis 5, máis 6; é dicir, unha cantidade aleatoria de anos. Porque o último tramo que se abriu entre Sarria e Mon-

forte, que tiña que estar rematado no 2013, abriuse en outubro de 2015. Xa van vostedes fóra desa marxe, desa laxitude temporal, posto que este desdoblamento tiña que estar rematado no ano 2015, e xa non lle chegan eses dous anos, porque tería que estar rematado, polo tanto, no ano 2017.

O día 19 de xuño deste ano o Partido Popular fíxolle unha pregunta en pleno cuxa única finalidade era, evidentemente, darlle cobertura ao exíguo orzamento que teñen vostedes consignado no proxecto de orzamentos para o ano 2019. Daquela a señora Amigo, que foi quen fixo a pregunta, falaba de que era unha infraestrutura básica, que garantía a mobilidade e a vertebración, a seguridade etc. E tamén dixo que se estaban vendo as concrecións do Goberno da Xunta de Galicia, porque parece ser que tiña algún tipo de información privilexiada que lle permitía barruntar que ían vostedes iniciar o desdoblamento desta vía de altas prestacións, entre Nadela e Sarria, no ano 2019.

O certo é que vostede recoñeceu que este vial, desde que se abriu, experimentou un incremento de tráfico superior á media experimentada na comunidade autónoma, que cifraba no 2 %, mentres que nesta vía de altas prestacións ese incremento estaba no 10 %.

Falamos, polo tanto, dunha vía estratéxica para toda a provincia de Lugo, porque non só comunica todos eses concellos, senón que ademais serve neste momento de conexión case prioritaria entre Lugo e a cidade de Ourense ata Monforte, seguindo despois pola Nacional 120.

A verdade é que, cando vin o proxecto de orzamentos, dixeran: non ten sentido que faga esta pregunta porque a folla, igual que acaba de facer o señor Losada, xa nos resposta a pregunta. Consignan vostedes un millón de euros para este ano 2019 e despois deixan para os anos seguintes —non sei se son pufos, se son previsións orzamentarias— ata un total de 16 millóns de euros para os anos 2020, 2021 e 2022. E o preocupante disto é que o grao de execución previsto para o ano que vén é do 5 %.

Señora conselleira, ¿en que se vai concretar para o desdoblamento deste vial o que vostedes están escribindo...? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu teño que repetirme. Igual que vostedes se repiten, teño que repetirme, porque estamos coa mesma temática do Plan MOVE. Insistir en que non hai dúbida, a fonda crise económica e as hipotecas que nos atopamos, dende logo nos obrigaron a facer unha reflexión sobre o Plan de mobilidade.

Pero —insisto— en plena crise económica, con moitísimas dificultades, conseguimos máis de 200 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, e, polo tanto, achegando a

máis do 80 % da poboación a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións. Desde logo que foi un esforzo titánico e un esforzo importante en materia de infraestruturas viarias.

Con respecto a Sarria-Monforte, dende logo que recoñecemos que é unha infraestrutura estratéxica fundamental na provincia de Lugo para a mobilidade e para a igualdade de oportunidades dos veciños e dos galegos, e en plena crise económica tamén neste caso, vertebramos e melloramos a conexión entre Lugo e Monforte.

Sabe que puxemos en servizo 28 quilómetros dunha vía de altas prestacións, Sarria-Monforte, en plena crise económica. Outubro de 2012, Sarria-O Incio a 7,2 quilómetros; outubro de 2015, Bóveda-Monforte, 11,7 quilómetros; e en novembro de 2015 o seguinte treito, de 9 quilómetros, O Incio-Bóveda.

Polo tanto é un grandísimo esforzo do goberno en plena crise económica, con 135 millóns de euros pagados; pagada a obra, pagadas as expropiacións e non deixando a deber aos que veñan despois. Un fito importantísimo e un reforzo da mobilidade e un aforro importante de tempo, sobre todo evitando 16 quilómetros de travesías e, polo tanto, mellorando a seguridade viaria de forma importante.

Creo que é incuestionable, e queda ás claras, a nosa aposta por seguir vertebrando Galicia e por seguir mellorando a conexión entre Lugo, Sarria e Monforte. Eu non sei se vostedes poden calibrar o que son 135 millóns de euros en plena crise económica. Non poden calibralo pero dígollo eu, é un importante esforzo titánico.

Vostedes gobernaron na abundancia, non saben o que é xestionar con estreiteces. En calquera caso, o fácil, tamén con bonanza, é deixando a deber, facer deixando a deber é o máis fácil. E nós seguiremos traballando, sendo consecuentes, sendo responsables e tendo en conta esa diminución de capacidade de gasto nos últimos anos. Obrigounos a reflexionar pero estamos traballando e avanzando, sábeo ben. Non porque o dixera unha deputada, senón porque sometemos a información pública este verán ese treito que imos desdobrar, prioritario, Pobra-Sarria, que era necesaria a súa ampliación, e desde logo imos traballar para contratalo, facelo e poñelo en servizo canto antes, porque ese treito, 11 quilómetros, entre Pobra de San Xiao e Sarria temos detectado que é o máis importante e o máis prioritario. Polo tanto avanzaremos de xeito moi importante nos próximos meses e, sobre todo, no ano 2019.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, veciños do municipio do Corgo, de Láncara, Paradela, Páramo, Sarria, Incio, Bóveda, Pobra de Brollón, Monforte, máis o que lle dixen antes do tráfico en tránsito

cara a Ourense, que vai desde Lugo fundamentalmente por esa nova vía, creo que merecen algunha resposta máis concreta que o que vostede me acaba de dicir. Quero supoñer que no seu remate, no seu seguinte turno, me dará unha data concreta ou, cando menos, aproximada, cun erro inferior, a poder ser, aos 2, 3 ou 5 anos que veñen sendo habituais no desenvolvemento deste plan. Porque —insisto— cun grao de execución previsto para o ano 2019 do 5 %, que supoño que corresponde —para entendernos coloquialmente— ao papeleo da obra, non a que vexamos alí ningún tipo de maquinaria concluíndo o desdoblamento, nun trazado que como vostede dixo onte, e é certo, xa está previsto para ese desdoblamento, require —insisto— algo máis de concreción.

¿Que van facer vostedes durante os próximos anos? ¿Cando é o horizonte temporal de remate desta obra? ¿Cando lle pode dicir vostede á cidadanía de todos estes municipios que vai rematar ese desdoblamento? ¿Máis alá do ano 2022? É dicir, ¿dentro de máis de cinco anos? ¿Esa é a súa resposta hoxe a esta pregunta? ¿Podo trasladarlle á veciñanza de Lugo que ese desdoblamento vai estar rematado dentro de cinco anos? ¿Podo tan sequera dicir iso, ou podo dicir que estamos traballando niso? Esa é a conclusión desta pregunta, iso é o que me ten que dicir.

E unha cousa para rematar. Dixo vostede, mellor dito, preguntounos e xa se contestou vostede, se podíamos calibrar o que significaban 135 millóns de euros en época de restrición económica. Francamente —e perdoe que llo diga— é unha falta de respecto, porque nós, de vez en cando, tamén somos quen de sumar as cifras, e algúns incluso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...podemos entender o que significan.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señora conselleira de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Nós seguimos traballando para materializar canto antes, dende logo, o desdoblamento entre Nadela e Sarria. O que imos facer este goberno, dende logo, é iniciar o desdoblamento desta vía empezando polo máis necesario dende o punto de vista técnico, o máis necesario en función da orografía, das dificultades que hai para adiantamento, das pendentas pronunciadas, e ese treito no que estamos a traballar témolo identificado, e dixémolo xa publicamente, non creo que sexa xa novidade neste Parlamento, os 11,5 quilómetros entre Pobra de San Xiao e Sarria centro. É a obra e a actuación máis necesaria, e farémolo cando o incremento de tráfico rexistrado nos di que hai que facelo e xustifica, polo tanto, a súa ampliación.

As taxas anuais de crecemento entre o ano 2016 e 2017 mostran un incremento cinco veces maior ao conxunto da rede de estradas. Pero, señor Álvarez, hai que ter en conta algo que

vostedes esquecen cando critican que non se ten feito nada ata agora de ampliación do corredor. Non reparan vostedes en que coa crise económica tamén o tráfico foi inferior ao planificado, e o tráfico da rede de estradas da Xunta entre 2010 e 2014 supuxo, polo tanto, un descenso, como consecuencia da crise económica, dun 12 %. Polo tanto, é agora cando os tráfico nos aconsellan traballar para o desdoblamento, e estamos traballando. Facémolo porque podemos, ademais queremos e temos orzamento, e agora é cando o tráfico nos aconsella empezar a traballar, e temos moito traballo adiantado.

No ano 2017 contratamos esa redacción de proxecto, non o imos facer por concesión, senón por treitos, vía orzamentaria, coa metade do orzamento que tiñan vostedes. A redacción dese proxecto témola. Sometémolo a información pública, xa o dixen na miña primeira intervención. Continuamos con ese proxecto, e tramitaremos a actualización da declaración de impacto ambiental porque para licitar obras saben que hai que facer unha tramitación importante. Estaremos en condicións de licitar a obra, dende logo, no ano 2019, porque temos vontade, temos traballo feito e temos orzamento e un compromiso claro: por seguridade viaria, por vertebración territorial e por igualdade de oportunidades, e tamén por mellorar a funcionalidade e o nivel de servizo dese corredor.

Dende logo, volvo agradecer a oportunidade que me dan vostedes, tanto na intervención anterior como na de hoxe, porque seguramente o próximo venres pasará desapercibido todo o investimento importante que imos facer nos orzamentos da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas, como na VAP Tui-A Guarda e en Sarria-Monforte. Polo tanto, agradezo a oportunidade que me dan no día de hoxe para explicar os orzamentos do ano que vén.

A conversión en autovía de Pobra de San Xiao-Sarria centro é o maior investimento dunha infraestrutura viaria na provincia de Lugo. Son un millón de euros no vindeiro ano que permitirán licitar e iniciar as obras o ano que vén, e os 16 millóns de euros precisos en futuros para executar esta infraestrutura.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dignificar as condicións laborais do sector da elaboración dos produtos do mar, diante da situación actual da negociación do seu convenio

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Hoxe traemos a situación dun sector de gran importancia para o noso país, o sector de produtos elaborados do mar. É un sector onde a gran maioría son mulleres, e levan moito tempo vendo como as súas condicións laborais van empeorando progresivamente.

Como sabe, este luns tiveron unha xornada de folga histórica que conseguiu paralizar a produción por completo, e non se pode resumir mellor o que aconteceu este luns que con este titular: Éxito total da primeira folga do sector de elaborados do mar en Galicia.

Houbo un seguimento completo. As traballadoras concentráronse nas portas de Cabomar, de Fandicosta, de Pereira e de tantas outras empresas ao longo do país cunha única exigencia: que se retomara, que se desbloqueara, a negociación do convenio colectivo para poder acabar, dunha vez por todas, coa precariedade laboral que padecen.

É certo que onte tivemos unha boa nova, porque os representantes empresariais por fin, despois de moitos anos, aceptaron, grazas á presión, cambiar de actitude e aceptaron, en principio, escoitar e negociar. Esta é unha pequena vitoria, un exemplo que nos deron estas traballadoras, que se suma tamén ao exemplo que nos deron todas as mulleres na pasada folga histórica do 8 de marzo, e deixaron moi claro as mulleres, tanto este luns como tamén na pasada folga 8 de marzo, que, se nós paramos, conséguese paralizar absolutamente todo.

E ogallá o exemplo que traemos hoxe a este pleno fora unha excepción, un caso illado dun sector concreto, pero por desgraza xa é a norma. A precariedade laboral xa é unha característica estrutural do mercado laboral en Galicia. Por iso, ademais de preguntarlle por este sector concreto, cremos que o que temos que facer é modificar o marco xeral por completo. Ou se derrogan as reformas laborais, que o único que conseguiron foi afondar nas desigualdades sociais e devalar o poder de negociación da negociación colectiva, ou todo o que se poida dicir van ser boas intencións, boas palabras, pero que non van ter ningún correlato na realidade.

Como dicía, este é un problema xeral que afecta ao conxunto das clases traballadoras do noso país, pero é especialmente preocupante a situación deste sector porque estamos falando de que é un dos peores convenios de todo o ámbito da alimentación, que fai que as traballadoras do mar teñan salarios de miseria: moitas delas non cobran nin sequera 800 euros ao mes. E teñen salarios baixos polo convenio por unha parte, pero ademais porque cada vez se abusa máis das empresas temporais, das empresas multiservizos, das xornadas a tempo parcial, etc., cun único obxectivo: abaratar salarios, abaratar despidos e reducir dereitos.

Por iso nós queremos preguntarlles: ¿pensan realmente que pode vivirse dignamente con 800 euros ao mes? ¿Que 800 euros ao mes ou menos dan para pagar o aluguer, para pagar a hipoteca, para pagar un ocio, para pagar as facturas, para pagar a alimentación? Pero o peor de todo é que hai moitas traballadoras que cobran aínda moito menos. Hai traballadoras que están cobrando 500 euros. ¿Vostedes cren, realmente, que con 500 euros algunha persoa pode vivir dignamente?

E como dicía, por desgraza, isto non é un caso illado. O traballo cada vez vai menos ligado a unhas condicións materiais dignas. As traballadoras pobres son, cada vez máis, unha realidade demasiado ampla.

Por todo iso, preguntámoslle, ¿que van facer para...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...dignificar as condicións laborais deste sector?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, pregúntame vostede pola situación dos traballadores e traballadoras do sector de elaborados do mar. O primeiro, loxicamente, é trasladar toda a sensibilidade e todo o respecto a todos estes traballadores. Son 13.100 empregos directos, polo tanto, estamos falando dun colectivo moi importante, do que cómpre mellorar as súas condicións e, sobre todo, velar polo cumprimento de todos os seus dereitos. E nese sentido, loxicamente, esa negociación do convenio colectivo é un elemento fundamental para que se poida chegar a un entendemento entre todas as partes, entre os sindicatos e a propia patronal, para poder ter un novo convenio colectivo.

A Xunta de Galicia xa trasladou a súa colaboración para poder buscar unha solución a este conflito laboral. Como sabe, é un convenio colectivo de ámbito estatal e, polo tanto, a mediación non lle corresponde á Xunta de Galicia, a mediación correspóndelle ao Servizo interconfederal de mediación e arbitraje, unha fundación baixo a tutela do Ministerio de Traballo. En calquera caso, a Xunta de Galicia, por responsabilidade, si está a colaborar e está a mediar entre os sindicatos e a propia patronal, por iso actuou de forma inmediata o Consello Galego de Relacións Laborais e, grazas a súa mediación, conseguíuse desconvocar a folga prevista para esta semana, aprazala e, polo tanto, dar tempo a que os traballadores, os representantes dos traballadores, os sindicatos e a patronal poidan chegar a un acordo.

Eu entendo da súa intervención que non lle está pedindo á Xunta de Galicia que imponha ese acordo, e espero que vostede respecte a propia Constitución e deixe que os representantes dos traballadores e a patronal acaden ese acordo. Espero que ese sexa o seu plantexamento, porque, dende logo, ese é o do Goberno. O Goberno, aínda que sexa un convenio estatal, vai seguir colaborando e defendendo os seus dereitos a través do Consello Galego de Relacións Laborais, e, polo tanto, defender todos os postos de traballo sen ningún tipo de distincións.

Polo tanto, creo, señoría, que non debería buscar réditos políticos nun proceso de negociación dun convenio colectivo, que é o que vostede trae a este Parlamento. Creo que non debería. E debería respectar un pouco máis os propios sindicatos e a patronal e, por suposto, tamén o labor de mediación que se pode desenvolver dende o Consello Galego de Relacións Laborais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: En primeiro lugar, dicirlle que non hai ningún rédito político. Polo único que nos preocupamos é pola situación de moitas traballadoras que están en contacto con nós. Non se preocupe que non estamos utilizando isto de ningunha maneira partidaria, o único que queremos é que a situación do sector mellore.

Por unha parte, é certo que onte coñeciamos que a patronal descolgou o teléfono para sentarse a negociar, pero, ¡non se equivoque!, isto non foi grazas á Xunta, foi grazas a esta folga histórica das traballadoras, que conseguiron paralizar a produción. Entón, deámoslle o mérito a quen realmente o ten.

Por outra parte, por suposto que sei que se trata dun convenio estatal, pero vostede tamén sabe que o 75 % do sector se atopa en Galicia, que a principal patronal se atopa en Galicia. Entón, como sabe, a Xunta tamén ten moito que dicir neste problema.

Por outra parte, para nós non caben as posicións equidistantes nesta situación, e voulle explicar por que, non é unha cuestión nada complicada. A Xunta de Galicia leva moitos anos subvencionando con cartos públicos, por exemplo, a Conxemar, sen ningunha contraprestación a cambio, sen exixir que haxa salarios acordes a poder vivir dunha maneira digna. ¿Vostede cre que deben seguir subvencionando ano tras ano a patronal sen exixir ningunha partida, sen exixir que as traballadoras teñen un salario minimamente digno? Por iso entendemos que non cabe a equidistancia, non podemos pornos de perfil.

¿A Xunta de que lado vai estar se a patronal volve romper as negociacións, algo que pode pasar moi facilmente porque levan anos bloqueando esta negociación? Se rompen as negociacións, ¿de que lado vai estar? ¿Vai seguir estando do lado da patronal ou realmente se vai poñer do lado das traballadoras, que o único que están exixindo é rematar coa precariedade? Non cabe equidistancia porque as traballadoras están exixindo unhas condicións dignas: uns pluses, por exemplo, de refrixeración, cando é evidente que traballan en ambientes húmidos e fríos; un salario acorde co trabalo que fan. Non están exixindo ningunha contrapartida exaxerada, non están pedindo uns salarios multimillonarios, o único que piden é poder vivir co que traballan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...dunha maneira minimamente digna. Por iso entendemos que a Xunta de Galicia non pode permanecer de brazos cruzados esperando outros anos máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Peche, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señoría, artigo 37 da Constitución, penso que é unha lectura que, de vez en cando, é bo recordar.

«A lei debe garantir o dereito á negociación colectiva laboral entre representantes dos traballadores e empresarios, así como a forza vinculante dos convenios».

A Xunta de Galicia sempre estará cos traballadores, non teña ningunha dúbida, pero tamén respectando esa capacidade que teñen para negociar de forma colectiva tanto os representantes dos traballadores como os empresarios.

O que si fai a Xunta de Galicia, que non fai En Marea, é estar con todos os traballadores. Nós estamos con todos, e para vostede parece que hai traballadores de primeira e traballadores de segunda. E parece que, cando falamos dos traballadores e dos dereitos dos traballadores de Elnosa, iso non. E se falamos de Ence, tampouco, non vaia ser, eses mellor deixalos desaparecer.

Señoría, creo que cando se fala dos dereitos dos traballadores hai que ter un discurso coherente e, polo tanto, saber con quen hai que estar en cada momento, e por suposto a Xunta de Galicia sabe que ten que estar cos traballadores. Neste caso, temos o máximo apoio aos traballadores e o máximo respecto tamén ao sector, cousa que vostede parece que non trasladada, e, dende logo, nós seguiremos ofrecendo a nosa colaboración.

Eu entendo que En Marea agora é reo do Goberno, porque agora resulta que teñen un pacto entre Podemos e...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, por favor.

Señor Sánchez, non quero chamalo outra vez á orde, pero está interrompendo constantemente. Está falando constantemente. Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...o Goberno.

Eu entendo perfectamente, polo tanto, que cando se fala de política laboral hai que desviar a realidade. Polo tanto, hai que falar dunha reforma da lei laboral e non hai que falar dos aspectos que si lles afectan aos traballadores. Porque mire, aos traballadores creo que lles afecta a subida de impostos, e claro que lles afecta tamén como se están xerando todo tipo de incertezas dende o punto de vista de política económica, ¡claro que lles afecta! A cuestión é onde está En Marea defendendo eses traballadores, e que discurso e que tipo de pactos se están desenvolvendo.

Polo tanto... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, chámoo á orde. Señor Sánchez, chámoo á orde e ¡coi-dado! —perdón, señor conselleiro—, é a segunda vez. Polo tanto, advírtolle de que outra terceira significaría a expulsión...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Non, non. Reiteradamente está interrompendo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...o raseiro...

O señor PRESIDENTE: Non, non, o raseiro márcao vostede mesmo neste caso.

Segunda chamada á orde con advertencia de expulsión.

Cando queira, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu lamento que En Marea sexa reo dese acordo e dese pacto co Goberno. Creo que debería de trasladar maior realismo e maior responsabilidade cando se fala dos dereitos dos traballadores e dos dereitos dun sector. Polo tanto, neste caso en concreto non teñan ningunha dúbida de que a Xunta de Galicia, como ten feito nesta mesma semana, estivo acompañando os propios traballadores a través dos sindicatos, a través da patronal, para mediar e que, efectivamente, sigan sentados para intentar atopar un acordo. E non teñan ningunha dúbida de que imos seguir acompañando ese proceso para que se poida alcanzar ese convenio colectivo que garanta a mellora dos dereitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...dos traballadores do sector dos produtos elaborados do mar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os trámites que debe seguir a Xunta de Galicia conxuntamente co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o cumprimento dos prazos establecidos para a execución do proxecto de construción do primeiro campus de formación profesional na cidade

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente. Bos días.

Bos días, conselleira. Grazas por vir hoxe contestar esta pregunta que formulamos dende o Grupo Parlamentario Popular, que xa rexistramos no mes de setembro, no inicio do período

de sesións, porque estabamos preocupados e estabamos interesados no transcurso e na elaboración do que ía ser o Campus de FP de Galicia, o Campus de FP de Vigo. Un acordo entre a Xunta de Galicia e a Zona Franca, un acordo que ademais xerou un consenso na cidade que ás veces non é tan habitual, e un campus que ademais pon encima da mesa e pode ter solución para problemas que hoxe estamos debatendo permanentemente, como pode ser a fuga de talento, como pode ser reter poboación galega que estea formada e atender as demandas do sector empresarial e industrial de persoal formado, que é unha carencia que hoxe, por exemplo, temos e estamos vivindo no naval.

Un Campus de FP que aglutinaba investigación e desenvolvemento, que coordinaba os 16 centros de FP de Galicia. Un campus preto da Universidade, en Vigo, que ten todo que ver co tecido empresarial, que ten todo que ver co tecido industrial.

¿Que pasa? Que cambia o Goberno, que chegan os socialistas e outra vez lle dan as costas a Galicia, outra vez lle dan as costas á formación, á industria, á empresa, en Vigo. Outra vez rexeitan un investimento fundamental para a cidade.

E un delegado da Zona Franca decide investir 5 millóns de euros na compra dun edificio no centro de Vigo —un edificio señorial, o antigo reitorado— para facer despachos, que di que iso si que ten que ver cos investimentos da Zona Franca, pero que un campus de FP —insisto—, que ten todo que ver co sector industrial, que é futuro, que son proxectos de futuro, que é un clamor en Vigo que estabamos pedindo dende hai anos, iso non ten nada que ver cos investimentos da Zona Franca.

Polo tanto, nós non comprendemos isto. Isto ten só un talón de Aquiles, só ten unha persoa que está en contra en toda Galicia e ten nome e apelidos, que é Abel Caballero. Evidentemente, leva once anos traballando para el mesmo, traballa para as persoas que aplauden por onde pasa e que barren as alfombras por onde pisa. Pero nós non queremos isto, conselleira, nós queremos ese campus de FP en Vigo, nós queremos que incluso haxa financiamento por outra banda se é que a Zona Franca socialista non quere entrar nese campus de FP. Queremos saber como están as cousas, queremos saber en que consistía ese convenio; un acordo ademais por unanimidade nun comité da Zona Franca no que o actual delegado era vocal, que votou a favor, e agora directamente bloquea un investimento que nós cremos que é futuro para a empresa.

A pregunta estaba formulada para que vostede nos dera prazos, e hoxe queremos formularlle unha pregunta preocupados e pensando que vai pasar con ese campus de FP, que futuro ven vostedes dende a Xunta para que iso sexa unha realidade, porque nós cremos e imos a loitar porque ese campus estea en Vigo e non se vaia nin desa cidade nin de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, vicepresidente.

Bos días a todos e a todas.

Señora Egerique, esta é a miña primeira intervención nesta Cámara e quero comezar por reafirmar que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que ten agora precisamente ese apelido, Formación Profesional, seguirá a apostar pola innovación educativa e pola potenciación da Formación Profesional no conxunto do territorio galego.

A pregunta que vostede me formula ten que ver cun ambicioso proxecto que, precisamente, tiña o obxectivo de reforzar a FP galega como referente no conxunto do Estado e atender as demandas das empresas de acercarse ao ámbito formativo para cubrir mellor as súas necesidades. Así, o denominado campus FP, con localización en Vigo, transcendía realmente o ámbito educativo ao incorporar a construción dun centro de innovación tecnolóxica e de emprendemento na FP como elemento de conexión e traballo conxunto coas empresas.

O campus de FP de Vigo parece que xa non será posible, porque a iniciativa xurdiu precisamente coma un proxecto conxunto entre a Administración educativa e o Consorcio da Zona Franca, entidade que agora se retira con argumentos certamente confusos.

A realidade é que a Consellería se responsabiliza de impulsar a innovación na formación máis práctica da FP e a adecuación da cualificación profesional do alumnado, mentres que para lograr a dinamización económica e empresarial o socio necesario era a Zona Franca. Por certo, non temos dúbidas de que de non ter intentado contar con esta entidade, as críticas terían sido abondosas e certamente feroces.

O proxecto conxunto prevía un investimento de 7,1 millóns da Xunta para a redacción do proxecto e a posterior xestión do traballo en rede dos 16 centros de FP. E a Zona Franca de Vigo asumía destinar máis de 5 millóns para un edificio concibido como espazo pioneiro na promoción de novos proxectos empresariais orientados e baseados nas tecnoloxías identificadas como 4.0. Resulta cando menos sorprendente que agora a entidade olívica que primeiro apoiou o campus de FP, e aínda hoxe o cualifica de importante para Galicia, renuncie agora a investir o diñeiro comprometido para potenciar a innovación tecnolóxica de emprendemento do alumnado de FP en Vigo e a súa comarca.

Neste asunto, realmente o preocupante non é a vertente educativa do proxecto, o verdadeiramente preocupante é que unha entidade como Zona Franca, que asume como competencia propia a promoción económica de Vigo e a súa área de influencia, renuncie a un investimento comprometido que ía ser destinado a mellorar o tecido socioprodutivo desta importante zona de Galicia.

Dende a Xunta non se entende o argumento de inviabilidade técnica esgrimido polo Consorcio Zona Franca de Vigo para non asumir o seu compromiso co proxecto campus FP. Polo tanto, a Xunta lamenta a decisión de Zona Franca porque impide o proxecto; un proxecto

fundamentado no aproveitamento de sinerxías entre o mundo educativo e o empresarial, e impide que poida saír adiante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pomar.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, conselleira, e grazas pola súa claridade na argumentación da resposta. A verdade é que interesante, serio, pioneiro, significativo, son algúns dos adxectivos que empregaron persoas de Vigo, de diferentes ámbitos, para falar deste campus de FP.

Falou vostede de que a Zona Franca tiña consignados uns cinco millóns de euros para isto, é o que vai custar o edificio do reitorado para facer despachos para as persoas socialistas de Vigo que moven alí os títeres. ¡É unha auténtica desgraza! E é unha auténtica desgraza que unha persoa que se cre ao mellor moi iluminada non aposte por este campus de FP porque leva once anos apostando por si mesmo, apostando por si mesmo.

Mire, eu dígolles que fagan vostedes un exercicio moi sinxelo, vaian once anos para atrás, resten todos os investimentos que fixo a Xunta nestes once anos, e borren todas as infraestruturas que construíu a Xunta en Vigo en once anos. ¿Que queda? Unhas escaleiras mecánicas que van, por certo, directas ao concello, que pode ser que ademais as fixera para si mesmo, e non queda nada máis. Non hai legado para o futuro, na cidade está once anos un goberno municipal traballando para si mesmo.

Retiren as axudas ao Consorcio do Casco Vello, retiren as axudas ao naval, as axudas ao sector da automoción, retiren o hospital Álvaro Cunqueiro, a estación intermodal, a Cidade da Xustiza, as axudas ao sector pesqueiro, a ampliación do IFEVI, as sendas peonís etc., etc. ¿Que infraestruturas e que investimentos fixeron eses socialistas para que Vigo sexa de aquí ao futuro unha cidade que poida ter un desenvolvemento como podería ser este campus de FP? Cinco millóns de euros da Zona Franca para algo que ten todo que ver co desenvolvemento económico da cidade, non 5 millóns de euros para comprar un edificio na rúa Areal e facerse un despacho. Esa é a diferenza entre uns e outros. Esa é a diferenza, señora conselleira. Mantémonos preocupados, Abel Caballero é un bluff, é un bluff absoluto. ¿Vostede sabe o que é un bluff? É unha persoa ou cousa que decepciona despois de ter aparentado prestixio ou crear grandes expectativas. Isto é o que nos pasa, perderemos o campus de FP, perderemos ese investimento por parte da delegación da Zona Franca (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque a verdade é que esa é a realidade, é pensar en si mesmo e non pensar no futuro da cidade do sur de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Para o turno de réplica do Goberno, a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

Perdón, espere un segundiño. Silencio, por favor, que están a debater unha pregunta e estou seguro de que todos atendemos como se atende noutros casos. Grazas, señor Losada.

Adiante.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, señor vicepresidente.

Grazas, señora Egerique. Quero reiterar que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional seguirá a apostar pola innovación educativa e a potenciación da Formación Profesional tanto en Vigo como no conxunto de Galicia.

En colaboración cos centros de formación profesional, seguiremos a desenvolver accións orientadas a: primeiro, formar capital humano altamente cualificado, preparado para afrontar os retos tecnolóxicos do mercado; segundo, fomentar o traballo en rede e a coordinación dos centros de formación profesional, permitindo especializar a oferta e incrementar recursos; terceiro, posicionar os centros educativos para asumir os novos retos tecnolóxicos; cuarto, poñer en valor a formación profesional, asegurando un alto nivel —insisto, alto nivel— de inserción laboral; quinto, impulsar a oferta da formación profesional dual, incrementando precisamente a colaboración con empresas da comarca.

Entendemos que a marcha do Consorcio da Zona Franca impide desenvolver con garantías o proxecto campus FP en Vigo. Corresponde precisamente á entidade que renuncia a cumprir coa súa parte do proxecto explicar aos vigueses e aos galegos os motivos reais de abandonar un proxecto de carácter pioneiro en España.

Pola súa banda, o compromiso da Consellería co campus FP de Vigo estaba recollido nos orzamentos do 2018 cunha partida de 250.000 euros para a redacción do proxecto da obra que tiña que executar Zona Franca. A mesma cantidade foi trasladada ao Proxecto de orzamentos do 2019, xa que non se tiña coñecemento da renuncia do consorcio e a actuación estaba programada para o vindeiro ano.

Crear o campus FP en Vigo respondía á oportunidade que implicaba aproveitar as sinerxias entre centros educativos e sector empresarial a través dunha alianza cun axente como Zona Franca, con especial interese na promoción económica e no emprendemento, unha figura que non existe en ningunha outra cidade galega.

Insisto, a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional seguirá a apostar pola innovación educativa e pola potenciación da formación profesional en Vigo e no conxunto de Galicia.

Corresponde, polo tanto, ao Consorcio da Zona Franca explicar, aos vigueses e aos galegos, os motivos reais de abandonar un proxecto de carácter absolutamente pioneiro en España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Luca Chao Perez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, vicepresidente.

Conselleira, bo día.

Despois do anuncio publicitario ao que acabamos de asistir, permitíranos á oposición facer unha pregunta, que é para o que se supón que é este tempo. Unha nova pregunta sobre os tesoirazos constantes ao ensino público galego por parte do seu goberno, porque lamentablemente, como temos dito, este inicio de curso comeza outra vez como veñen comezando todos os cursos escolares dende que o Partido Popular se serviu da escusa da crise para ir recortando os nosos dereitos con recortes constantes: con menos aulas, menos profesores, menos mestres, menos especialistas —temos 1.200 docentes menos—, en definitiva, con menos dereitos para todas.

Brión, Roxos, Allariz, Ordes, Cariño, son casos que protagonizaron este inicio de curso que ten vostede sobre a mesa sen atender, protestas das comunidades educativas ao comprobar que, ano tras ano, teñen menos recursos para atender as súas necesidades, e queren respostas. Como acontece en Ares, onde hai semanas que a comunidade educativa do CPI As Mirandas vén denunciando a situación que padecen tras serlle recortado un dos mestres de educación infantil, unha praza que non se cubriu na adxudicación provisional trala xubilación do seu titular o curso pasado.

Un mes despois do inicio das clases, a Consellería —vostede— segue a dar a calada por resposta, ignorando estas demandas e pisoteando os dereitos das nenas e nenos do centro. Como sabe, a Orde do 12 de agosto de 2010, pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial, establece o número de unidades e de postos de traballo docentes que corresponde prover polas funcionarias e funcionarios do corpo de mestres e mestras no centro que hoxe nos ocupa. Segundo esta norma, ao CPI As Mirandas correspóndenlle oito postos de traballo —oito—. Non o di o colexio, non o din as familias, non o di En Marea, dixérono vostedes, dino o DOG, está aquí publicado, dío o seu propio catálogo. Por iso consideramos que o recorte da praza docente citada no ciclo de infantil é ilegal, pois a mesma inclúese no catálogo que —insistimos— vostedes mesmos aprobaron.

Pero hai máis, porque este recorte non só vai en contra da norma, senón que é irracional e inoportuno porque estamos ante unha desas *raras avis*, un centro escolar no que medra a

matrícula. Cómpre lembrar que no pasado curso no CPI As Mirandas contaron cun total de 79 alumnas e alumnos de infantil, distribuídos en 6 aulas, con 6 mestres titulares e 2 de apoio, tal e como establecía o catálogo. Malia ao importante aumento da matrícula neste ano, pois aumentaron en 15 as nenas e nenos nesta etapa educativa, vostedes decidiron eliminar un dos mestres que lles correspondían sen explicación ningunha, sen consenso ningún.

Por todo isto, a comunidade educativa, a dirección do centro, as familias, o pleno municipal, mesmo a voceira do Partido Popular en Ares, que é profesora neste centro, insisten na petición da cobertura desta praza de xeito urxente, precisamente por estarmos diante das nenas e nenos máis pequenos, un dos grupos educativos que, como sen dúbida saberá, maior atención educativa require.

Por iso preguntamos, ¿que motivos explican o incumprimento do catálogo neste centro? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, vicepresidente.

Bos días de novo a todas e a todos.

Señora Chao, á hora de abordar os asuntos educativos todos deberíamos ter conciencia de que non hai fotos fixas nin permanentes, por iso con frecuencia hai que facer adaptacións que permitan garantir que todo o alumnado galego, con independencia de onde vivan, vexa cubertas de maneira xusta e acaída as súas necesidades.

A realidade de cada centro educativo vese modificada pola matrícula de cada curso escolar, polo tanto, as necesidades do alumnado poden variar dun ano a outro, e, en consecuencia, hai que tomar decisións. Así, con frecuencia hai que facer adaptacións, e iso non pode interpretarse como incumprimento das normas xerais sobre catálogo.

Neste curso 2018-2019, o CPI As Mirandas, de Ares, pasou de ter 94 alumnos en infantil e 216 en educación primaria aos 77 e 216 alumnos respectivamente do curso pasado. Tendo en conta estes datos, a organización do centro quedou establecida en 6 unidades, ou aulas, en educación infantil, cunha media de 15 alumnos por aula; e 11 unidades en educación primaria en funcionamento, cunha media de 19 alumnos por aula. Polo tanto, resulta evidente que as ratios, tanto en infantil coma en primaria, están moi por debaixo da ratio de 25 alumnos por aula establecida legalmente.

Así, tendo en conta o baixo número de alumnos por aula, a dotación docente de mestres de infantil é de 7, mentres que na educación primaria é de 10. Ao tempo que a dotación de pro-

fesores especialistas en pedagogía terapéutica é de 2, en lugar de 1, que é o sinalado polo catálogo. O que critican como incumprimento do catálogo é realmente unha dobre adaptación ás necesidades educativas, que implica substituír un mestre en infantil polo reforzo dun especialista en pedagogía terapéutica; cuestión da que non se fala, cando é máis benéfica para o conxunto do alumnado deste centro de Ares.

A decisión de Inspección Educativa de aumentar a dotación dun especialista en pedagogía terapéutica, a maiores do que ten por catálogo, permite, por unha banda, reforzar o departamento de orientación do centro e, en consecuencia, a atención á diversidade e ás necesidades específicas de apoio educativo. E, por outra, ao ser baixa a ratio de alumnado, este especialista poderá atender os apoios establecidos polo catálogo, ademais das intervencións específicas do departamento de orientación.

Ademais, formar parte dun centro con 11 unidades de primaria en funcionamento implica para o alumnado poder participar dos beneficios da dotación de profesorado especialista, que implica reforzar o traballo dos especialistas en inglés e audición e linguaxe, que lles corresponden a seis unidades de educación infantil, coa atención docente dun segundo especialista en inglés, un de francés, un de educación musical, dous de educación física e dous de pedagogía terapéutica.

Outro aspecto importante destas características no centro e que cómpre ter en conta é a posibilidade de que os mestres das diferentes especialidades poidan prestar apoio nas unidades do segundo ciclo de educación infantil.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, señora conselleira.

Mire, a pregunta era concreta: ¿que motivos explican o incumprimento de catálogo neste centro, pero por debaixo, non por riba? Vostede pode tratar de distraer a atención falando de PT, pero sabe vostede perfectamente que os PT non son especialistas en educación infantil, que é do que estamos falando. Queremos falar de educación infantil, non de remendos, non de horas extra que nos sobran doutros especialistas e que entón imos ver como tapamos.

Non, o certo é que no seu catálogo —que non o escribimos nós, escribiuno vostede— di «oito especialistas en infantil». E vostedes decidiron suprimir un sen ningunha explicación. Non a deu aquí vostede. ¿Acaso agora cumprir o catálogo...? Bueno, ¿que é o catálogo entón? Gustaríanos que nos explicara iso na súa quenda. ¿É papel mollado? É unha foto fixa. Agora, cando a leis non nos gustan, imos dicir: nada, é unha foto fixa. Tomamos nota, é unha foto fixa e, claro, como a realidade é cambiante imos ir cambiando. Bueno, muden o catálogo, igual hai que adaptar os catálogos, por suposto.

Por suposto que hai que adaptar os catálogos ante as necesidades moi grandes que hai nos centros educativos que vostedes non están cubrindo. Hai que adaptar os catálogos cando temos nenas e nenos con dificultades nos centros educativos que non están tendo os especialistas nin en PT nin en AL que precisan. Adaptemos o catálogo, cubramos de verdade as necesidades da xente, pero o que non pode ser é que o catálogo quede sen cubrir por debaixo. Iso é, dende logo, o que non podemos asumir.

A cuestión de fondo é se vai ser esta a política da súa consellería. ¿Vai continuar —parece que si— pola senda curtopracista do seu predecesor no cargo? ¿Vai estar comprometida vostede coas contas e non coa cidadanía de Galicia? ¿Vai seguir primando a carteira aos intereses das nenas e nenos de Galicia? Porque, mire, señora conselleira, hoxe é Ares, unha escola pequena do rural do noso país, ese que vostedes din defender tanto, ese que precisa servizos de calidade, de cercanía, para ser un lugar vivo, para poder fixar poboación. Falamos de 94 nenos e nenas que teñen que ter os mesmos dereitos que as nenas e nenos que van aos colexios no centro de Santiago, da Coruña ou de Vigo, aos que non se lles di que é igual non ter un especialista en infantil «porque, total, tedes un PT», non. Teñen o dereito a un servizo da máxima calidade, próximo e adaptado ás súas necesidades. A supresión dunha praza docente para as máis cativas supón unha importante perda para o alumnado desta etapa educativa, supón privalos dun mestre especialista; unha perda especialmente sensible para as nenas e nenos que comezan a súa educación e, polo tanto, requiren unha atención especial. Por iso existe esta especialidade.

Na súa man está posicionarse do lado da norma e dos dereitos —polo visto, esa foto fixa que non lle merece atención—, é dicir, de recuperar a praza inxustamente eliminada, ou do lado da arbitrariedade e da miseria. Na súa man está, en definitiva, dicirlle á xente de Ares, á xente de todo o rural deste país, se vai ter os mesmos dereitos que o resto da cidadanía ou se o cumprimento do catálogo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...vai ser un capricho para usar cando a vostedes lles interese. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, señor vicepresidente.

Señora Chao, a miña primeira intervención foi de carácter técnico, moi técnico. Porque, unha vez máis, vostedes pretenden facer política e empregar o seu argumentario de recortes sen atender á realidade do mundo educativo. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Tendo en conta o explicado anteriormente respecto do número de alumnos por aula, pódese concluír que a falta do segundo mestre en educación infantil de apoio no CPI As Mirandas,

de Ares, non supón unha mingua na atención educativa que recibe este alumnado, nin na calidade do seu ensino. Ademais, este alumnado é o de infantil, e o de infantil benefíciase dun especialista en pedagogía terapéutica a maiores do catálogo.

Nun sentido estrito tampouco supón un incumprimento das normas xerais sobre o catálogo porque realmente estas normas xerais poden ser adaptadas á realidade do alumnado matriculado no centro. Vostedes critican unha parte e omiten outra porque neste centro educativo de Ares dáse unha dobre adaptación ás necesidades educativas, que implica a perda dun mestre de infantil ao non cubrir a xubilación pero tamén o reforzo dun especialista en pedagogía terapéutica, cuestión da que evitan falar. Así, o que presenta como recorte é realmente unha mellora da organización dos recursos docentes do centro, atendendo á nova realidade do centro neste curso escolar, formada por, primeiro, o tipo de centro —pois non é o mesmo que se trate dun centro de infantil que dun centro de infantil e primaria—; segundo, os datos da matrícula —pois non é igual ter unha ratio de 25 alumnos por aula que ratios de 15 alumnos por aula—; terceiro, o conxunto da dotación docente do centro —pois non é o mesmo ter oito profesores de educación infantil, un especialista de inglés e un de audición e linguaxe que ter unha dotación real de sete mestres de infantil, dez de primaria, dous de filoloxía inglesa, un de filoloxía francesa, un de educación musical, dous de educación física, dous de pedagogía terapéutica e un de audición e linguaxe—.

Ademais, a dispoñibilidade horaria do profesorado de infantil e primaria, excluídos os especialistas en atención á diversidade e descontadas as horas de garda, tamén ofrecen unha marxe de horas para reforzos e apoios nas diferentes aulas. Por iso entendemos que a dotación docente do CPI As Mirandas, de Ares, cobre de forma satisfactoria as necesidades do alumnado de infantil e de primaria, que continuarán a recibir a educación de calidade que viñan recibindo en igualdade de condicións co resto dos centros educativos.

Fronte ás críticas e as alarmas que con demasiada frecuencia se trasladan dende a oposición, o conxunto da sociedade ten que entender que os recursos educativos son os que a Administración educativa ten a obriga de organizar de maneira equitativa para que todo o alumnado galego, a espiña dorsal do noso sistema educativo, vexa cubertas de maneira xusta as súas necesidades. E non podemos esquecer que a axeitada organización dos recursos está e estará a contribuír a mellorar a calidade do ensino galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso da dotación da provincia de Lugo cun centro integral de referencia para as persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autismo, TEA

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, antes de nada, desculpen as molestias por facer política. Eu creo que é ao que viñemos todas e todos.

Nesta pregunta imos falar de valados, señora conselleira, dos valados que aínda quedan na sociedade para sermos realmente unha sociedade inclusiva. E imos falar de valados porque as mulleres — porque son fundamentalmente mulleres — das asociacións que traballan no eido dos trastornos do espectro do autismo da provincia de Lugo propuxéronnos unha analogía ben reveladora que queremos trasladar aquí.

Todas e todos somos conscientes de que a unha persoa con mobilidade reducida que vai nunha cadeira de rodas non lle podemos pedir literalmente que salte un valado. Pero ás persoas con TEA pedímoslles día a día no ensino, na socialización, nos empregos, actitudes que para elas son valados. Así que vaia por diante, pois, que esta pregunta é tamén para pedir expresamente unha maior concienciación no eido de como se trata o autismo.

Pero a pregunta é moi concreta, é se a Xunta vai contribuír á existencia na provincia de Lugo dun centro integral de tratamento para as persoas con trastornos do espectro do autismo. ¿Por que? Porque falamos dunha provincia que ata o momento non ten ningún centro de atención ás persoas con autismo. Agora parece que por fin se desbloquea o centro de día. Pero apelamos a que a Xunta, como responsable das políticas sociais, non derive, non descargue, a responsabilidade en asociacións, concello ou deputación da obriga que ten de garantir a igualdade a todas as persoas.

E obviamente non é a única necesidade da provincia de Lugo ter un centro integral. ¿Por que? Porque falamos tamén de que o diagnóstico dos TEA é fundamental. E é complexo o diagnóstico, faise nos primeiros anos de vida. E para iso son fundamentais tamén os tratamentos precoces, para que as terapias teñan a máxima eficacia posible.

E neste sentido aproveitamos tamén a pregunta para denunciar unha vez máis o atraso histórico na nosa comunidade a respecto do despregamento da atención temperá, ese servizo fundamental para garantir mellorar a posibilidade de que os nenos e nenas con trastornos de desenvolvemento pois poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

Temos aí os orzamentos de 2019, Lugo segue estando tamén, por riba, á cola de Galicia, e con só dúas unidades de proximidade. E, ademais, na unidade de rehabilitación infantil e atención temperá do HULA só hai unha praza de logopeda —lembramos isto— e ten lista de agarda. Constantemente falamos da precariedade de medios para atender a igualdade de todas as persoas.

¿Por que pedimos un centro integral? Pois é unha proposta que as asociacións Raiolas e Capaces nos trasladaron e que nos parece perfectamente acaída e necesaria para a provincia de Lugo. Agardamos que a Xunta se comprometa con ela. Porque un centro integral permitiría ter tratamentos individualizados, tan necesarios para as persoas con TEA, ter tamén pois non só obradoiros de socialización, non só un centro de día terapéutico, tamén talleres e posibilidades de prepararse para o mercado laboral. Porque estas persoas teñen unhas necesidades específicas e unhas dificultades específicas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁQUEZ VERAO: Tamén o que si sabemos é o que significa non ter un centro na nosa provincia. Significa desprazamentos, significa romper rutinas de persoas con TEA. E mesmo significou que persoas con TEA se tiveran que trasladar para ir a outros centros, para ir a unha atención que precisan.

Así pois, agardamos unha resposta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra por parte do Goberno a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Vázquez Verao, o obxectivo da Xunta de Galicia é que a nosa comunidade sexa o mellor lugar para nacer, para crecer, para vivir e para facerse maior. Por iso temos especialmente presentes aquelas persoas que por ter nacido con capacidades diferentes afrontan máis dificultades no seu día a día e necesitan o apoio da sociedade galega para superalas.

Garantirlles ás persoas con distintas capacidades, e ás súas familias, unha atención axeitada ás súas necesidades é unha prioridade para este Goberno. Por iso dende o ano 2009 creamos máis de 1.100 prazas públicas novas de atención á discapacidade. Isto supón un incremento dun 25 % con respecto ao ano 2009. Incremento que sitúa a Galicia na cifra total de 5.438 prazas públicas á disposición das persoas con distintas capacidades. Ademais, o orzamento destinado á discapacidade incrementouse nun 58 % dende o ano 2009. E no proxecto de lei de orzamentos que xa está neste Parlamento prevese un novo incremento de preto dun 3 % dos fondos destinados á discapacidade para o vindeiro ano 2019.

Estamos a falar, señorías, de que a Xunta de Galicia destinará no ano 2019 preto de 106 millóns de euros á atención á discapacidade, 41 millóns de euros máis que hai nove anos. Ademais, a nosa aposta por reforzar a atención á discapacidade non só foi cuantitativa, con máis fondos, senón tamén cualitativa, con máis recursos á disposición das familias galegas. Así, por exemplo, para previr e para abordar o antes posible os trastornos no desenvolvemento creouse a Rede galega de atención temperá, que hoxe xa se compón de 16 unidades que dan servizo a 92 concellos galegos, e para a que incrementamos o orzamento nun 13 %.

No caso das persoas con TEA o compromiso do Goberno galego traduciuse en avances concretos: protocolos específicos de actuación no sistema educativo, convenios de colaboración coas distintas entidades sociais de Galicia, máis prazas públicas ou instalación de pictogramas no edificio administrativo de San Caetano para que todas as persoas con TEA que precisen facer calquera trámite atopen unhas instalacións adaptadas e accesibles.

As persoas con TEA necesitan profesionais cualificados que as estimulen, formen e que as axuden a ser cada vez máis autónomas. E na provincia de Lugo dispoñemos de 822 prazas de atención á discapacidade sostidas con fondos públicos. Ademais, os nenos e as nenas con TEA de Lugo poden recibir os servizos de profesionais das cinco unidades de atención temperá que hai nesta provincia. E, como lle dicía ao principio, o compromiso da Xunta coas persoas con TEA e as súas familias está fóra de dúbida e seguiremos sempre reforzándoo.

Por suposto que todo é susceptible de mellora. A pesar de todos os avances que lle acabo de expoñer, como os centros de atención á discapacidade ou as unidades de atención temperá, aínda quedan moitas cousas por facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): ...pero seguiremos sempre avanzando por este camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, ¡mire que era ben fácil a pregunta!, era se a Xunta se compromete coa necesidade dun centro integral de tratamento dos trastornos do espectro do autismo na provincia de Lugo. Porque —repito— se o noso país é o mellor lugar para crecer, se é o mellor lugar para crecer a provincia de Lugo, ¿por que nenos e nenas con autismo, despois, cando xa son mozos e mozas, teñen que desprazarse dos seus lugares, mesmo teñen que mudarse e romper as súas rutinas para ir a un centro? ¿Por que no ano 2017, 2018, no século XXI, houbo nenos e nenas que para poder sufragar as súas terapias tiveron que recorrer a Cáritas? Trasladáronnolo as asociacións que traballan co autismo en Lugo. ¿Por que, se é o mellor lugar para crecer, esa rede galega de atención temperá da que tanto se gaban segue sendo tan precaria, porque non é certo que teñamos unha cobertura en todo o territorio? ¿Onde teñen que ir as persoas, os nenos e nenas, dos sur da provincia, por exemplo? Teñen que ir a Lugo, ¿verdade?

Gábase de aumentar o orzamento. Pero é que, fíxese, os orzamentos que presentan no 2019 para atención temperá son só un 18,8 % do investimento que sería preciso para cubrir toda a poboación susceptible de precisar atención temperá, que sería o 5 % da infancia de 0 a 6 anos. Non nos vale. E ¿onde están as cinco unidades da provincia de Lugo? Corríxanos, pero está a de proximidade da Mariña, a nova de Mondoñedo e a unidade do HULA —que lle falta logopedia—. ¿Ten previsto que abra algunha máis?

Encima —xa o falaremos noutra comisión—, ese galimatías burocrático, ese financiamento non estable que teñen para atención temperá, realmente desincentiva os concellos para ter este servizo.

Mire, tampouco é o mellor lugar para crecer a provincia de Lugo cando a un alumno con trastorno do espectro autista se lle di que, para ir ao centro de educación especial, pase de facer un traxecto no seu transporte de cincuenta minutos por viaxe a máis de dúas horas, máis de dúas horas cun trastorno do sono, que tamén o teñen moitas veces estas persoas con TEA —un alumno da Fonsagrada—. E, por riba, a Xunta case lle di que desincentive e que siga indo a ese centro de educación especial, cando ademais se pode ir a estes centros ata os 21 anos, a pesar de ter 18.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: En resumo, nós queremos compromiso con servizos que garantan a igualdade de oportunidades. Non vale dicir que este é o mellor lugar para crecer cando persoas, cando nenos e nenas con dificultades económicas, non poden acceder ás súas terapias, ás terapias que precisan. Queremos compromiso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...cun centro integral de atención ao autismo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Eu volvo incidir no que lle dicía antes. Aínda non podemos darnos por satisfeitos no que respecta á atención ás persoas con discapacidade. Aínda non podemos dicir que os nosos esforzos nesta área están completos. Evidentemente temos que seguir mellorando, destinando máis fondos e creando máis centros cunha especialización cada vez maior. Pero tampouco podemos obviar os grandes avances que se levaron a cabo dende o ano 2009. En 2009 tiñamos menos de 4.400 prazas públicas de atención á discapacidade, hoxe temos 1.100 prazas públicas máis. En 2009 a provincia de Lugo ofrecía menos de 600 prazas públicas para este colectivo. Hoxe esta provincia dispón dun 37 % máis de prazas. En 2009 as unidades de atención temperá só cubrían 15 concellos en toda Galicia. Hoxe o número de concellos beneficiados multiplicouse por seis. E ¿onde están? Na provincia de Lugo, tres da rede galega de atención temperá, que dan cobertura a 15 concellos en Lugo, dous nesa cidade —Lugo cidade— e Burela. ¿Significa isto que xa está todo feito e que podemos baixar os brazos? Pois evidentemente non, aínda queda moito por facer, pero significa que estamos avanzando polo bo camiño.

Nos últimos meses introducimos melloras e importante axilización nos procesos de valoración da discapacidade, e reforzamos un 74 % o número de equipos. E pódolle asegurar que estas medidas seguirán chegando.

E na provincia de Lugo seguiremos apoiando con fondos públicos o importante labor que fan nos seus centros entidades como as nais do San Vicente de Paúl, Aspanaes, Cogami ou

Fudace, entre outras moitas. E seguiremos apoiando e estando ao carón da asociación de persoas con TEA Raiolas, coa que xa colaboramos no cofinanciamento dun programa socio-sanitario e con outro de información, orientación e apoio psicosocial aos familiares cuidadores de persoas con TEA, e coa que tamén colaboramos en materia educativa.

E, de feito, señorías, neste ano 2019 o orzamento para manter as prazas de discapacidade sostidas con fondos públicos na provincia de Lugo vaise incrementar un 6 %, porque o compromiso do Goberno galego coa discapacidade é permanente e é inquebrantable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Antes de pasar á seguinte pregunta, dámoslle a benvida á Asociación Provincial de Consumidores e Usuarios da Coruña, que nos fai unha visita, e tamén, loxicamente, ao resto de invitados dos distintos grupos parlamentarios e da Presidencia.

Pasamos agora á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os programas da Xunta de Galicia destinados a incrementar o consumo de leite

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Vega Pérez.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, facémoslle esta pregunta pero previamente quero felicitalo polo novo cargo, que eu creo que vostede o merece. Vostede está chamado a traballar por Galicia e por todos os gandeiros. Iso en primeiro lugar.

En segundo lugar, queremos preguntarlle polo sector lácteo. Vostede sabe que o sector lácteo está vivindo unha certa estabilidade de prezos e tamén está vivindo unha certa estabilidade na súa transformación. É dicir, aí podíamos coincidir todos en que tiñamos que dar pasos máis importantes para seguir avanzando. Sabe vostede e saben todos os señores parlamentarios que o sector lácteo é moi importante e é fundamental para os traballadores do sector e para o conxunto de Galicia. Sen lugar a dúbida o sector lácteo transformouse —iso sábeo perfectamente vostede—, tivo unha transformación fundamental na súa xenética, é dicir, no gando que está nestes momentos nas explotacións. Aí a xenética xoga un papel fundamental e por iso lle pido que siga investindo na xenética e sigamos apostando por laboratorios como pode ser Xenética Fontao.

Nesa produción láctea tamén é fundamental a alimentación; é dicir, se queremos ter un produto lácteo de calidade, temos que saber perfectamente que as ganderías deste país están facendo un gran esforzo en mellorar a súa alimentación a través da forraxe. É dicir, xa non soamente temos explotacións en intensivo, senón tamén en extensivo e en semiextensivo.

Hoxe é unha realidade o leite de pastoreo, como producían con anterioridade moitos dos nosos gandeiros. E eu congratúlome, e todo o Grupo Parlamentario Popular nos alegramos, de que sigamos avanzando e poñendo en valor esas ganderías que están apostando polo pastoreo.

Na miña comarca, e en todo o conxunto de Galicia, creo que temos que seguir avanzando. E temos que seguir avanzando nas políticas de benestar animal. Sen ningunha dúbida, iso márcalo Europa —moitas das nosas políticas de benestar animal—, pero nós temos que saber adaptarnos. Non podemos dicir que iso é algo banal ou algo menos importante. Non, a política de benestar animal xoga un papel fundamental nas ganderías. Un bo gando, unha boa gandería nunhas instalacións en perfectas condicións, coas súas medidas regulamentarias, é fundamental tamén para o leite de calidade.

Sen lugar a dúbida, deille tres importantes puntos: a alimentación, a xenética e o benestar animal. Iso transfórmase nun produto lácteo de alta calidade. E cremos que é importantísimo traballar para potenciar o consumo de leite en todos os ámbitos da sociedade, en todos. Por iso lle pregunto que programas desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite entre os nosos consumidores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vega.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente

Moitas grazas, señor Vega, polos seus parabéns. Agradézollos.

Eu teño que dicir, en primeiro lugar, por suposto, que o sector lácteo ten unha importancia fundamental no noso rural e temos que traballar entre todos para incrementar o consumo de leite entre os consumidores e, ademais, por que se perda esa banalización, como vostede dicía anteriormente, do leite.

A Xunta de Galicia traballa hoxe con tres grandes programas para o incremento do consumo de leite: o programa de axuda de leite escolar, «Galega 100 %» e o Plan proxecta.

Falando xa, en primeiro lugar, do Programa de axuda de leite escolar, esta é unha medida integrada na PAC. Saben todos vostedes que agora estamos discutindo este tema, pero aí estamos traballando nós tamén para apoiar o noso sector lácteo. En Galicia esta axuda está xestionada por un organismo moi importante, que é o Fondo Galego de Garantía Agraria. E aínda que tivemos algún inconveniente no seu funcionamento na implantación deste programa, o certo é que, a partir do curso 2017-2018, a Unión Europea estableceu un novo réxime de axudas e fusionou os anteriores programas de froita escolar e leite escolar nun só, que agora se denomina «Programa escolar de froitas, hortalizas e leite». A principal novi-

dade é que a distribución do leite nos centros escolares é financiada ao cen por cento pola Xunta de Galicia.

¿Cales son as finalidades aquí? Aumentar o consumo de leite nos centros escolares, promover hábitos de consumo regular no alumnado e a estabilización dos mercados de Galicia. Como dicía, subvencionado ao cen por cento, chegamos este ano a 222 centros de toda Galicia e beneficiamos a máis de 85.000 alumnos, cun orzamento total de 750.000 euros.

O programa «Galega 100 %» é unha aposta importante desta consellería polo apoio á orixe do noso leite. Temos que defender a calidade do leite galego.

E, por último, co Plan proxecta, en colaboración coas consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional, Sanidade e Mar, traballamos na modalidade de lácteos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...no programa «Aliméntate ben».

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, grazas pola resposta. É pouco tempo o que nos dan *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)*, pero é verdade que vostede respondeu en perfectas condicións.

Máis alá das risas, a min parécenme moi importantes todos estes proxectos que está a desenvolver a Xunta de Galicia en coordinación coa Unión Europea. Sen lugar a dúbidas, estamos en conexión permanente coa civilización e co adianto. Sen lugar a dúbidas, creo que ás veces hai certos discursos que poden levar á confusión, e gustaríame que se fixera unha reflexión co prezo do leite e con todo o que está a acontecer no sector lácteo. Como dicía con anterioridade, o sector lácteo está vivindo unha estabilidade. Iso non significa que nos teñamos que conformar, pero si que hai que dicir con total tranquilidade que o sector lácteo non lidera pancartas de manifestacións. Outros seguramente queren que acontecera iso. O sector lácteo hoxe está traballando da man coa Administración. E cando se din certos prezos do leite estamos a confundir a mensaxe. Hoxe non hai un prezo do leite por igual en todas as explotacións. Porque se di en moitas ocasións: «Non, o leite págase a 30 céntimos». Non, error, o leite en moitas ganderías saben vostedes que se paga por calidade, e en moitas ganderías están cobrando o prezo do leite a 35 céntimos ou a 34 céntimos. E hai que explicar, perfectamente, un, que o leite o paga a empresa, non a Administración pública. Segundo,

que o paga con base en calidades. E esa é a mensaxe que temos que lanzar. E tamén hai que dicir que o leite ecolóxico se está pagando a 0,50 céntimos.

Eu creo que isto é importante.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega, terminou o seu tempo. Grazas.

O señor VEGA PÉREZ: E creo que vostede nos ten que dicir en que situación...

O señor PRESIDENTE: Señor Vega, terminou o tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente

Falando precisamente do sector lácteo, que repito que para nós é importantísimo dentro do desenvolvemento do noso rural e ademais é unha potencia a nivel europeo, teño que dicir que está a facer unha reestruturación do modelo produtivo cara a explotacións máis eficientes e rendibles.

O progresivo incremento da produción nos últimos anos indica unha tendencia positiva de consolidación da competitividade do sector. Miren, entre agosto de 2017 e o mesmo mes deste ano a produción en Galicia medrou nun 2,6 %. E o incremento acumulado nos dous últimos anos chegou a case que o 6 %.

Con respecto ao prezo, o certo é que se mantén estable na liña dos 30,3 céntimos por litro neste último ano. Ademais, en relación con agosto de 2016 hai un incremento do 11,4 % no prezo que cobran os gandeiros. E, como moi ben sinalaba vostede, hai diferenzas, pero estase observando que hai unha tendencia clara á alza.

É evidente, pois, que o redimensionamento do sector non afecta a produción total do leite. De feito, os produtores da nosa comunidade facturan no 2017 unha cifra impresionante, algo máis de 775 millóns de euros, o que representa respecto do exercicio anterior un incremento do 9 %. Hai un proceso claro de profesionalización e redimensionamento do sector. Plásmase no feito de que case 800 explotacións individuais se integraron en sociedades nos últimos anos. Isto non é malo, é o fortalecemento do sector. Hoxe mesmo temos o anuncio dunha nova fusión, máis de 3.000 cooperativistas que van, probablemente, fusionarse —Aira e Cusoviam— . Polo tanto, temos tamén outra boa nova interesante, que é que unha de cada dez explotacións está dirixida nestes momentos por mozos menores de 30 anos. Nos anos 2016 e 2017 incorporáronse ao sector lácteo máis de mil mozos.

Galicia, señorías, segue a ser líder nacional tanto en número de gandeiros como en produción leiteira, e avanza tamén no impulso da transformación e posta en valor do leite. Esta ten que ser a nosa aposta, o valor engadido, o incremento do prezo. ¿Que fai a Xunta aquí? Apoiamos esta liña de traballo e achegamos cada ano preto de 30 millóns de euros para a transformación de produtos agroalimentarios. Neste sector do leite este ano chegamos a un investimento previsto de 64 millóns de euros en proxectos de transformación. Polo tanto, boas noticias para o noso sector lácteo, sector lácteo que vive un momento de estabilidade. Cada vez existe máis equilibrio e transparencia no funcionamento da cadea de valor do leite. Neste sentido, agardamos que todos esteamos co sector lácteo e todos traballemos a prol para conquistar que siga a ser un dos nosos motores do noso rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Debatemos agora de xeito acumulado dúas preguntas:

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar no sucesivo episodios como a vaga de lumes que asolou Galicia en outubro de 2017

Pregunta de D. Moisés Blanco Paradelo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das modificacións introducidas na política forestal, en materia de prevención e extinción de incendios forestais, un ano despois da vaga de lumes de outubro de 2017 e tras o remate da comisión especial de estudo ao respecto

O señor PRESIDENTE: Encomeza formulando a pregunta o señor Rivas Cruz, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Avisou en 2006 e tomáronse medidas de profundo calado que foron abortadas no 2009 por un PP ávido de revancha e ebrío dun resultado electoral co que non contaban. Perdidos nove anos en servizos a Ence e ao taboleiro en forma de permisividade e de forestacións anacrónicas, caóticas e perigosas, outubro de 2017 manda outro recado que proporciona un baño de crúa realidade ao soberbio e exultante goberno do eucalipto. As 49.000 hectáreas en tres días, catro mortes, cuantiosas perdas e unha frustración na alma dos galegos exixen un lavado de cara e unha posta en escena que, sen ir á raíz do problema, a estrutura e ordenación do noso territorio, provocan na xente o efecto propagandístico de que se está facendo pero sen facer nada. E xorden as trinta medidas da vergoña.

Porque, señor conselleiro, as trinta medidas anunciadas polo señor presidente, ademais de escasas, resultaron ser un compendio de mentiras, nomeadamente no que respecta ás axudas de recuperación do queimado e mais á xestión das franxas de seguridade; e tanto as secundarias, ás que non lles dan futuro, como as terciarias, que non se xestionan porque á Xunta e ao Estado non lle dá gana e non lles tose ninguén.

Pero o máis grave é que as axudas á prevención volveron convocarse en febreiro e resolvéronse en agosto, cando é tempo de alto risco e a prevención chega tarde a moitos lugares. ¡Vaia! , coma sempre. Nada mudou.

E, por último, as necesarias medidas de calado, que son a ordenación do territorio, o mosaico, a superación da atomización da propiedade indo a un aproveitamento do monte en sociedade alí onde a propiedade individual é escasa, esas medidas están aínda no tinteiro e non hai pluma para escribilas. Porque para iso cómpre ter valentía política e mais certeza de país. Esa certeza non a marcan os votos, vén marcada pola fe na potencialidade deste país, terra e pobo, e no aproveitamento sostible e multifuncional do territorio en beneficio de todos. Porque todos, e non só uns cantos, conformamos isto que demos en chamar, desde hai xa máis de dous mil anos, a Gallaecia. E a eses todos pertence ese aproveitamento.

O caos na ordenación, o cambio climático, as desaforadas políticas de forestación indiscriminada e un desprezo polo sentido común fai que sigamos estando a mercé do que a meteoroloxía advirta e os esqueiros de catro enaxenados marquen.

Por iso, pola constatación de que non mudou nada, e compartindo o temor da sociedade galega a cada atisbo de fume que se albisque no horizonte, é polo que lle facemos esta pregunta, conselleiro, sabendo, si, que hai escasamente un mes que tomou posesión pero sabendo tamén que é continuador de políticas fracasadas co medio rural do goberno do que forma parte e que é a súa obriga responder por todo o ano que pasou desde que as chamadas xeneralizadas perturbaron os nosos corazóns. ¿Considera vostede que se tomaron as medidas necesarias desde o Goberno de Galicia para evitar no sucesivo episodios como o dos tres días de outubro de 2017? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Ten agora a palabra o señor Blanco Paradelo, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, xa acaba de ver vostede, nada mudou. Eu espero que na súa resposta deixe isto perfectamente claro.

Hai unhas semanas producíanse varios lumes en Galicia, destacando o que se desenvolveu en Mondariz, que trouxo á memoria de todos o sucedido hai un ano na terrible vaga de lumes de outubro de 2017, na que entre outros danos temos que lamentar catro falecementos. E tamén queremos mandar desde aquí un recordo sincero e agarimoso ás súas familias.

Como puido escoitar, raudos e veloces saíron algúns portavoces e responsables políticos de partidos que hoxe están na Cámara, tal e coma se os estiveran esperando. [*Ou mesmo podería parecer, ¡podería parecer!, que ata os estiveran desexando*] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento*) para cargar contra a Xunta de Galicia, e mesmo contra vostede, que fora nomeado escasamente había unhas horas conselleiro do Medio Rural. (*Murmurios.*) E todo ¿para que? Para xustificar a súa negativa a querer

formar parte dun gran acordo de país que alcanzamos entre o Grupo Socialista e o Grupo Popular. Agora temos que escoitar que nos digan que falta valentía aqueles que prefiren votar que non para seguir ideoloxicamente defendendo as súas posicións.

Foi un traballo dunha comisión de estudo, que se obvia, na que participaron 60 comparecetes de distintos ámbitos da sociedade, dos cales 41 foron propostos polos grupos da oposición. Contou con 47 solicitudes de información, das que 32 figuraban tamén nas propostas da oposición; dous meses de comparecencias, dous meses de traballo en ponencia, diferentes reunións, un total de oito meses de arduo traballo que trouxeron consigo un documento de 123 medidas e, como digo, propiciaron un acordo de país entre o Partido Popular e o Partido Socialista. Mentres que o Bloque Nacionalista Galego e En Marea, aínda que compartían máis do 80 % das recomendacións, preferiron —dun xeito moi valente, como podemos ver— quedar á marxe e votar en contra —tamén puideron absterse— cun obxectivo que desde o meu punto de vista era claro: escenificar un «non» para seguir utilizando este tema e tratar de sacar rendementos electorais con fins partidistas e non pensar no país.

Tivemos que escoitar que o PP ten un plan para exterminar o rural e mesmo o señor Villares dixo: «Vostedes, coa comisión de estudo, queren branquear as súas conciencias calcinadas». ¡Unha auténtica vergoña o que tivemos que escoitar!

Por iso, señor conselleiro, hoxe queremos que vostede faga un balance de todo o que se leva feito neste ano.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Señor Blanco Paradelo, hai esa expresión e creo que ninguén desexa que volvan os lumes. Ímola retirar. ¿Está de acordo vostede?, ¿está de acordo vostede con que retiremos esa expresión? Si, é que dixo vostede esa expresión. *(Murmurios.)* ¡Non, non! ¡Perdón!, eu estiven atento ao debate. *(Fortes murmurios.)* ¡Non, non! Eu preguntolle ao señor Blanco Paradelo se retira... *(Fortes murmurios.)*

¡Por favor! Estoulle preguntando eu ao señor Blanco Paradelo. Estoulle preguntando se retira vostede a expresión «que se desexa que volvan os lumes».

O señor BLANCO PARADELO: Dixen: «Mesmo pode parecer, ¡pode parecer!...» Foi ben matizado, pero...

O señor PRESIDENTE: Pero en calquera caso, retirámola.

Queda retirada a expresión. Ninguén aquí desexa que volvan os lumes, ninguén. Quedemos con iso, que é o importante. Que nunca máis veñan aquí os lumes, ¡por favor!

Resposta do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor presidente, bos días, outra vez.

Eu teño que dicir que dos 75 que estamos aquí, dende logo o que si estivo en Mondariz ata as tres e media da mañá aquel día, atendendo aos incendios, dende logo fun eu. E tiveron ocasión de contemplar algo que teño que dicir aquí: que Galicia conta cun magnífico servizo de extinción de incendios, á altura dos mellores do mundo. (*Aplausos.*) ¿Por que non empezan as súas intervencións dicindo isto?, ¿ou non é certo? ¿Por que non o facemos todos?

Miren, resultan especialmente relevantes algúns datos para medir esta eficacia: na porcentaxe que supoñen os conatos respecto do total dos sinistros, na que Galicia está dez puntos por riba da media de España; ou a rapidez con que se reacciona logo do aviso. Por certo, en Mondariz o aviso foi desde unha caseta, destas que din que están pechadas. Eu mesmo tiveron ocasión de comprobalo neste incendio de Mondariz. En trece minutos xa tiñamos alí un helicóptero, pero é que en hora e media, dende as 18.30 ata as 19.59 —que é ata cando poden voar os helicópteros—, tiñamos 11 helicópteros que fixeron 88 descargas en puntos de auga, que nós estamos organizando todos como país. Temos un servizo excepcional. Vaia aquí o meu recoñecemento a todos os que participan nas tarefas de extinción: os servizos de emerxencias, forzas e corpos de seguridade, tamén a xente que voluntariamente colabora, eses cidadáns, e aos alcaldes e concelleiros que os sofren nas súas propias carnes. Eu estiven coa tenente de alcalde e co alcalde de Mondariz, comprobei perfectamente ese sufrimento.

Pero de xeito especial, señorías, eu teño que trasladar o agradecemento ao persoal da miña consellería, do que me sinto especialmente orgulloso, aos xefes de todas as unidades implicadas, aos técnicos, aos axentes forestais nas súas diferentes categorías e escalas, aos bombeiros forestais, xefes de brigada, oficiais, condutores, condutores de motobomba, peóns, peóns condutores, peóns de brigadas helitransportadas, aos oficiais de segunda mecánicos, aos emisoristas, aos operadores codificadores, aos vixilantes fixos e aos técnicos das brigadas helitransportadas. Isto no que se refire aos medios propios, pero tamén quero facer referencia aos medios do Estado, aos dos concellos e aos grupos de emerxencias supramunicipais. Señorías, máis de 5.000 persoas que conformaron o operativo ás que nunca lles estaremos o suficientemente agradecidos.

Pois ben, respondendo ao que refiren as preguntas das súas señorías, eu teño pouco que engadir respecto das trinta medidas, as que hoxe magnificamente relatou o noso presidente. O primeiro que teño que dicir é que unha vaga de lumes como a de outubro de 2017 é moi difícil — e sabémolo todos —, por non dicir imposible, parar; e sobre todo tendo en conta a situación climatolóxica excepcional que aconteceu. Eu seino, e vostedes, señorías, sábeno tamén.

O certo é que todo é mellorable, pero debo deixar constancia de que en conxunto houbo unha reacción excepcional e que tamén se reaccionou politicamente tendendo a man a todos os grupos para chegar a un acordo de país.

Miren, na comparecencia do presidente da Xunta falouse das 30 medidas —el aclarouno antes—. Hoxe temos cumpridas 22, e outras 6 están iniciadas ou estarán plenamente cum-

pidas este 2018, ou ao inicio de 2019. E quedan dúas que, evidentemente, polo traballo que supoñen, se teñen que ir recollendo no tempo.

Digo eu: a min sorpréndeme, señor Rivas, porque, primeiro, as medidas eran a repetición das do Bipartito, eran unha marabilla, e agora non valen para nada, non cumpren nada. Teñen que aclararse un pouco en relación coas medidas. Eu digo que son boas medidas. E ademais, no que afecta á loita contra incendios, quero destacar as seguintes.

A primeira —medida 1—, colaboración da Xunta e concellos para financiar a limpeza dos montes. ¡Oian!, estamos firmando un convenio coa Fegamp, e nestes momentos —tiña datos de 144— acábanme de dicir que temos 152 concellos que están neste convenio. ¿Tampouco teñen razón os concellos? ¿É malo este convenio para os concellos que o están firmando? E, ademais, teñan en conta outra cousa: xunto coas recomendacións do ditame, xa lles anunciou que ese convenio vai prestar apoio administrativo e reforzo aos concellos. Entendemos que, aínda que é unha competencia deles, nós temos que estar aí apoiándoos. Imos facer un esforzo moi grande para que os concellos galegos na maior parte dos casos conten cun plan de extinción xa este mesmo ano.

Temos tamén a garantía de que o cen por cento dos concellos rurais teñen bombeiros ou brigadas —falen vostedes cos seus alcaldes para que fagan un esforzo tamén neste ámbito—, pola cercanía que teñen as brigadas municipais para poder conquistar a extinción. E tamén lles digo que falen tamén coas deputacións para que boten unha man neste tema, para que non pase o que pasou en Mondariz.

Recollemos tamén unha serie de medidas nos puntos 9, 10, 11 e 12, que ao que viñeron foi a aclarar unha lei, que aínda que está feita no 2007 necesitaba aclaracións. E continuamos este ano na Lei de medidas facendo esas aclaracións para mellorar a defensa fronte a esta lacra dos incendios. E unha medida espectacular —que o señor Villares dixo antes que non a había— é que temos cámaras de vixilancia. ¡Claro que as temos! Temos un total de cámaras de vixilancia cun investimento de 2 millóns de euros, que chegan, como moi ben dixo o presidente, ao 67 % das parroquias de alta intensidade incendiaria.

¡Por favor!, eu dende aquí prégoles aos representantes dos grupos parlamentarios na Comisión 7ª que acepten a invitación que lles fago e que veñan ao centro de mando en Santiago, e que comprobren a eficacia e o funcionamento que teñen esas cámaras de vixilancia, que incrementaron moitísimo a asignación dos recursos —sobre todo aéreos— nesta loita contra os lumes.

Tamén quero falar das axudas —e seguirei na miña réplica—. Pero falamos, en primeiro lugar, de 23 millóns de euros, e teñan en conta que todas as medidas que se fixeron de restauración de solos foi sempre co apoio dos técnicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Aplausos.)

Réplica do señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Blanco Paradelo, nós sentamos a traballar nesa comisión, e debatemos, e asistimos, e estivemos alí. Vostedes non tiveron a decencia de sentarse na de 2006, ¿ou si? *(Aplausos.)* Hai unha diferenza.

Señor Blanco Paradelo, nós, ningún da nosa organización, fixo fotos de *zapatito blanco, camisa blanca*, e mangueira ridícula. ¡Caramba! *(Risos.)* Nós estivemos caladiños e fomos colaborar onde puidemos. *(Murmurios.)*

Teñan un chisco de humildade, señores do PP, en canto aos lumes, un chisco de humildade porque lles vai no pelo. Porque calquera día, como en outubro de 2017, volve tornarse en contra de todo o país, e de vostedes tamén.

Sabemos, señor conselleiro, da boa calidade do noso servizo de extinción. Pero sabemos tamén do maltrato que vostedes lle teñen dado durante todos estes anos, ¿ou non? *(Aplausos.)* Sabemos tamén que non é só salarial nin é só de horas de traballo. É tamén de organización, de formación, de homologación. Todo iso está aí e vostedes tiran balóns fóra cunha comisión de expertos. Veremos o que a comisión de expertos é capaz de facer.

Deixa o das medidas non tomadas, ou mal tomadas, para a réplica, porque non abundou nelas. Déixaas para agora, que eu non teño posibilidade de respostar.

Mire, no 2017 amordazaron o país ao calar os medios públicos de información. E en canto ao convenio da Xunta e a Fegamp, eu soamente lle digo que fan unha chantaxe asquerosa aos municipios. Dígollo así de claro e de cru. *(Aplausos.)* ¿Que fai un concello con 250 quilómetros cadrados e 2.000 habitantes de poboación con todo o que ten que xestionar? ¿Que fai? ¡Colapsa, colapsa! E vostedes asinaron ese convenio porque, ademais, ao que non se adhira pásalle o que lle está pasando agora a Mondariz, que está na boca de todos vostedes, para escarnio.

Mire...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cruz, terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Réplica do señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, acabamos de escoitar como algúns grupos, sen ser nomeados, sen ser nomeados, xa se dan por aludidos. *(Murmurios.)* E ademais teñen a pel moi fina. Porque «amordazamos o país», facemos unha «chantaxe asquerosa», as nosas políticas «matan»... E despois non se pode dicir que «supostamente...» ou «parece ser que algúns poderían estar desexando...». Eu penso que algunhas actitudes e formas de expresarse igual me ratifican no que antes expuxen na primeira intervención. *(Aplausos.)*

Quero dicir, señor conselleiro, que vostede agradeceu, en nome do Goberno galego, a todos cantos participaron nas labours de extinción. E nós tamén queremos facelo e dicir que vostede fixo ben en facelo con todos, non como fixo algún alcalde, que non se pode nomear neste Parlamento, dunha cidade do sur, que sacou un panfleto sectario e que llo agradeceu a todo o mundo menos a traballadores das administracións, como os brigadistas, os axentes forestais e medioambientais.

Iso o que demostra é que, cando un é sectario ata para dar as grazas, pois quere dicir que, por un lado, esas grazas non son sinceras e, por outro, que busca calculadamente sacar unha rendibilidade política cun falso agradecemento. Por iso vostede fixo moi ben de todo corazón agradecérllelo a todos os que traballaron nos labores de extinción.

Eu quero, antes de rematar, como xa fixemos o outro día na comisión, volver insistir en facer un chamamento ao resto de grupos políticos a que se sumen a ese gran pacto de país, a ese gran acordo de país, o que acordamos entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Parlamentario Socialista; e que abandonen a trincheira ideolóxica para impulsar —eu penso que agora o que toca é impulsar— o cumprimento estrito de cada unha desas medidas. Señor Rivas, vostede dixo «se volve suceder». Nós xa sabemos que, se volve suceder unha terrible vaga de incendios, vostedes van estar nas pancartas. ¿Onde van estar? ¡Non van estar traballando! *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Iso é o que van facer! ¡Xa o sabemos!

E, polo tanto, señor conselleiro —remato xa, presidente, cinco segundos— remato dicíndolle que nós collemos o seu guante de colaboración e pode contar co Grupo Parlamentario Popular. Trataremos, de verdade, de que se vaian sumando outros grupos parlamentarios.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Peche desta pregunta polo conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, entendo a calor do debate, e máis no Pleno, que suele pasar. Pero, señor Rivas, o de «chantaxe asquerosa» aos concellos para que se metan no convenio... ¡Tráíame un só deses alcaldes que teñen chantaxe! ¡Tráíao ao meu despacho! *(Aplausos.)* ¡Tráíao a ver quen lle fixo chantaxe! ¡Por favor!

Mire, falando, señor Rivas *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*... Cónteme o tempo, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sóbranme os seis minutos para o que teño que dicir.

Falando, señor Rivas, do dispositivo, vamos ver, este ano, no 2018, cubríronse o cen por cento das prazas do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais, con contratación de 137 persoas máis. Chegouse a un acordo cos axentes forestais *(O señor Rivas Cruz*

pronuncia palabras que non se perciben.) En folga xa non están, señor Rivas. Mire que iso de ir ao pasado pódelle pasar... *(Murmurios.)*

O persoal de Tragsa e Seaga está contratado catro meses. Entendemos todos que a temporada de alto risco se incrementou. Entendemos todos que outubro pode ser un mes perigoso. E, ademais, este persoal vai traballar no ano que vén cinco meses; e no outro ano, seis meses.

Dende aquí ¿saben o que lles pido a todos vostedes? Que traballemos todos na prevención, que nos temos que concienciar todos, concellos, deputacións, os traballadores tamén, e, por suposto, a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

A rede de cámaras —que é un adianto tremendo— e as novas tecnoloxías teñen que xogar tamén aquí. Tamén fan un efecto disuasorio, tamén hai menos incendiarios. Eu podería dicir aquí hoxe os datos de cifras de incendios do 2018, e non é o caso, non vimos aquí a presumir diso. O que vimos a dicir é que temos que seguir traballando nesa liña.

Outra cousa importantísima —que é unha cuestión técnica pero que os técnicos mo confirman—: temos máis helicópteros de coordinación, un máis, que permite incluso ver con cámara térmica onde arde máis para que os avións sexan quen de decidir onde botan mellor a auga. Son medidas importantísimas e que xa se están a notar este ano.

Contratos de apoio aos concellos e subministros de motobombas. Miren, este ano, 11; e levamos 55 para os distritos forestais e 42 para os concellos de Galicia; 55 tractores para os concellos, dicíao antes. Vamos ver, se queremos involucrar os concellos en prevención, estámolles dando tractores: 55 tractores en dous anos, con fondos propios, cun esforzo tremendo. E, por certo —para a señora Rumbo—, 34 de 55 non son de concellos do PP, ¡fíxense vostedes, eh! *(Murmurios.)*, ¡34 dos 55 tractores, eh!

Por certo, tamén traballamos, sen ningunha dúbida, pola mobilización da terra produtiva. Miren, falabamos, e eu tiven ocasión de estar con xente —tamén o señor Rivas— que sei que ten preocupación polo rural, da comisión de estudo. Esta comisión de estudo redactou, efectivamente, un ditame —como moi ben dicía antes o voceiro do Partido Popular—, no que interviñeron 60 comparecentes. Moitas delas recolléronse alí, de todas as cores políticas, e acabou en 123 recomendacións.

Señorías, eu quero anunciar aquí que o desenvolvemento desas recomendacións é unha liña estratéxica da Consellería do Medio Rural, e estanse empezando a ter en conta desde o primeiro momento. Miren, as recomendacións 39 á 45, que buscan reforzar a colaboración entre Xunta e concellos para a xestión das biomásas, vaise recoller no convenio entre Seaga e a Fegamp, cunha orientación clara, quero deixalo claro, de apoio aos concellos. E queremos ir máis alá do desbroce, nós queremos que, onde se desbroce unha vez, se pode ser —ímolo intentar e seguro que, co apoio de todos, o imos conseguir—, haxa actividade agrogandeira de calidade.

No referido ao servizo de extinción de incendios —eu xa o expliquei dabondo pero volvo repetilo—, hai unha recomendación, a 60, que propón un grupo de expertos, no que todos e

de común acordo podemos nomear os nosos representantes. Na reunión que tiveron cos portavoces parlamentarios xa me avanzaron os tres nomes de cada un dos grupos parlamentarios. E eu quírolles dicir aquí que, no prazo máximo de dúas semanas, procederemos á constitución dese grupo de expertos. E aí pódese falar de todo, pero por expertos, por xente que sabe. E teño que dicir que o perfil da xente que propuxeron vostedes é o adecuado, é técnico, é o que ten que conquistar que o noso servizo mellore na medida das posibilidades de todos.

Tamén hai recomendacións —e eu teño o compromiso de implantalas— cara á educación, á concienciación e á sensibilización da sociedade galega cos incendios. É un problema, señorías, de todos. Pero tamén hai recomendacións referidas ás responsabilidades que se poden asumir se as parcelas están en situación de abandono, á difusión do perigo que entraña o uso negligente do lume, á necesidade de denunciar os incendiarios. En definitiva, tamén á necesidade de que haxa unha maior profesionalización e unha maior formación do servizo. Eu teño aquí a recomendación 108 —co compromiso de que se faga antes da temporada de máximo risco do ano 2019—, a de desenvolver un programa planificado e ordenado de formación en materia de prevención e extinción de incendios para o persoal do servizo.

Ademais, señorías, xunto con estas recomendacións relativas á extinción de incendios —e téñoello que dicir á xente de En Marea—, recollemos, por suposto, recomendacións relativas á planificación e ordenación dos nosos montes, á ordenación das especies forestais —de xeito particular do eucalipto, nos límites que marcou antes o presidente—, ao impulso, señor Rivas, da xestión conxunta do monte —traíanos propostas de instrumentos de xestión conxunta do monte, que as imos recoller—, á profesionalización dos silvicultores, á procura da multifuncionalidade do monte, cun plan de gandería en extensivo que este ano dedicou máis de 1,5 millóns de euros, á ordenación integral do noso territorio, xunto coa mobilización da terra produtiva. Recomendacións, todas elas —e xa remato— que están á procura dun medio rural vivo e dinámico, no que, coa xestión forestal sustentable do monte, convivan explotacións agrogandeiras de calidade. Este obxectivo, señorías, ten que acadarse co noso compromiso, o compromiso de todos nós, porque suporá a revitalización do noso rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes de pasar ao punto 7 da orde do día... *(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)*

Perdón. Si, señora Rodríguez Rumbo, ¿para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

¡Non, non, por favor, por favor! Vou falar eu. Se xa empezan todos a falar...

Foi vostede aludida, pero moi de refilón, sobre un dato *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, non, por favor, por favor! Vou falar eu. Foi vostede aludida pero moi de refilón sobre un dato, foi aludida de refilón, e ademais é dun debate que vén de onte. *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Por favor, por favor, foi aludida, si señor! Non imos aquí negar a obviedade. Foi aludida. Eu creo que non ten demasiada connotación, pero ten vostede un segundo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente. Aínda que á señora Paula Prado non lle guste, este é un dereito (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! ¡Vamos ter un debate tranquilo, xa está!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, simplemente vou ratificarme nos datos que onte presentei, nos que eu presentei, que 9 de cada 10 concellos beneficiados son do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha señoría pide a palabra.)

Non, non vou dar a palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non vou complicar... (*Protestas.*) Non, foi un comentario desde alí, non foi unha alusión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) Non, perdón, non a vou dar. (*Protestas.*) Non, non a vou dar, é un comentario desde o escano sen máis. (*Protestas.*) Non, non era esa a intención.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) Señora Prado, non vou dar a palabra. (*Protestas.*) Non, non vou dar a palabra. Non compliquemos máis isto. (*Protestas.*)

Estase esperando por unha comparecencia. ¡Xa está! ¡Síntoo! (*Protestas.*)

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou ler unha declaración institucional antes de pasar á comparecencia. En concreto, a Declaración institucional —que foi remitida e aprobada por todos os grupos— di:

«O Parlamento de Galicia quere reafirmar o compromiso co mantemento da actividade e o emprego en Alcoa, así como trasladarlles o seu apoio ás traballadoras e aos traballadores da planta da Coruña.

Lamentamos e rexeitamos a decisión unilateral da empresa de pechar tanto a instalación coruñesa como a que ten en Avilés, e demandámoslle a busca de alternativas para unha factoría que constitúe unha peza clave do tecido produtivo galego.

O Parlamento de Galicia comprométese a impulsar todas as administracións para, desde a unidade de acción, instar a compañía Alcoa a retirar o expediente de extinción de emprego que pesa sobre todos os traballadores e as traballadoras, e abrir unha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantemento da actividade empresarial e o emprego; e a achegar seguridade e permitir ao conxunto das

empresas electrointensivas competiren en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

Os e as representantes dos galegos e as galegas comprometémonos a facer unha fronte común para seguir defendendo os dereitos dos traballadores e das traballadoras de Alcoa e o futuro desta industria en Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018».

Esta é a declaración. (*Aplausos.*)

Pasamos xa á comparecencia.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación de Alcoa e as accións levadas a cabo polo Goberno galego en defensa dos empregos

O señor PRESIDENTE: Comparecencia que se acumula á petición formulada polo Grupo Parlamentario Socialista, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e polo Grupo Parlamentario de En Marea.

Polo tanto, para substanciar esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, don Francisco Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días.

Confésolles que me gustaría que fose outro o motivo desta comparecencia, pero as circunstancias obrígnanos a intervir hoxe nesta cámara para abordar o que pode ser unha moi mala noticia para Galicia, para Asturias e tamén para o conxunto de España: a decisión unilateral de Alcoa de pechar as súas plantas da Coruña e de Avilés.

Por iso hoxe as miñas primeiras palabras son de solidariedade e de cercanía de todo o Goberno cos trescentos sesenta traballadores da planta da Coruña. E agradezo moi sinceramente a presenza hoxe aquí, nesta cámara, tanto dos representantes do Comité de Empresa como dos representantes sindicais.

O Goberno galego é moi consciente da transcendencia deste anuncio e da importancia de que saibamos darlle unha resposta urxente e coordinada desde todas as partes implicadas, sumando esforzos e recadando apoios, como os que hoxe quero solicitar dos grupos que conforman este parlamento.

Non en van, eu mesmo tiven a oportunidade de reunirme onte co secretario xeral de Industria, co presidente de Alcoa España e cos sindicatos UXT e Comisións Obreiras. O presidente

da Xunta fixo o propio o pasado venres co titular do Principado de Asturias, Javier Fernández, con quen se mantivo en contacto desde o primeiro momento, e tamén ese mesmo día se reuniu co Comité de Empresa de Alcoa, na Coruña.

Nese sentido, a nosa axenda, a axenda do Goberno está a ser aberta porque temos claro que este asunto é prioritario. Acabamos de selar unha alianza co Goberno de Asturias para defender conxuntamente a continuidade de Alcoa, tanto na Coruña como en Avilés, estando en contacto permanente cos comités de empresa para acompañar en todo momento as necesidades e as reclamacións dos traballadores. Mantemos tamén un diálogo aberto e necesario co Goberno central, á espera de que nos poida concretar medidas que permitan que se poida revertir a decisión de Alcoa e tamén de que se poidan clarificar as razóns exactas que levan a Alcoa a tomar esta decisión.

Non cabe dúbida de que estamos ante unha noticia que, lamentablemente, se vía vir. Víase vir porque, dun tempo a esta parte, está faltando iniciativa política; esa é a realidade. Están faltando respostas por parte do Goberno central a unha decisión que a industria electrointensiva, concretamente Alcoa, viña arrastrando desde hai meses; unha situación da que a Xunta de Galicia leva alertando o Goberno desde que tomou posesión.

Señorías, cremos que se poden facer máis cousas. Pódense facer máis cousas para poñer en funcionamento o sistema de compensación á industria electrointensiva e poder garantir ás empresas un prezo de electricidade estable e competitivo. É certo que o prezo actual da enerxía en España prexudica gravemente a competitividade das industrias do sector, nomeadamente as empresas electrointensivas, que, no caso de Alcoa, supón o corenta por cento dos seus custos, pero sempre se atopou un Goberno disposto a achegar solucións.

Nos últimos anos elaborouse unha planificación deseñada con base nun *mix* enerxético para garantir o prezo razoable da enerxía. Grazas a esa planificación acadouse un superávit no sistema eléctrico despois de asumir un déficit de tarifa no ano 2011 de trinta mil millóns de euros. Ademais, activouse tamén o sistema de interrompibilidade, compatible coa normativa comunitaria, tal como exixiu —por certo— a propia Alcoa.

No ano 2012 o Goberno do PP validou un sistema de poxa que ofrecía garantía xurídica ao sistema de interrompibilidade, un sistema que no ano 2017 tivo que ser reformado para garantir unha maior concorrència de acordo co que solicitou, de novo, a Unión Europea. Como consecuencia desta nova regulación, saben que as empresas obteñen unha menor remuneración, e por iso o anterior Goberno volveu dar unha resposta ás empresas electrointensivas. Fíxoo, unha vez máis, aprobando un mecanismo de compensación validado pola Unión Europea e, polo tanto, de novo, un mecanismo de compensación con plena seguridade xurídica. Este novo mecanismo permite establecer axudas para compensar custos indirectos da emisión de CO₂. Por iso o Goberno de Mariano Rajoy incluíu unha partida de cento cincuenta millóns de euros destinados a complementar os ingresos por interrompibilidade derivados das poxas dos anos 2017 e 2018.

Espero que compartan comigo que non parece xustificable nin razoable que, a escasos dous meses de rematar o ano, aínda non se convocase a poxa para o ano 2019 e que tampouco, a estas alturas, o Goberno puxera en marcha estes mecanismos de compensación.

O que é evidente é que estamos nun contexto económico e enerxético de clara incerteza. Señorías, non xera estabilidade anunciar un Plan de transición enerxética, do que apenas transcendeu que o obxectivo é pechar as centrais térmicas e nucleares no horizonte do ano 2030, para logo rectificar. Non xera estabilidade dicir que o diésel ten os días contados, anunciar un imposto que logo se cualifica como globo sonda e logo rectificar e volver emendalo para recollelo nos presupostos xerais do Estado.

Poderíamos seguir con outros exemplos que dan boa conta do escenario de inestabilidade no que agora se produce o anuncio de Alcoa. Un anuncio que, lamentablemente, trae consigo ou pode levar a efecto unha perda de setecentos postos de traballo en España —dos cales trescentos sesenta terían lugar na planta da Coruña—, e que afectaría gravemente á competitividade da nosa industria, tanto en Galicia como en España. Pero, sobre todo, un anuncio que, polo que escoitamos estes días, parece que colleu por sorpresa o Executivo do presidente Sánchez.

Iso é o que redobra, se cabe, a nosa preocupación; demostra que o Goberno quizais non estea a medir con exactitude as consecuencias que podería supoñer, ou ben quizais parece que Galicia non estea na súa axenda. E digo isto porque na reunión que mantiveron o presidente da Xunta de Galicia e o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, o pasado mes de xullo, un dos temas que incluíu Galicia na axenda do Ministerio para a Transición Ecolóxica foi precisamente o sistema de interrompibilidade, e foino precisamente pensando na situación de Alcoa. Posteriormente, este asunto estivo tamén entre os que eu mesmo puiden abordar na xuntanza que o pasado mes de agosto mantiven co secretario do Estado de Enerxía, José Domínguez Abascal. De novo, silencio administrativo por parte do Goberno. E na Conferencia Sectorial de Industria, que tivo lugar a comezos deste mes, foi un dos temas que tanto Galicia como o Principado de Asturias lle trasladamos con firmeza á ministra de Industria, Comercio e Turismo para que se puideran facer efectivos os mecanismos de compensación incluídos nos orzamentos do ano 2018.

Señorías, o Goberno actual tiña e ten nas súas mans a posibilidade de executar a totalidade da partida de cento cincuenta millóns de euros nos presupostos xerais para o Estado deste ano. A pregunta que nos facemos é: ¿por que non o fai? Tiña e ten nas súas mans convocar a poxa de interrompibilidade e dar continuidade ao sistema para dar máis certezas ás empresas sobre os ingresos que se aseguran por prestar este servizo. A pregunta é: ¿por que non o fai? Nas súas mans está tamén proseguir co sistema de axudas compensatorias por custo de emisións indirectas de CO₂, que está autorizado por Bruxelas e que beneficiaría as empresas como Alcoa. E a pregunta é: ¿por que non o fai? E tiña e ten, señorías, tamén nas súas mans impulsar ante a Dirección Xeral da Competencia da Comisión Europea a tramitación dun novo regulamento, que deixou elaborado o Goberno de Mariano Rajoy, para facer efectivas as axudas compensatorias por enerxías renovables en determinados sectores industriais. E a pregunta, de novo, é: ¿por que o Goberno non o fai?

Señorías, o Goberno conta co total apoio da Xunta de Galicia. E conta co total apoio da Xunta de Galicia porque temos un obxectivo común, que é reverter a decisión unilateral adoptada por Alcoa. E, polo tanto, temos o obxectivo común —a Xunta de Galicia e o Goberno, xunto co Principado de Asturias— de establecer unha folla de ruta concreta, en colaboración cos tra-

balladores e cos comités de empresa, para que teñamos unha resposta concreta e para dar viabilidade á actividade industrial das plantas da Coruña e de Avilés. E facémolo por responsabilidade cos trescentos sesenta traballadores da planta da Coruña e porque, de persistir nesta falta de resposta, hoxe estamos falando de Alcoa, pero mañá pode ser a quenda das centrais térmicas, e a semana que vén pode ser a crise do sector do transporte polo «dieselazo».

A decisión de Alcoa e a indecisión do Goberno poden ser a antesala dunha crise do sector industrial en España e en Galicia que ninguén quere. En lugar de traballar na busca de solucións, como se leva feito ata o de agora, vemos que, desde a chegada do novo Goberno, se están lanzando mensaxes erráticas que só contribúen a xerar un clima de confusión, de incerteza e de inestabilidade.

A solución, señorías, pasa necesariamente por establecer un marco enerxético para o ano 2019 que dea certeza a todas as empresas electrointensivas sobre o sistema que será de aplicación o ano que vén, polo que solicitamos ao Goberno que dialogue e que tome a iniciativa. E nese diálogo con todas as partes e nesa iniciativa contará —como teño dito— co apoio do Goberno e da Xunta de Galicia.

Neste momento, polo tanto, temos unha prioridade, e todos temos que ter presente que esa prioridade non é outra que salvagardar os dereitos dos traballadores e das traballadoras de Alcoa e sumarnos á súa reivindicación, porque a súa reivindicación é a reivindicación de todos.

A solución pasa por que Alcoa e o Goberno poñan solucións ambos os dous. Alcoa pode poñer máis da súa parte. Primeiro, levantando ese expediente de regulación de emprego para poder abordar un proceso de negociación con todas as partes implicadas e, tamén, identificar cales son as necesidades e os investimentos en tecnoloxía ou en infraestruturas que permitan unha maior competitividade nos mercados internacionais. Pero temos que ser realistas. Ademais das decisións de Alcoa, precisamos que o Goberno dea un paso adiante e achegue respostas concretas, como a clarificación do sistema de interrompibilidade para o ano 2019 e, tamén, para executar os fondos previstos nos orzamentos do ano 2018.

A postura da Xunta de Galicia vai ser, en todo caso, a de seguir traballando para que esa unidade de acción que estamos impulsando entre os traballadores, as comunidades autónomas e o Goberno permita que España gañe e, sobre todo, que os centos de familias que dependen da súa continuidade poidan atopar unha solución.

Agardamos, en definitiva, que entre todos poidamos conseguir que Alcoa reconsidere a súa postura, que o Goberno dialogue, que o Goberno negocie, que o Goberno tome a iniciativa e, para iso, ambos os dous van contar co apoio e co traballo da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa tarde.

Eu quero que as miñas primeiras palabras en nome do BNG sexan, precisamente, para trasladarlles o apoio e a solidariedade a todos os traballadores e a todas as traballadoras de Alcoa —ás que están aquí hoxe seguindo este debate, tamén ás que poidan ver esta comparecencia— e que é importante que aquí hoxe quede unha mensaxe moi clara.

A mensaxe clara para nós é, en primeiro lugar, que Alcoa non se pecha, que non están camiñando soas neste traxecto, que hai todo un país detrás desa reivindicación porque, desde logo, nin Galiza nin A Coruña podemos permitirnos o luxo de que se destrúa nin un só posto de traballo industrial no noso país, (*Aplausos.*) e que hai que deixarlle moi claro á multinacional que nin imos aceptar o seu marco, nin aceptamos o que... Quedei un pouco preocupada, señor conselleiro, porque vén aquí e parece que xa tirou a toalla. É un Goberno que non ten iniciativa nun asunto que nos parece clave para o futuro do noso país. Xa lle digo que o BNG nin se rende, nin tira a toalla, nin acepta ese marco que deseña unha multinacional á que, por certo, un Goberno do señor Aznar lle regalou unha fábrica que constitúe un sector estratéxico para o noso país.

E, nese sentido, para nós é igual de indignante que a multinacional, despois de espremer as industrias e os traballadores e de non investir na súa modernización, plantexe este peche, tanto da fábrica da Coruña como da de Avilés... É tan indignante iso como que isto pase nun país en que producimos electricidade a esgalla, que estamos exportando electricidade e vemos como esa riqueza, que é unha riqueza colectiva, non se utiliza en beneficio do país para mellorar a competitividade das nosas empresas, para crear emprego de calidade e, en definitiva, para que teñamos un prezo xusto da enerxía que non só lles permita aos consumidores ter unha tarifa da luz máis barata, senón que ademais permita que o noso país se poida desenvolver.

Evidentemente, nós vimos a este debate coa máxima preocupación por este desafío que nos está lanzando Alcoa porque sabemos tamén que hai que ser rápidos na resposta, porque o tempo xoga na nosa contra e porque, efectivamente, hai un escenario que está aberto. E o principio que para nós hoxe ten que quedar moi claro neste debate é que nós imos garantir o cen por cento do emprego nesa fábrica, porque a fábrica xa estaba aí antes que Alcoa, e Alcoa non é necesaria para que poidamos seguir producindo aluminio, tanto na Coruña como fóra do noso país, en Asturias. E a nós, nese sentido, parécenos que é moi importante que haxa unha posición clara de país e que teñamos un Goberno, señor Conde, con iniciativa. Nós pensamos que o Goberno galego non pode converterse nun espectador nin nun árbitro do que está pasando neste momento e pedímoslle, señor Conde, que dea un paso adiante.

Ten que dicir se está disposto a que construamos aquí, entre todos e todas, e contando tamén coa parte empresarial, unha proposta de país, unha proposta que nos permita manter o cen por cento do emprego en Alcoa. Ten vostedes que decidir se quere ir a esas reunións a Madrid simplemente a escoitar —parece, tamén, que é un pouco ir máis como militante do Partido Popular— ou se, pola contra, prefire ir a defender os intereses xerais de Galiza despois de

consensualo con todas as forzas políticas e tamén cos representantes dos traballadores e das traballadoras. Ten que decidir se o seu Goberno vai mirar para outro lado, se o único que lle interesa é construír unha especie de relato no que parece que o que se busca é ver a quen podemos responsabilizar desta situación, ou se realmente articulamos unha proposta galega que nos permita darlle alternativa e futuro á xente deste país e que os traballadores e traballadoras de Alcoa este Nadal poidan comer o turrón tranquilos.

Nós hoxe —leuno o señor presidente do Parlamento— consensuamos entre todos os grupos unha declaración institucional. Eu creo que é importante que as declaracións institucionais sirvan para que realmente utilicemos este acordo unánime que xa temos no Parlamento para facer algo e evitar o plan que ten previsto a multinacional.

E, en concreto, evidentemente, exiximos que se retire ese ERE, pero hai algo que para nós é tan importante como iso, e é que se abra unha mesa de negociación para atopar unha solución urxente ao problema que temos. E para nós esta mesa de negociación ten que ser o marco no que, desde Galiza, poñamos as medidas que consideramos que son necesarias para garantir a estabilidade e darlle perspectivas de futuro á produción, non só de Alcoa, senón tamén doutras empresas electrointensivas, que imos ver como poden estar na mesma situación.

Porque, efectivamente, hoxe hai incertezas. Hai incertezas porque hai un ERE posto sobre a mesa e temos unha lexislación, señor Conde, que non naceu hai seis meses. Ou sexa, temos unha lexislación do mercado eléctrico que aprobou un goberno do Partido Popular con maioría no Congreso dos Deputados e das Deputadas. (*Aplausos.*) Ese é o marco que temos e, efectivamente, podemos vir aquí a buscar culpables, a un debate absolutamente —eu creo— estéril desde o punto de vista do obxectivo que nos ten que mover, ou, como país, tamén dicimos que temos algo que facer cando están en xogo tantos postos de traballo e cando está en xogo un sector que é estratéxico para a nosa economía.

Iso é o que nos gustaría que na súa intervención, señor Conde, nos aclarara. Que nos aclarara se o Goberno galego vai abrir esa mesa de negociación, vai chamar a parte social e a parte empresarial e que, en todo caso, se Alcoa non quere sentar nesa mesa, nós avancemos xuntos para defender o emprego de Alcoa, e que teñamos unha proposta que poñerlle sobre a mesa ao Goberno central.

Porque a miña pregunta, a pregunta que creo que se fan moitos dos traballadores e das traballadoras é —imaxine—: ¿que pasa se o Goberno central non presenta ningunha modificación da lexislación que aprobou o Partido Popular? ¿Vostede que fai? ¿Vai a esas reunións a dicirlle que iso non lle gusta ou vai ir a esas xuntanzas cunha proposta que garanta un novo marco eléctrico para as empresas electrointensivas e que nos dea estabilidade de cara ao futuro?

Creo que esa é a cuestión central que hoxe vostede debería de respondernos na súa intervención. Porque, evidentemente, temos unha situación moi preocupante. É moito máis que trescentos sesenta postos de traballo, son trescentas sesenta familias e moito emprego indirecto, e tamén toda a economía que se xera en torno á produción de Alcoa. E o que non pode ser é que teñamos un Goberno que non está á altura.

Hoxe temos un retrato: está vostede só nesta comparecencia, sen que o acompañe nin un só membro do Goberno máis, ante un tema... (*Murmurios.*) ...ante un tema no que a nós nos gustaría tamén ver o señor Feijóo sentado neste debate, escoitando non só o que nós temos que dicir, senón tamén escoitando as reflexións que estamos facendo en torno a un tema tan, tan relevante para o presente e para o futuro.

Precisamos un Goberno que realmente estea á altura, señor Conde, que estea disposto a defender un interese de país, a conformar unha postura galega coa que ir a negociar ante o Goberno central e ante Alcoa e, sobre todo, que nos dea estabilidade e perspectivas de futuro. Para iso, evidentemente, necesítase valentía, necesítase contundencia e necesítase visión de país. Estamos xogando con algo moi importante, que é o pan de moitas familias neste país, pero tamén nos estamos xogando o futuro non só de Alcoa, senón de moitas máis empresas electrointensivas que hai en Galiza e que necesitan que esteamos á altura das circunstancias.

Xa lle digo que o BNG vai participar en todos os foros que poñan en marcha con propostas en positivo e para cumprir un obxectivo que nos parece clave: que a enerxía eléctrica debe de deixar de encher os petos dos directivos desas empresas e que, como galegos e galegas, temos dereito a beneficiarnos dunha riqueza que é unha riqueza colectiva.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

Antes de nada quero saudar tamén a todos aqueles que nos acompañan e manifestar a solidariedade do noso grupo e do noso partido cos traballadores de Alcoa, que están nunha situación de tensión pola decisión da empresa de presentar este ERE extintivo. Estivemos co Comité de Empresa, estivemos apoiándoos na manifestación do sábado pasado na Coruña e seguiremolo facendo.

Señor Conde, eu tiña preparada unha intervención doutro teor, teño que dicirllo, pero as súas palabras obríganme a dedicar algo de tempo tamén a manifestarlle a miña preocupación pola súa posición. Porque, primeiro, rompe a unidade que deberíamos ter todos en favor dunha solución acordada entre todas as forzas políticas para Alcoa, apoiando o Goberno de España, que está traballando niso, e nós apoiando tamén a Xunta de Galicia desde a oposición, porque cremos que ten que haber un apoio social e político explícito ás accións dos gobernos en favor do mantemento dos postos de traballo e do mantemento da actividade industrial na Coruña.

Pero a miña preocupación é porque creo que o que está por detrás da súa posición é a busca dun chivo expiatorio e, por tanto, vostede xa nos está dicindo que tirou a toalla, que cre que non hai solución de verdade para Alcoa, e iso é o que máis me preocupa. Non podemos adoptar esa posición, señor Conde, temos que dicirlles a todos que existe a posibilidade de seguir

pelexando para manter eses postos de traballo e esa actividade industrial, e que iso é o que temos que facer.

Porque a situación, efectivamente, é extremadamente complexa; é complexa pola situación que ten o mercado do aluminio a escala mundial, con esa posición de China, que seguramente os aranceis de Trump aínda agravan porque fan que a sobreproducción chinesa acabe orbitando sobre outros mercados —entre eles, Europa— e pola variabilidade dos prezos da enerxía en España nos últimos tempos.

Claro, vostede di que hai que cambiar a regulación do mercado eléctrico no 2019. É un recoñecemento de que estivo funcionando mal todo este tempo (*Aplausos.*) e de que, durante sete anos, o Goberno do señor Rajoy non cumpriu con aquilo que debía facer, que era darlles unha solución de futuro ás industrias electrointensivas e tamén ao conxunto da cidadanía. Iso é o que nos veu dicir aquí. Vale, eu concordo con iso, pero apoiemos o Goberno central e exixámoslle, si, que cumpran con aquilo que poden facer, a curto prazo e a medio prazo. Exixámoslle tamén, pero tendamos a man e non intentemos furtar as responsabilidades.

¿O que máis me preocupou de todo? Que vostede veu aquí en representación da Xunta de Galicia e non foi capaz de dicir nada que fixeran máis alá de dicir: ¡Alertamos! Alertamos... En fin, desde logo non nos alertaron a nós no Parlamento. A súa comparecencia foi solicitada pola oposición. Durante todo este tempo, non se falou para nada aquí deste asunto. (*Aplausos.*)

Primeiro, non foi capaz de dicirnos o que fixeron, de verdade, para facer viables as plantas de Alcoa en Galicia. E, segundo, non nos di tampouco que pensa facer a Xunta autonomamente, ademais de vir criticar o Goberno central cando non se fai nas reunións que se teñen en Madrid. Esa é a dificultade coa súa posición, señor Conde, e obríganos a ser críticos cando non queríamos selo. Queríamos estar detrás dunha Xunta de Galicia que colabore co Goberno central e que nos diga que vai facer o Igape en favor da renovación tecnolóxica das plantas de Alcoa para viabilizar unha solución. Que vai facer cos créditos do BEI en favor dunha renovación tecnolóxica das plantas de Alcoa para dar unha solución. Porque parte do problema está en que unha empresa que foi non regalada, pero que foi vendida a un custo excesivamente baixo e que quintuplicou nos seus beneficios o que pagara polas plantas de Alcoa, fixo un investimento moi reducido durante todo este tempo que afectou sobre todo ás plantas da Coruña e Avilés e que as coloca hoxe nunha condición menos competitiva. E temos que afrontar iso tamén, porque iso forma parte do problema de futuro, non é só o problema dos custos de enerxía, con ser importantes.

Como sabe vostede, a empresa nin sequera fala dos custos de enerxía, fala dos problemas organizativos. Eu creo que os custos de enerxía son moi importantes para o futuro, pero falemos tamén das outras cuestións, entre elas, e de xeito moi relevante, o que sucede coa renovación tecnolóxica precisa, cos investimentos das plantas de Alcoa. ¿Ata onde está disposta a chegar a Xunta de Galicia?

Eu tamén lle quero pedir ao Goberno central que faga o mesmo, e que vaia ata onde poida, en distintos ámbitos; na regulación do mercado eléctrico a curto prazo, efectivamente. Hai que mobilizar os fondos que están no orzamento, pero vostede non nos dixo que no ano

2017 as cantidades que estaban previstas no orzamento para as industrias electrointensivas tampouco foron mobilizadas polo Goberno do señor Rajoy cando estaba nunha condicións políticas máis favorables. (*Aplausos.*) Tampouco nolo dixo. Hai que empezar por recoñecer as cousas como son.

Este ano hai que cumprir o que está no orzamento, hai que facer o posible nesa negociación para que, a través das subastas de interrompibilidade que están pendentes, se poida favorecer a continuidade de Alcoa. A medio prazo, para o ano que vén e seguintes, hai que modificar a regulación do sistema eléctrico. Nas propostas do Goberno está desvincular o sistema de subasta marxinalista algunhas fontes de produción de enerxía eléctrica que teñen xa amortizadas as súas plantas.

Eu non sei, non son experto na materia, se esta é a solución definitiva ou non, pero, en todo caso, abre un camiño, e, se non é este, a min gustaríame que vostede, que ten técnicos á súa disposición, nos indicara algún camiño alternativo. ¿Que é o que pensa a Xunta de Galicia sobre esta cuestión, máis alá de criticar os demais? Iso é o que lle pedimos a un goberno responsable e activo, e é o que botamos en falta na súa intervención.

Temos que facer un esforzo entre todos para que a solución que se dea pase tamén pola renovación necesaria nos investimentos nestas plantas, que faga que cando menos sexan tan competitivas como é a planta de San Cibrao, que afortunadamente hoxe está á marxe desta problemática, e esperemos que siga sendo así. Entre outras cousas, porque alí si se fixeron algunhas cousas por parte da empresa que sería necesario facer nas plantas da Coruña e de Avilés.

¿Enerxía?, por suposto, hai que actuar aí. Pero hai outro tema tamén importante, que ten que ver coa conexión necesaria entre as actuacións dunha multinacional global, como é Alcoa, e os estados e as comunidades autónomas, e incluso se se quere, a Comisión Europea, que actúan nun marco territorial moito máis limitado. Tense que acabar esta practica habitual, que continuou nestes anos tamén, de dicir: dámos subvencións a cambio de ningún compromiso, porque iso forma parte do problema, do cabreo social e tamén do cabreo laboral que existe en relación con este tema. É unha empresa que recibiu centos de millóns de euros en incentivos públicos pero que non ten ningún compromiso de estabilidade a medio e longo prazo. Temos que cambiar ese marco, para esta empresa e para os demais. Cando se reciben incentivos públicos é necesario garantía de estabilidade, compromiso de permanencia no territorio, porque, se non é así, as empresas están xogando con nós non como representantes políticos, están xogando con nós sociedade, e iso non podemos permitilo. Esta é unha situación que se repite, e temos que poñerlle couto a curto prazo.

Eu creo que temos que garantirlle á empresa, como solicitan os traballadores, o seu comité de empresa, que retire o ERE extintivo para sentarse a negociar. Sabemos que a empresa está —como se di vulgarmente— cerrada en banda, que en realidade os seus representantes en España non teñen autonomía para tomar decisións que impliquen este feito. Polo tanto, se é necesario, hai que ir á fonte primaria, hai que ir a Estados Unidos falar cos máximos responsables e convencelos de que esta vía de negociación é plausible, que vai haber un

marco, primeiro eléctrico, e, en segundo lugar, de incentivos para a renovación tecnolóxica que vai permitir a continuidade da empresa nas mellores condicións. Temos que facer isto.

En segundo lugar, temos que manter todas as opcións, todas as alternativas, abertas, porque sabemos que a situación é moi complexa, polo tanto, hai que manter todas as alternativas abertas.

E eu diría que fagamos todos o posible para non romper a unidade social e política en relación con este tema. Polo tanto, ser prudentes. Cada un que aporte o que poida. Exixirlles aos demais que fagan o mesmo, pero ser prudentes para non converter isto nunha loita partidaria ou nun tema que permita sacar vantaxe política a custa do futuro de moitas familias e do futuro do noso sector industrial siderometalúrxico en Galicia, que en parte é tamén o de España.

Isto é o que eu quería propoñerlle, e eu creo que se saímos desta comparecencia con esta idea de unidade en relación con estes temas, faremos avanzar un pouco máis a esperanza de que poida haber luz ao final do túnel para os traballadores de Alcoa, para as súas familias e para o futuro do sector industrial en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Quero comezar a miña intervención cun saúdo aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa, que non se renden. Non soamente por eles, senón tamén polas súas familias e tamén por toda Galicia. Están loitando non por eles, están loitando por todas e por todos nós, porque o impacto do peche da factoría afectaría a todo o mundo, empobrece o tecido produtivo galego e arrastra cara abaixo a nosa economía. Grazas por plantarvos en defensa do benestar non voso, senón de toda a cidadanía. Hoxe, e ata que se arranxe este conflito, todas e todos somos traballadores e traballadoras de Alcoa. *(Aplausos.)*

É sorprendente a rapidez coa que o conselleiro esqueceu o acordo parlamentario de onte, onde nunha iniciativa proposta precisamente polo Partido Popular acordamos buscar solucións e non sinalar culpables. Desde logo, se imos a iso nesta intervención, nós temos moitos sinalamentos que facer. Viñeron aquí a falar de falta de iniciativa política do Goberno central, e de que non se está facendo todo o que se deba por estabilizar prezos. ¿Queren culpables? ¡Mírense no espello! ¡Aí teñen os culpables da regulación actual do sector eléctrico!

Dixo o conselleiro tamén que aínda non se convocou a poxa de interrompibilidade para o ano 2019. Esqueceulle dicir que o ano pasado non se convocou tampouco ata o mes de no-

vembro e gobernaban outros no Goberno central. E ademais foi só por seis meses. Deixa claro, señor conselleiro, que vén aquí cunha actuación de parte e non cunha actuación de interese xeral para o conxunto da cidadanía. A súa prioridade non son os traballadores e as traballadoras, senón a defensa dos intereses do seu partido e da memoria que deixaron no Goberno do Estado. (*Aplausos.*)

É evidente que non fixeron os deberes anteriormente, por iso houbo unha lexislación aparentemente errática e improvisada, con sucesión de parches de mínima duración, que impediron a existencia dun marco estable que fose competitivo a longo prazo; unha situación que foi mantida de forma deliberada no tempo. Non foi inconsciente, foi deliberada no tempo por parte dos gobernos do Partido Popular, coa conivencia, si, dun poder político dedicado a amparar o oligopolio eléctrico, este que sabe agradecer colocando os seus máis ilustres ex-dirixentes en postos executivos —apelídense Aznar ou Fernández de Mesa—, nun exercicio inaceptable sempre, pero sobre todo neste momento, de portas xiratorias entre poder político e empresa privada, favorecida por eses que ocuparon antes postos políticos de relevancia e que posteriormente exercen de lobbistas sobre os antigos compañeiros de partido.

Temos que desenchufar dunha vez por todas a conivencia co oligopolio eléctrico por parte do poder político, tanto pola vía da lexislación como pola vía da subvención. E falemos claro, estamos nun escenario no que non se pode ceder á chantaxe de Alcoa; non se poden dar máis cartos sen condicións ás empresas electrointensivas; non se pode aceptar que Alcoa coloque os traballadores e traballadoras como escudos humanos da protección dos seus propios intereses. Resulta, por iso, urxente e vital o cumprimento por parte da empresa do reclamo unánime desta Cámara que representa a soberanía do noso país: a retirada inmediata e incondicional do ERE de extinción.

Esta petición debería de marcar —se isto fose o normal e o acordado onte se cumprise con normalidade— o inicio da unidade de acción neste Parlamento dos concellos afectados, do Goberno da Xunta, do Goberno do Estado situándonos a carón das traballadoras e dos traballadores de Alcoa. A esta unidade inicial debería de seguir unha proposta conxunta. De aquí estamos extraendo solucións os/as que subimos a tarima. Pois moi ben, debe saír unha proposta conxunta, consensuada, que pense na xente, nos postos de traballo, no futuro industrial do noso país, e que incinere dunha vez por todas calquera dúbida sobre de que lado están algunhas forzas políticas galegas. Facer o contrario, soamente beneficia a estratexia de Alcoa.

Agora ben, escoitado o conselleiro, desde En Marea pensamos que é momento tamén de rescatar a hemeroteca, aínda que sexa fugazmente. Queremos recordar que En Marea presentou nesta cámara e no Congreso dos Deputados varias iniciativas, durante estes dous últimos anos, para mellorar o sistema que garante a viabilidade das empresas electrointensivas, con dous obxectos principais. O primeiro deles, acabar cos ataques especulativos do prezo da luz polo oligopolio eléctrico. E, en segundo lugar, para estabilizar prezos, para introducir certeza no sector. En todos os casos, rexeitadas cos votos en contra do Partido Popular.

En segundo lugar, queremos recordar que o Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy estivo seis anos poñendo parches e adxudicou centos de millóns de euros a Alcoa sen exixir nin controlar, primeiro, que se investira na mellora das instalacións para facelas máis com-

petitivas, o cal desincentivaría agora o peche. E, en segundo lugar, sen preocuparse da consolidación de emprego. E agora veñen aquí rachar as vestiduras. É algo incomprendible.

Terceiro dato. Moi concreto. En xaneiro de 2018 En Marea presentou unha proposición non de lei nesta Cámara, que debatemos, para instar o Goberno do Estado que executara a partida orzamentaria de 2017 dos orzamentos xerais do Estado, de 150 millóns de euros, co obxectivo de estabilizar este mercado. O Partido Popular votou en contra, votaron en contra. Se non conto verdade, suba agora e desmíntame; e se é, explíquelles aos traballadores e traballadoras por que o fixeron, e veu vostede agora, nesta primeira intervención, precisamente a reclamar que se executaran esas partidas. Pois ¿por que votaron en contra da de 2017, en xaneiro de 2018, nesta Cámara? Explíquello a eles e a toda Galicia, que lle está escoitando.

En todo caso, no que agora interesa debemos rexeitar a chantaxe de Alcoa co ERE e mais cos plans de peche. E ¿por que? Por unha razón moi clara. Unha empresa que recibiu aproximadamente mil millóns de euros dos petos de toda a cidadanía de Galicia e do Estado, para garantir a súa viabilidade, non pode agora pegar unha espantada. E hai que advertírllelo tamén ben claro, con firmeza. Se Alcoa insiste e persiste nas súas intencións, o Goberno galego e o Goberno do Estado terán que activar os mecanismos legais para exixir a devolución do indebidamente cobrado. Fronte á súa chantaxe por interese particular, a nosa firmeza na defensa da industrialización e do interese xeral da cidadanía.

Entendemos —e aquí parece que é unánime esa proposta— que hai que poñer en marcha de inmediato, tal e como se reclamou agora unanimemente, unha mesa de negociación entre a empresa, os traballadores e as traballadoras, os concellos afectados, a Xunta e o Goberno do Estado para que, ao día seguinte de que Alcoa retire o ERE de extinción, nos poñamos a traballar nas solucións, das cales nós achegamos as nosas a este debate.

En primeiro lugar, e tal e como se acordou onte, exixir do Goberno do Estado que se execute a partida de 2018, mais tamén a de 2017, dos 150 millóns de euros para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva, deixando claro, iso si, que non pode haber axudas incondicionais. Estas compensacións teñen que estar condicionadas, en primeiro lugar, a investimentos para garantir a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e tamén ao mantemento do emprego. Consideramos que estas condicións son imprescindibles para evitar que se repita a situación actual.

Tamén é necesario que tanto as compensacións mencionadas agora mesmo como esta nova e reformulada poxa de interrompibilidade para os próximos anos, á que agora me referirei, que compense un verdadeiro servizo de interrompibilidade, se diferencien en categorías de empresas en función do impacto que os custos da subministración eléctrica ten nos seus custos totais de produción. Isto evitaría que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda ao seu desenvolvemento, pero non tan crítica para a súa supervivencia.

É necesario tamén a medio prazo, e con carácter fundamental, en primeiro lugar, a revisión de toda a lexislación eléctrica, que non só pon en risco a viabilidade de toda a nosa industria máis alá das empresas electrointensivas, senón que supón tamén unha lousa inasumible

para a maioría dos fogares, moitas veces moitos deles presos dunha cada vez máis severa pobreza enerxética, aos que nos temos referido aquí en tantas ocasións.

En segundo lugar, en tanto isto non se desenvolve, é necesario de forma inmediata sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía, e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables.

Asemade, é necesario que se permita a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa. Esta, por exemplo, é a situación que xa ten a planta de Alcoa en Noruega, e ten contratos a quince anos, con prezos estables, con produtores eólicos, o que fai que unha planta menos produtiva que a da Coruña teña o seu futuro garantido moi a longo prazo.

Tamén a longo prazo, pero con vista na renovación das institucións europeas proximamente, convén sinalar dúas cuestións. A primeira delas, a necesidade de desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada do CO₂ dos produtos que entren na Unión Europea procedentes de países terceiros. O que non pode ser é que o aluminio de factorías que Alcoa desenvolveu, por exemplo, en Arabia Saudí, con beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias, e cos 1.000 millóns de euros de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidoras de electricidade, lle fagan agora a competencia ás factorías locais. Iso non pode ser.

O aluminio de Maden entra —e sábeno perfectamente— masivamente polo porto de Vigo; un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e a auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel. É dicir, cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas e inaceptables. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa, e non a falsa falta de competitividade das factorías galegas ou asturianas.

Finalmente, lembrar que, se Alcoa persiste nas súas intencións, o Goberno galego e o Goberno do Estado, como dixen antes, teñen o deber de exixir a devolución dos cartos cobrados indebidamente. Incluso debemos formular tamén esta idea, a posibilidade de aplicar o artigo 128.2 da Constitución española, tendo en conta que Alcoa é monopolística na fabricación de aluminio en España.

Non queremos deixar de lembrar que a Constitución permite que en casos coma este se poida acordar a intervención de empresas cando así o xustifique o interese xeral. Para nós, o mantemento dos postos de traballo; para nós, o mantemento dun mercado non condicionado e non chantaxeado; e para nós o mantemento do emprego industrial en Galicia ben merece cualificarse de interese xeral do conxunto da cidadanía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Por favor, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Moi bo día a todos.

En primeiro lugar, trasladar o noso saúdo, en nome do Grupo Parlamentario Popular, aos representantes dos traballadores que nos acompañan neste debate.

O certo é que, logo de escoitar as intervencións dos voceiros da oposición, calquera diría que no día de onte chegamos a un acordo promovido polo Grupo Popular, un acordo por unanimidade subscrito por todos os partidos, para a defensa dunha postura común. Calquera diría que ese acordo que votamos onte pola tarde continuase vixente para os representantes dos grupos da oposición, logo de telos escoitado.

En calquera caso, dende o Partido Popular o que queremos é amosar a nosa solidariedade cos traballadores, defender a importancia da unidade de acción, unidade política e unidade social. Polo tanto, creo que hoxe é un día de medir as palabras, porque aquí non se trata de repartir responsabilidades, señor Villares, ¡xa non é tempo de sentenzas! Os traballadores o que queren é unha postura común e que todos a defendamos dende o lugar onde cada un de nós ten responsabilidades.

Eu creo que algún veu a este Pleno a facer outra cousa, e creo que se equivoca, creo que é un erro, ¡creo que é un auténtico erro! Creo que o Goberno ten demostrado axilidade. O Goberno galego, dende o primeiro momento, estivo, está e estará onde o conxunto da sociedade galega demanda que estea e demanda que siga estando.

Hai que recordar, señor Villares, que o conselleiro está aquí por petición propia, que foi o Goberno quen rexistrou tamén unha solicitude de comparecencia e que foi a maioría da Cámara quen pediu a alteración da orde do día para poder incluír esta comparecencia, solicitada unha vez conformada a orde do día. Polo tanto, aquí non se trae a rastras a ninguén. Non, non, non. O Goberno está aquí porque quixo estar dende o primeiro momento, por vontade propia, e por un exercicio claro de responsabilidade. *(Aplausos.)*

¿Sabe que pasa?, que, do outro lado, ese goberno do que vostede non quere falar porque agora xa non pode falar —que foi o que lle dixo o señor Pablo Iglesias—, ese goberno tiña que comparecer esta mañá no Congreso dos Deputados e responder a unha pregunta formulada por unha deputada do Partido Popular; unha pregunta sobre que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno de España para facer fronte á crise de Alcoa. ¿Sabe que fixeron as ministras do Goberno de Pedro Sánchez? Pedir o aprazamento desa pregunta, que ía dirixida á ministra de Transición Enerxética, e estaba en España. *(Murmurios.)* Non, non, non, lean a iniciativa.

Polo tanto, son dúas formas de actuar: estar aquí e dar a cara, ou non estar e non dar respostas. Polo tanto, a min o que me gustaría, logo de escoitar determinadas actuacións, é que se fose igual de serio e de contundente con todos os gobernos, non «cos meus calo», e «caña ao Goberno do Partido Popular porque non son dos meus». Ese é o seu modelo, señor Villares, ¡e así lle loce o pelo! *(Aplausos.)*

Hai unha falta de resposta do Goberno de España máis que evidente. E ¿sabe o que lle digo? Que lle imos pedir ao Goberno de Pedro Sánchez o mesmo que lle pedimos ao Goberno de

Mariano Rajoy no 2014. (*Murmurios.*) Porque isto xa pasou, xa pasou, e no 2014 o que fixo o Goberno do Concello da Coruña, o que fixo o Goberno da Xunta de Galicia, o que fixo o Goberno de España, foi buscar solucións e poñelas enriba da mesa, e superamos unha crise moi similar a esta. E agora do que se trata é de superar esta situación poñendo solucións todos, ¡todos!, con altura de miras. Non lle pedimos nin máis nin menos.

É evidente que a inestabilidade política que vive o noso país ten estas consecuencias. É evidente que a inestabilidade política se traduce en inestabilidade institucional e se traduce en inestabilidade económica, e Alcoa claro que é sensible a esa inestabilidade. Iso é o que está acontecendo nestes momentos.

Pero, xa lle digo, este foi un goberno que está aquí e que comparece, e o de España, o de Pedro Sánchez e Pablo Iglesias, é un Goberno que desaparece; e non é o mesmo comparecer que desaparecer, iso é o que está pasando nestes momentos.

Eu, ademais, teño que dicir que me alegro do cambio de discurso de determinados partidos da oposición. Vemos a unha Ana Pontón preocupadísima polo emprego, e parécenos moi ben. Vemos a un señor Villares tamén moi preocupado polo emprego, e parécenos especialmente ben. Pero eu teño que dicirlles que todos os postos de traballo valen o mesmo, e nós imos defender coa mesma intensidade os traballadores de Alcoa que os traballadores de Ence, de Elnosa, das centrais térmicas de Endesa das Pontes (*Aplausos.*) e de Meirama. Imos defender coa mesma intensidade os postos de traballo de Reganosa e imos defender tamén os postos de traballo que dependen de Citroën (*O señor Lago pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, señor Lago, chámoo á orde.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O verdadeiramente importante é avanzar e lograr coordinación entre administracións, pero é difícil dialogar cunha administración que está desaparecida.

Gobernar é isto, é estar cando un fai falta. O que vemos no Goberno de España é que está desaparecido, e no primeiro momento que tiña que dicir cal é a súa posición, non estivo.

Señora Pontón, ninguén tira a toalla, todo o contrario. Pero eu pídolle que o acordo que onte acadamos entre todos o defendamos tamén entre todos. Polo tanto, creo que non é momento de vir aquí aproveitar a ocasión para sacar a bandeira do nacionalismo e dicir que esa tarifa eléctrica galega resolvería todo, porque vostede sabe igual ca min que non é verdade, que a tarifa eléctrica galega sería un problema aínda maior, engadido a todos os que xa ten Alcoa.

Polo tanto, o conselleiro onte estivo en Madrid sentado nunha mesa de negociación, nunha mesa de diálogo, cun mandato parlamentario, cun acordo unánime que onte resolvemos nesta Cámara que teño a sensación de que vostedes non leron, porque falan dunha mesa de negociación que a Xunta de Galicia ten que poñer en marcha. Non deberon ler ben, señora Pontón, a iniciativa, porque a quen lle pedimos a apertura dunha mesa de negociación é a Alcoa, ¡é a Alcoa! ¡Vostede como lle fai oposición todo o día ao Goberno da Xunta de Galicia...!

¡Oia!, é a Alcoa a quen lle pedimos a mesa de negociación. Nós mantemos todos os acordos que onte defendíamos.

Con respecto ao Partido Socialista, creo que se lle pode dicir exactamente o mesmo. Señor Leiceaga, aquí ninguén tirou a toalla. O importante é que o Goberno de España se poña a traballar, ¡para iso fixeron unha moción de censura! Eu supoño que vostedes, ademais de desfrutar da Moncloa, ¡algo farán! ¡É que agora gobernan vostedes, señor Leiceaga! Eu creo que vostede aínda non se deu conta do cambio. Polo tanto, obvia vostede que ten unhas posibilidades de actuar o Goberno de España das que vostede non falou, pero que o conselleiro expresou con meridiana claridade.

Convocar a poxa do ano 2019 e resolver esas compensacións que están nos orzamentos xerais do Estado que deixou aprobados o Partido Popular. É simplemente executalo, é simplemente executalo para poder dar certeza a empresas como Alcoa. Polo tanto, xa non vale o infantilismo de dicir: ¡é que nós acabamos de chegar! Non, non, acaban de chegar, tomen medidas porque agora lles toca a vostedes. Deixen de mirar para atrás. O Goberno de España ten que tomar medidas, ten que facelo, e ten que dicir se está comprometido con este asunto ou se simplemente están nesa xira de viaxes que non leva a ningunha parte.

Seica vostede quixo mirar para atrás porque o sistema eléctrico é un desastre. Efectivamente, é un desastre porque cando gobernaban vostedes deixaron un furado de 30.000 millóns de euros de déficit de tarifa. Diso vostede tivo memoria selectiva e non se acordou para nada. Eu creo que vostede puxo a venda antes que a ferida, e veu aquí xustificar a inacción do Goberno socialista.

O señor Villares... vimos ese tigre convertido en gatiño porque do Partido Socialista e do Goberno de España vostede non falou. Vese que o señor Pablo Iglesias, vicepresidente *de facto*, non quere que se fagan críticas ao Goberno de Sánchez, que xa bastantes líos teñen eles.

Hai un precedente que foi o ano 2014. Tivemos un problema serio, un problema grave, sobre as centrais de Alcoa en Galicia. Tamén pesaba a posibilidade de peche, e traballouse coordinadamente entre todas as administracións: Administración galega, Concello da Coruña e Goberno de España, e buscáronse solucións. Agora o que toca é facer exactamente o mesmo, poñernos do lado dos traballadores de Alcoa en toda Galicia e aportar solucións. Vir aquí facer un mitin partidista da tarifa eléctrica galega, de que se o problema foi Aznar ou non sei quen, eu creo que iso non aporta nada a ninguén, e agora do que se trata é de buscar solucións a un problema grave. Polo tanto, xa lles digo que o Goberno da Xunta de Galicia, e a maioría parlamentaria que respalda e acompaña o conselleiro de Economía e Industria, van estar sempre do lado dos traballadores e van defender a permanencia desta planta, que é importantísima para o tecido produtivo de Galicia.

Imos estar aí sempre, governe quen governe na Moncloa. Imos seguir defendendo o mesmo, o mesmo que defendemos tamén no 2014, e antes, porque levamos dez anos padecendo esa espada de Damocles dun posible peche de Alcoa. Nós estamos aquí, imos seguir aquí, imos seguir defendendo os intereses de Galicia sen importarnos nada quen goberna noutras administracións.

Eu agardo que ese acordo unánime que se aprobou onte aquí por iniciativa do grupo maioritario, do grupo que sustenta o Goberno galego, siga vixente, porque iso será un exercicio de responsabilidade de todos. E que deixemos de facer política da mala, que é o que estivesmos vendo neste debate, e apostemos por chegar a acordos, respaldalos, e facer política dende a lealdade institucional.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, agradecer a intervención de todos os grupos parlamentarios. Non debemos olvidar todos os grupos, e tamén o Goberno, que estamos nunha unidade de acción pois só temos un obxectivo, que é reverter a decisión de Alcoa e, polo tanto, garantir a continuidade dos postos de traballo. Non hai outro obxectivo, e para iso o Goberno vai seguir traballando. Por iso creo que non paga a pena utilizar expresións como «tirar a toalla», ou que «o Goberno non está traballando e non se está involucrando na busca de solucións».

Ontes mesmo estivemos en Madrid defendendo a posición da Xunta de Galicia e a posición dos traballadores, e avaliando a propia proposta que os sindicatos trasladaron nesa reunión, que era precisamente que Alcoa puidera retirar o ERE. Polo tanto, o Goberno segue traballando e o Goberno vaise seguir implicando. Por iso, señor Leiceaga, toda a prudencia pero tamén todo o realismo, porque o que nos estamos xogando son 360 postos de traballo na factoría da Coruña, e ao Goberno hai que pedirlle realismo, á Xunta de Galicia e a todas as partes.

Eu creo que non dixen nada na miña intervención que non viñera dicindo durante todos estes días. E, sobre todo, non dixen nada que non quedara reflectido no acordo unánime tanto da Declaración institucional como da PNL que aprobamos onte. E, nese sentido, claro que trasladamos ese compromiso de que Alcoa retire ese expediente de regulación de emprego, que é o primeiro paso, pero, de forma simultánea, entendemos que hai que dar unha resposta clara sobre o sistema de interrompibilidade do ano 2019.

Eu non falei aquí dunha reforma do sistema eléctrico —que poderemos falar—, pero a inmediatez é que temos que dar unha solución inmediata á situación que teñen os traballadores. Por iso, de forma simultánea, o que lle estamos trasladando ao Goberno é simplemente que tome a iniciativa e que concrete cal é o sistema de interrompibilidade para o ano 2019, para Alcoa e para o conxunto das empresas electrointensivas. Nese contexto, tamén lle trasladamos a Alcoa a necesidade non só de resolver o problema dende o punto de vista eléctrico, senón tamén de abordar —e tamén o fixen na miña intervención— todos os investimentos

vinculados coas infraestruturas e a tecnoloxía que lle permitan ser máis competitivos. Polo tanto, señor Leiceaga, eu non percibín nada nos plantexamentos dos grupos parlamentarios que non estivera na miña intervención. Só hai unha pequena diferenza na súa intervención que eu lle matizo, tan só unha cousa, e é que vostede plantexa manter alternativas abertas.

Onte, na reunión en Madrid, eu non escoitei ningunha solución, e iso é o que temos que intentar facer entre todos. Na miña intervención eu trasladei que o Goberno de España conta con todo o apoio da Xunta de Galicia —todo—, e vai seguir traballando conxuntamente cos traballadores e co Principado de Asturias para atopar esa solución. Polo tanto, toda a prudencia porque estamos nun tema moi complexo —como todos sabemos, lamentablemente—, e todo o realismo, porque os tempos son inmediatos. O 31 de outubro, se non hai ningún cambio, empezará a contar o tempo dese expediente de regulación de emprego, e temos que volcarnos todos, de forma inmediata, buscando unha solución.

Señora Pontón, fáleme vostede de que veño como militante do Partido Popular. (*Murmurios.*) Mire, non paga a pena, non paga a pena, sobre todo por respecto aos 360 traballadores da planta de Alcoa. Este Goberno vén avalado polos feitos, e o máis importante, todos e cada un dos traballadores de Alcoa-Coruña saben perfectamente que o presidente da Xunta de Galicia leva traballando dez anos para que, ano tras ano, haxa unha solución concreta para os traballadores de Alcoa. Esa é a realidade. (*Aplausos.*) Polo tanto, nós iremos á Mesa de negociación con todas as partes. Compartiremos cos grupos parlamentarios de Galicia os diferentes posicionamentos que poidamos trasladar. Compartiremos eses posicionamentos co comité de empresa. E compartiremos tamén os posicionamentos coas centrais sindicais e co propio Goberno, porque non hai outro obxectivo que atopar esa solución, que é o máis importante...

Señor Villares, falou de diferentes propostas. Hai un elemento clave nas diferentes propostas, e é que teñen que estar validadas xuridicamente, e niso empregamos moito tempo, durante os últimos dez anos, todos: o Goberno, a Xunta de Galicia, o Principado de Asturias, os propios traballadores, porque esas medidas teñen que ser legais e teñen que estar validadas pola Unión Europea. Nese contexto é onde temos que atopar as solucións concretas que lle permitan a Alcoa garantir eses postos de traballo.

Polo tanto, señor Leiceaga, eu non veño... —de verdade o digo— Se alguén interpretou que eu viña criticar aquí a alguén, retiro esas posibles referencias, nada máis lonxe da miña intención. Veño aquí trasladar un posicionamento ao Goberno, xunto co comité de empresa e cos grupos parlamentarios, para seguir traballando e apoiando o Goberno para atopar unha solución. Pero permítanme que nunha comparecencia, onde temos que trasladar cal é o fondo —non só a forma, senón o fondo— do problema, traslade o realismo, porque desde o realismo poderemos este ano, un ano máis, atopar unha solución, que é o que nos convoca. Por iso escoitar propostas vinculadas ao independentismo eléctrico de Galicia, honestamente, non me parecen realistas, e creo que ese tipo de propostas nestes momentos non lle dan unha solución a Alcoa. É certo que penso tamén que non lle dan unha solución a futuro, pero, dende logo, no curto prazo non lle van dar unha solución aos traballadores de Alcoa.

O BNG sabe que a tarifa galega é ilegal e é máis cara, 300 millóns de euros máis cara que o sistema actual. E non o di o Goberno. Como saben todos os parlamentarios, houbo unha co-

misión no trámite da iniciativa lexislativa popular vinculada ao aforro e á eficiencia enerxética, viñeron aquí expertos independentes, coñecedores perfectamente do sistema eléctrico español e europeo, e todos, todos por unanimidade, salvo os ponentes do BNG, trasladaron que esa proposta non só é inconstitucional, senón que ademais é máis cara para a economía das familias. Polo tanto, creo que non paga a pena traer ao debate medidas que non van dar unha solución no curto prazo e no contexto actual de Alcoa, pero que tampouco lle van dar ningún tipo de solución de cara ao futuro.

Creo que entre todos temos que centrarnos en propostas concretas e en propostas realistas que poidan abordar esas solucións de cara ao futuro. Solucións que eu intentei trasladar, que foron as que durante estes últimos anos se foron dando por parte do Goberno tamén coa implicación do Principado de Asturias, isto non é un tema partidista. Tamén o Principado de Asturias, durante os últimos dez anos, estivo traballando coa Xunta de Galicia e co Goberno anterior para atopar unha solución. Este non é un tema de partidismo, é un tema de atopar solucións realistas e xuridicamente viables.

Vostede sabe, todos sabemos, que dende o ano 2012 había un problema de compatibilidade do sistema de interrompibilidade coa normativa comunitaria, e fóronse abordando solucións concretas que nos están levando a que nestes momentos teñamos un sistema de poxa e un sistema de mecanismos de compensación validados pola Unión Europea. E señor Leiceaga e señor Villares, saben ambos os dous que o sistema compensatorio por enerxías renovables non está validado nestes momentos pola Unión Europea. Ese é un dos aspectos que hai que retomar de cara ao ano 2019 para seguir completando o mecanismo para acompañar as necesidades das empresas electrointensivas baixo criterios xuridicamente compatibles coa normativa comunitaria, porque esa é a garantía que ao mesmo tempo nos están pedindo todas as empresas que participan no sistema de interrompibilidade.

Por certo, o pago pola interrompibilidade é un pago por un servizo, outra cousa son os mecanismos de compensación. Pero creo que é bo tamén aclarar que todas as contías que se aplican, derivadas da poxa, son derivadas dun servizo e, polo tanto, dunha contraprestación que prestan todas as empresas electrointensivas. É certo que nos mecanismos de compensación hai que traballar e hai que establecer non só a validez con respecto á Unión Europea, senón tamén a vinculación que me trasladaban os representantes dos grupos parlamentarios e coa que este Goberno concorda, está totalmente de acordo.

En definitiva, creo que estamos ante un momento crítico, porque temos que ser realistas con respecto á decisión unilateral que adoptou Alcoa. Temos que intentar todos reverter esa decisión unilateral para que poidan retirar o expediente de regulación de emprego. E temos que establecer esas solucións.

A Xunta de Galicia vaise implicar en aportar todas as solucións que permitan unha solución no eido das súas competencias. As competencias dende o punto de vista da política enerxética saben todos que as ten o Goberno do Estado, polo tanto, as solucións en materia de política enerxética tenas que aportar o Goberno do Estado, por iso lle pedimos que estableza o sistema de interrompibilidade para o ano 2019. En todos aqueles elementos que permitan complementar as necesidades que poida ter Alcoa de cara á súa modernización, de cara aos

investimentos que poida precisar para poder ser máis competitivo, contará co apoio da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Polo tanto, nese sentido o Estado ten un aliado. *(Aplausos.)*

En definitiva —termino—, creo que todos temos que manter a unidade de acción. A Xunta de Galicia vai seguir sendo o aliado do Goberno e dos traballadores, e, nese sentido, vai traballar conxuntamente cos grupos parlamentarios nesa unidade de acción que se plantexou na declaración institucional, cumprindo con todos e cada un dos puntos que se reflectiron na PNL que onte aprobamos por unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Conde, creo que é importante que nos escoitemos no Parlamento. O primeiro que eu lle dixen en nome do BNG en relación con este asunto é que para nós hai dúas cousas que son fundamentais. A primeira é que Alcoa non pecha, e non imos permitir que se poña en risco nin un só posto de traballo. *(Aplausos.)* A segunda, señor conselleiro, é que articulemos unha fronte de país para que teñamos unha Xunta de Galiza que se poña á cabeza da defensa do emprego e, en concreto, do mantemento dos postos de traballo.

Polo tanto, eu lamento que aquí o portavoz do Partido Popular queira vir buscarse o seu minuto de gloria. Non sei, efectivamente ten unha obsesión co BNG moi forte, e non vou entrar nin nas mentiras nin nas descualificacións porque creo que o importante son outros temas.

Mire, só lle vou dicir unha cousa. Tarifa vasca, chámalle euskopeaxe, póñanlle o nome que vostedes queiran, 120 millóns de euros de aforro para as súas empresas que lles permite ser máis competitivas. Galiza, produtora neta de enerxía, exportamos unha parte moi importante da nosa enerxía, cero euros de beneficio e 400 postos de traballo na picota por culpa, nunha moi boa parte, dos prezos enerxéticos. Moitísimas grazas, señoras e señores do Partido Popular. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

Dixo vostede aquí algo que, efectivamente, nos ten que preocupar. Dixo vostede aquí, literalmente, que onte en Madrid non se puxera sobre a mesa ningunha solución. E eu preguntome, ¿a que foi vostede a Madrid? Nós cremos que o Goberno galego debe ser parte da solución, e para iso o que non pode ser é que estea de brazos cruzados, vendo o que pasa e simplemente como un espectador da realidade. Por iso nós o que lle pedimos, e dixémolo dunha maneira clara —vou intentar facelo mellor, dado que parece ser que non me entendeu ben o señor conselleiro—, é que, se pactamos unha declaración institucional na que ademais recollemos un punto que nos trasladou o comité de empresa de Alcoa para que se abra unha mesa de negociación con todas as partes implicadas, ¡home, entendo que esta mesa de negociación non a

vai abrir Alcoa, terá que abrila o Goberno galego! Imaxino que ese será o punto de partida e a proposta que nos están lanzando desde o comité de empresa. (*Murmurios.*) Un pouco de seriedade, que estamos falando dun tema moi serio. ¡Un pouco de seriedade! (*Aplausos.*) ¿Ou vai definir Alcoa cal é o marco enerxético deste país? Teremos que ser as forzas políticas cos axentes sociais, e tomar cun pouquiño de rigor un asunto que é importante para o presente e para o futuro. Porque seguramente o señor Conde sabe, igual de ben que o sei eu, que o problema, se non temos un marco estable para as empresas que son electrointensivas, un marco estable desde o punto de vista enerxético, non só imos ter esta situación en Alcoa, podemos tela noutros centros produtivos, podemos telas noutras empresas.

Por tanto, nós o que lle pedimos, señor conselleiro, é que desde a Xunta de Galiza se lidere unha proposta de país para poñer sobre a mesa unha alternativa. Pode haber moitas, e cadaquén, lexitimamente, pode defender as que considere máis importantes. Eu non vou criminalizar ningunha, aquí vostedes veñen criminalizar unha. En fin, ¡alá cadaquén coas súas responsabilidades! Desde o BNG non imos criminalizar ningunha proposta, o que lle pedimos é que vostede lidere unha mesa en Galiza na que estea Alcoa, os representantes dos traballadores e das traballadoras e as forzas políticas que vostedes consideren que deben de formar parte desa mesa de negociación. E vostede vaia a Madrid non como militante do Partido Popular, senón como militante de Galiza. Iso é o que nós lle estamos pedindo. Esa é exactamente a proposta que facemos neste pleno e que nos parece importante.

Hai moito en xogo. Está en xogo o emprego de moitas familias. Está en xogo tamén o futuro dunha comarca como Coruña, que se está convertendo nun deserto industrial. E está en xogo que poidamos ter beneficios colectivamente da produción da electricidade.

Vostede, señor conselleiro, ten que ser algo máis que alguén que nos conte que está pasando na realidade, e ten que vir a este Parlamento a dicirnos cales son as súas alternativas, que me imaxino eu que terán algo máis de consistencia que un folio que poidamos pactar cuns criterios xerais nun Parlamento rapidamente, porque queremos trasladar unha mensaxe clara de apoio aos traballadores e traballadoras e de pararlle os pés aos intereses de Alcoa.

Pedímoslle altura de miras e responsabilidade porque o que está en xogo é importante para este país. E, xa lle digo, o BNG vai estar aportando solucións, o que queremos é ter un goberno que lidere e non que sexa espectador.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

Teño que agradecerlle, conselleiro, o ton da súa segunda intervención, que me parece que responde ao espírito do que podíamos facer hoxe aquí, e eu creo que iso nos permite avanzar un pouquiño cando menos na busca desa solución positiva para o futuro de Alcoa.

Eu comparto con vostede que temos unha situación moi delicada, moi difícil. Cando un repasa cales son os grandes produtores de aluminio no mundo, nos dez primeiros non aparece ningún país da Unión Europea se quitamos Islandia ou Noruega, que están pero non están. E cando repasas as características dos que están, vese que ou teñen bauxita, ou teñen unha enerxía extremadamente competitiva, ou son os grandes mercados que consumen aluminio hoxe, ou varias cousas á vez. Iso indica a dificultade que ten manter este tipo de industrias sendo competitivas en lugares como España, que non dispoñen de petróleo, non dispoñen de bauxita, e o mercado europeo é un mercado con certo nivel de saturación. Por tanto, ten un gran mérito que nesas condicións sexan estas factorías de Avilés, sobre todo grazas a que teñen un plantel de traballadores cunha enorme cualificación, que son os que manteñen o nivel de produtividade que fai competitivas estas plantas. E nunha situación en que a empresa declara perdas en plantas de aluminio, que declara perdas globalmente, aínda que sexa por resultados extraordinarios negativos, e, polo tanto, que fai máis difícil ver que esta vez non sexa unha estratexia de negociación como ocorreu noutras ocasións, e parece que hai outras características.

Entón, temos unha situación moi complicada. Temos unha situación que creo que exige, primeiro, unidade. Creo que non se trata de que ninguén se poña medallas, seguramente todos somos conscientes de que nalgún momento proclamamos no Parlamento e apoiamos solucións para as industrias electrointensivas que significaban modificar o sistema de subastas. Nós tamén, no ano 2017 fíxose no Congreso; aquí, en varias ocasións.

A declaración institucional o que di é que se abra unha mesa de negociacións. E eu creo que o importante xa non é tanto quen a convoca, o importante é que se sente a empresa nesa mesa de negociacións. Porque podemos convocar unha mesa sen que se sente a empresa e non conseguiremos nada. Se conseguimos sentar a empresa, estamos dando un paso máis na busca dunha solución positiva. E eu creo que se trata de impulsar isto entre todos.

Gustoume escoitar tamén que a Xunta está disposta a utilizar os instrumentos de promoción económica e industrial que ten para contribuír a unha solución, que era o que eu lle pedía na miña intervención. Creo que isto é o correcto. E tamén quero que o Ministerio o faga, usando os mecanismos que están previstos nos orzamentos xerais do Estado deste ano. Se hai que convocar este ano tamén unha subasta de interrompibilidade a cinco meses, como fixo o ministro Nadal no seu momento, que se faga e que se faga con rapidez. Articulemos mecanismos máis áxiles, máis seguros, máis eficaces, dentro das normas europeas, para o ano 2019, e busquemos entre todos un ámbito que permita que esta actividade industrial sexa viable e, por tanto, que os postos de traballo, directos e indirectos, vinculados teñan moita máis seguridade.

Se estamos nesta liña, eu creo que avanzamos un pouco. Sen ter garantías definitivas... Eu facía un matiz, ¿por que dicía deixar as alternativas abertas? Porque non temos garantías de que, nin sequera con todo isto, a empresa ao final se aveña a unha negociación. Entón temos que saber que esa situación que ninguén quere tamén é unha situación que está dentro do ámbito do posible. Polo tanto, deixemos outras opcións por se acaso no futuro temos que botar man delas.

Non vou contestar a outras afirmacións que se fixeron neste Parlamento, paréceme que non ten demasiado sentido. Podíamos falar da inestabilidade que xerou o ministro Nadal no mer-

cado eléctrico coas súas decisións, (*Aplausos.*) pero non quero entrar por aí, non me parece que sexa moi útil nestes momentos empezar a tirarnos os trastos á cabeza. Non, eu quedo con algo que creo que é máis importante. Creo que había dúas posibilidades aquí. Unha posibilidade era acentuar as divisións e saír cun mal regusto na boca porque non axudariamos á viabilidade industrial de Alcoa en Galicia e en Asturias, e en España no seu conxunto; ou poñer por diante un traballo máis unitario que recolla o que nos están contando o comité de empresa dos traballadores, pero que lle dea unha solución en positivo coa colaboración entre as distintas administracións en busca da viabilidade para o futuro destas plantas.

Eu quero quedar con isto, e por iso quero que esta última intervención sexa unha intervención en positivo, tendendo a man para buscar solucións entre todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Temos que coincidir co anterior voceiro en que a súa segunda intervención tiña que ter sido xa a primeira, e ese é o ton que tiña que ter na primeira. Viñemos aquí en busca de unidade de acción, polo tanto, iso era para o que nós viñamos preparados ao debate, non para culpabilizar ou responsabilizar a terceiros do que xa pasou.

O segundo aspecto para o que viñamos aquí é para a busca de solucións. Nese sentido, con todo respecto, teño que dicirlle que En Marea 8, conselleiro 0. Volve aquí repetirnos cales son as medidas de solución que vostede propón. Díganos que ten na quenda de peche. Desde logo, non é unha desas oito medidas a que eu lle dixen antes. Nós en xaneiro viñemos aquí, presentamos unha proposición non de lei que se debateu nesta Cámara, na que pedimos que se executasen os orzamentos do ano 2017 con relación a eses 150 millóns de euros, e o Partido Popular votou en contra. Teñen a oportunidade de rectificar, e ten a oportunidade vostede, cando suba aquí, de dicir que se equivocaron. Non pasa nada, non pasa nada. Nin sequera lles pedimos que se desculpen, pedímoslles simplemente que recoñezan que se equivocaron. Non pasa nada.

Quero recordar esas oito medidas, que me parecen importantes, en clave propositiva. A nivel inmediato, exixir precisamente eses 150 millóns de euros dos orzamentos de 2017 e dos de 2018. En segundo lugar, a reformulación da poxa de interrompibilidade, onde se diferencien as categorías de empresas en función do impacto que os custos da subministración eléctrica ten nos seus custos totais de produción. En terceiro lugar, a revisión total da lexislación eléctrica, que pon non soamente en risco a viabilidade de toda a industria máis alá das empresas electrointensivas, senón que é unha lousa tamén para as pequenas empresas e para as familias, que están sometidas tamén aos ataques especulativos do oligopolio eléctrico. En cuarto lugar, sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía. A quinta, permitirse a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa. A sexta, desenvolvemento de aranceis medioambientais. Creo que era esta medida á que vostede se refería en canto a que non estaba validada polo espazo da Unión Eu-

ropea. Por iso me referín explicitamente a que no marco da renovación institucional que vai ter lugar o ano que vén nas institucións comunitarias hai que plantexar este debate para cambialo. Á parte é lexislación de dereito derivado, non é dereito orixinario estatal, o cal significa que se poden adoptar medidas normativas diferentes porque non afectan ao dereito orixinario da Unión Europea. Polo tanto, non é necesaria a modificación dos tratados da Unión para levar a cabo estas novas medidas. A sétima, a devolución dos cobros indebidos como consecuencia do non cumprimento das condicións. E, finalmente, a aplicación do artigo 128.2 da Constitución.

A nós parécenos que son oito medidas das que se pode falar, das que se pode esmelgar cales son posición común, pero polo menos refírase a elas para poder buscar a partir de aquí unha posición común. Nós pensamos, destas últimas, pedirlle contas a Alcoa polos cartos recibidos, e se foron ben empregados ou non, non é algo que se somete a discusión. Parareime un pouco máis nas do artigo 128.2, na intervención da economía, concretamente mediante a nacionalización de empresas. É algo que constitucionalmente é indubidable, na medida en que o recolle o propio texto constitucional, pero ademais vou dar exemplos concretos, na última década, da activación deste mecanismo. Algúns tan perigosos como o Real decreto lei 9/2009, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios de entidades de crédito, ao que seguiron tamén o Fondo de reestruturación ordenada bancaria e os decretos leis que os complementaron, que foron dos anos 2012 e 2014. É dicir, cando o Estado considerou oportuno intervir a banca para capitalizala con diñeiro público, non tivo ningún problema en facelo, e utilizouse á parte un título competencial que na disposición final sexta de calquera destas non se pode ver: coordinación da planificación xeral e da actividade económica, entre outras.

Ben, puideron facelo se quixesen, con cincuenta mil millóns de euros públicos, dos que despois o propio Banco de España e Luis de Guindos recoñeceron que serían incobrables aproximadamente trinta e oito mil. Ben, se houbo diñeiro para isto, e ademais foron a fondo perdido —xenerosamente coa banca—, quebrando desta maneira o Estado de benestar tal e como o entendiamos antes, co acompañamento do artigo 135, con moito menos poderemos facer moito máis, neste caso, por unha empresa que é estratéxica para o noso país.

O segundo punto sería ver se estamos nun momento de oportunidade política de utilizar esta ferramenta constitucional. Nós pensamos que si, se non funcionan as outras medidas. Pensamos que si porque a empresa levou máis de mil millóns de euros de fondos públicos, que foron empregados —como dixemos antes, sen que ninguén, á parte, nos desminta nin desmentira o Comité de Empresa— para acadar beneficios fóra das factorías galega e asturiana e fóra do Estado.

E en terceiro lugar, que a empresa actúa en réxime de monopolio, pois son os únicos fabricantes de aluminio practicamente no Estado, e que están postos en cuestión máis de catrocentos postos de traballo directos e máis de dous mil inducidos. Polo tanto, para nós é evidente a concorrencia dun interese xeral prevalente sobre os intereses particulares da empresa. Ademais, isto xa foi ensaiado anteriormente.

Por se alguén dubida aínda da oportunidade e da constitucionalidade desta aplicación destas normas, citarei, xa de vello, unha sentenza do Constitucional sobre a expropiación singular

—a 111/1983— e, con carácter xeral, a validación que fixo o Tribunal Constitucional tanto do ámbito da supervisión e solvencia das entidades de crédito —é dicir, da banca—, como tamén con relación ás aseguradoras e ás reaseguradoras, tamén relativa ao ámbito dos fondos de pensións.

Finalmente, remato con outro ámbito máis. No ámbito da Unión Europea, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, xa na súa sentenza do 19 de marzo de 1991, da República Francesa contra a Comisión no asunto 202/88, validou tamén esta serie de mecanismos. Polo tanto, cremos que están fóra de toda dúbida.

Isto tería beneficios non soamente con relación aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa —como vostede dixo, nós preocupámonos polo conxunto dos traballadores e das traballadoras—, senón tamén a todo o tecido produtivo que está arredor dunha empresa como esta e que, desde logo, sería un golpe mortal ao sector industrial, non soamente na área metropolitana da Coruña, senón en toda Galicia. Pensamos, ademais, que as medidas que nós propoñemos redundarían tamén no beneficio das pequenas empresas e tamén dos fogares do noso país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Debatenos sobre isto no estado da nación. Constatamos como durante o último ano subiu o 35 por cento o prezo da luz, e a esa problemática non é allea a situación da que estamos falando.

Polo tanto, polo interese xeral, non soamente das traballadoras e dos traballadores de Alcoa, senón do conxunto da poboación, tomen medidas e tómenas xa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Constatamos, chegados ao termo desta comparecencia, que, efectivamente, en Galicia hai un compromiso, hai un Goberno comprometido por traballar para buscar solucións a unha empresa importante que está a pasar problemas e que lanza unha mensaxe clara de alerta. E nós podemos ou actuar ou non facer nada. Desde logo, o Goberno galego decidiu actuar, decidiu participar neste proceso na busca de solucións que, inevitablemente, teñen que vir da man do Goberno de España, gústenos ou non nos guste.

En Galicia hai compromiso, en Galicia hai un acordo unánime que subscribimos nesta cámara no día de onte, e eu creo que sería importante que ese acordo fósemos quen de mantelo no tempo.

En España o que vemos é que hai un Goberno que, de momento, se desentende. E eu agardo que cambie de decisión, que cambie de postura. Porque, sen lugar a dúbidas, eu creo que esa unidade política e social que hai en Galicia sería bo que puidese contar co respaldo tamén do Goberno de España na busca de solucións.

Señor Villares, vostedes en Madrid apoian un goberno, apoian ese goberno que ten que aportar solucións. Así que, se ten capacidade de interlocución, fale vostede con Pablo Iglesias, Pablo Iglesias con Pedro Sánchez, Pedro Sánchez cos seus ministros e entón poñeremos solucións enriba da mesa. Todos podemos facer algo; todos, tamén vostede. Isto non se trata só de vir aquí, largar e xa está; non. ¿Que é o que podemos facer cada un de nós?

A min sorpréndeme a incoherencia do seu discurso, porque o certo é que vostedes queren pechar empresas. Dino moitas veces, dino aquí nesta cámara. Hai traballadores de primeira e traballadores de segunda para as mareas de Podemos. Nós defendemos todos os postos de traballo, ogallá vostedes mantiveran tamén a mesma actitude.

E, por certo, non sempre defenderon Alcoa. Só hai que ir á prensa e ver unha entrevista da señora Yolanda Díaz que dicía: «En Marea carga contra los privilegios de Megasa, Alcoa y Ferroatlántica. En Marea llama a limitar la retribución y la potencia subastada de la interrumpibilidad, que ven como una ayuda encubierta de las grandes consumidoras». Pois sexamos claros.

Mire: nós cremos que hai instrumentos para axudar Alcoa, para garantir a viabilidade deste proxecto industrial, e sería bo que todos traballásemos na mesma dirección.

E, polo tanto, eu creo que cómpre darlle a noraboa ao Goberno galego por facer o que ten que facer, que é traballar con axilidade, defender os intereses xerais e construír unha fronte común en Galicia, neste parlamento, pero tamén en España, co Principado de Asturias e co Goberno de España. Polo tanto, creo que a vontade de diálogo e de buscar solucións da Xunta de Galicia é o que precisamos todos.

Ao Partido Socialista simplemente quero agradecerlle o ton do señor Leiceaga da súa última intervención. Pero si creo que debemos recordarlle que o sistema de interrumpibilidade se estableceu nos anos noventa. Polo tanto, se está tan mal, tiveron ocasión de reformulalo nos anos nos que gobernaron España e non o fixeron. Polo tanto, probablemente o sistema non estea tan mal como vostede dicía.

O que fixo o Goberno do PP foi introducir máis competitividade nas subastas, e por iso se creou o sistema de compensación; esa foi a realidade. E están aí eses cento cincuenta millóns de euros nuns orzamentos que aprobamos nós e que agora xestiona o Goberno de Pedro Sánchez, que o único que ten que facer é poñelos enriba da mesa para evitar o peche de Alcoa. E ten que facelo xa, non agardar a nada. Pode facelo xa.

Para o BNG e as mareas a verdade e que é curioso, porque o BNG e as mareas resólveno todo ou pechando empresas ou propoñendo a nacionalización de empresas. ¡Oia!, busquemos solucións cos recursos e a legalidade vixente en vez de facer castelos no aire que non nos levan

a ningún lado. Respectemos os traballadores de Alcoa, que queren solucións e queren propostas concretas, non queren vir a un mitin do señor Villares nin da señora Ana Pontón.

Señora Pontón, a tarifa eléctrica vasca non existe, é mentira, é unha das mentiras mil veces repetidas polo nacionalismo galego. É unha tarifa eléctrica para determinadas potencias. Fíxese se é vasca que hai sete empresas galegas acollidas a esa tarifa vasca; hai once empresas de Asturias, dezasete de Cantabria, trinta e tres de Castela e León, corenta e dúas de Navarra. Tarifa eléctrica vasca... Señora Pontón, tome en serio isto. (*Aplausos.*) A súa tarifa eléctrica sería unha auténtica ruína para Galicia, unha auténtica ruína.

Remato xa instando o señor Leiceaga a manter ese ton, (*Balbordo.*) porque eu creo que é fundamental que o Partido Popular e o Partido Socialista cheguen a acordos e traballen da man. Creo que este ton é moi distinto ao que mantiveron ata hai pouco con respecto a outras cuestións, porque o PSdeG-PSOE calou durante todos estes meses en moitos temas: calou cando se trataba dos retrasos do AVE —xustificaron o Goberno—, calou cando se falou dos douscentos millóns do IVE —xustificaron o Goberno en vez de defender Galicia—, cando se falou de financiar portos vostedes tamén calaron, cando se tratou das corvetas de Arabia tamén calaron, e agora que se fala desde o seu Goberno de eliminar o Plan Ferrol tamén calan. Eu agardo que ese Partido Socialista de Galicia sexa máis reivindicativo e se aliñe coa defensa dos intereses de Galicia e non coa defensa dos intereses electorais do seu partido.

Polo tanto, nese camiño que hoxe expresou creo que van na boa dirección. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu remato xa. A nosa postura é clara: demandarlle ao Goberno central unha resposta concreta sobre o marco de interrompibilidade para este ano e para o 2019 que nos sirva como primeiro paso para a negociación con Alcoa, como se fixo no ano 2014 —exactamente o mesmo—, e demandarlle a Alcoa a retirada do ERE de extinción.

Creo que a posición conxunta común, a defensa dos intereses todos xuntos, permitirá, se traballamos todos na boa dirección, impedir o peche de Alcoa, que é o que todos desexamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Peche desta comparecencia, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Dicía antes —e reitéroo nesta última intervención— que a nosa prioridade son os centos de familias que están ameazadas polo expediente de regulación de emprego que acaba de presentar Alcoa. E nese contexto é onde eu quero agradecer a intervención dos catro grupos

parlamentarios porque creo, honestamente, que quedou de manifesto nas diferentes intervencións que temos un único obxectivo, que non é outro que salvagardar todos e cada un dos postos de traballo da fábrica de Alcoa na Coruña e de abrir todas as canles de diálogo para conseguir que Alcoa reverta esa situación. Polo tanto, aí é onde estamos todos convocados e aí é onde seguiremos traballando conxuntamente.

Señora Pontón, esa mesa de negociación que se plantexou e que iremos desenvolvendo simplemente está marcada por un aspecto que me parece importante definir, e é que todas as propostas teñen que ter a legalidade e o realismo que lle sirva a Alcoa. E aí é onde estamos convocados. E por iso creo que todos e cada un dos membros deste parlamento, dos membros do Goberno e dos traballadores de Alcoa somos militantes de Galicia para defender os traballos de Alcoa. E nese sentido, estamos todos convocados e aí traballaremos conxuntamente na mesa de negociación. *(Aplausos.)*

Señor Villares, dúas matizacións pequenas. Porque, efectivamente, as propostas que vostede traslada temos que incluílas nesa mesa de negociación e, polo tanto, matízalas e ver cales poden ser máis prioritarias para abordar de forma inmediata as necesidades que ten Alcoa nestes momentos, así que só dúas matizacións. Hai cuestións que son competencia da Unión Europea directamente, como calquera tipo de arancel que se poida establecer a nivel de España, e a competente é a Unión Europea. Polo tanto, nese contexto é onde si podemos trasladar propostas ao Goberno de España para que se poidan trasladar á Unión Europea e que na política comercial común se poidan adoptar este tipo de decisións. E desde o punto de vista concreto da interrompibilidade, o único ao que me refería é a que nestes momentos as axudas compensatorias por enerxías renovables non teñen a validación da Unión Europea e, polo tanto, temos que remitirnos única e exclusivamente á execución dos fondos vinculados cos custos indirectos de CO₂. Temos que traballar para abrir novos mecanismos de compensación e, polo tanto, ter un abano suficientemente amplo e flexible para garantir todas as necesidades que poidan ter as empresas electrointensivas e, polo tanto, que ese sistema que podemos hilvanar entre todos cara ao futuro teña esas horquillas que garantan a viabilidade das empresas, pero que cumpran con esa normativa a nivel europeo.

Con respecto á intervención do señor Leiceaga, eu agradézolle o diálogo parlamentario porque, efectivamente, moitas veces as diferentes quendas permiten aclarar, e concordo con vostede. Moitas das propostas que se poden plantexar na mesa de negociación, que trasladaba na súa intervención tamén a señora Pontón, poden non ser válidas ou, polo menos, poden non ser válidas no curto prazo. Polo tanto, si é certo que temos que ter esa altura de miras, poñer todas enriba da mesa, ver cales poden ser viables no curto prazo e, a partir de aí, poder traballar na situación inmediata que ten Alcoa, pero tamén na situación de cara ao futuro.

Polo tanto, eu agradézolle ese chamamento para a unidade de acción para seguir impulsando entre todos as medidas que quedaron reflectidas por parte de todos os grupos parlamentarios —e por iso tamén lle agradezo á señora Pontón, ao señor Villares e tamén ao señor Tellado a implicación dos catro grupos parlamentarios— e, polo tanto, para que poidamos seguir traballando xunto cos traballadores, xunto co Principado de Asturias e xunto co Goberno de España nesa solución para Alcoa.

En definitiva, creo que a Xunta de Galicia está actuando desde o plano institucional, está actuando cun diálogo aberto co Goberno e está actuando cunha alianza co Goberno de Asturias. Vai traballar nesa mesa de negociación e en todas as mesas onde sexamos convocados, e a todas as mesas iremos coas propostas que se poidan plantexar desde o Goberno, desde os grupos parlamentarios e desde o Comité de Empresa para, sinxelamente, reivindicar a reclamación xusta dos traballadores e traballadoras de Alcoa, que non é outra que garantir a continuidade dos seus postos de traballo. Aí é onde estamos convocados.

É certo que a empresa debe de levantar ese expediente de regulación de emprego, é certo —e é bo reiteralo— que o Goberno debe de ofrecer solucións que aporten unha saída e unha viabilidade no curto prazo, pero a Xunta de Galicia seguirá estando cos traballadores e seguirá recollendo todas as súas reivindicacións porque esas reivindicacións hoxe son nosas. E seguiremos estando tamén co Goberno; estaremos co Goberno de España traballando conxuntamente para atopar esa solución.

É certo que ese plantexamento ten que ter ese realismo. Nese realismo é onde a empresa e o Goberno teñen que dar solucións, e tamén —como xa reflectín na intervención— a propia Xunta de Galicia estará trasladando as propostas e os compromisos que en cada momento sexan necesarios.

En definitiva, o que urxe nestes momentos é dar unha resposta a todos os esforzos para garantir a viabilidade de Alcoa e, polo tanto, garantir a viabilidade da nosa industria, da industria galega e da industria de España, porque o desenvolvemento económico está vinculado directamente coa fixación do tecido industrial.

Eu estou convencido —e con isto remato— de que o compromiso unánime de todos, que hoxe trasladamos nas diferentes intervencións e no debate parlamentario, vai permitir que haxa unha solución dunha forma moito máis factible e que, polo tanto, entre todos poidamos responder ás expectativas que teñen nestes momentos os trescentos sesenta traballadores da planta de Alcoa na Coruña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Ben, pois ánimo e sorte.

Remata aquí o pleno, non hai máis puntos.

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25